

# Achega fraseolóxica para un dicionario bilingüe galego-catalán / catalán-galego

*Phraseological approach to a bilingual Galician-Catalan / Catalan-Galician dictionary*

Silverio Cerradelo

Esteve Valls

Universitat de Barcelona

Resumo: O obxecto inicial deste artigo é fornecer unhas primeiras correspondencias fraseolóxicas entre as linguas galega e catalá, que poderían ser aproveitadas para a redacción dun futuro dicionario bilingüe galego-catalán, catalán-galego. O corpus fraseolóxico inclúe máis de cincocentas unidades organizadas ao redor duns trescentos lemas. Alén disto, revisanse criterios fraseográficos usados en diversas referencias bibliográficas e empréganse para este artigo os que se consideran máis apropiados coa incorporación de pequenas modificacións. O presente corpus bilingüe pode ter interese para o ensino e a aprendizaxe das linguas galega e catalá, para os traballos de tradución e para os estudos fraseolóxicos e culturais. O artigo en conxunto quere contribuír ao diálogo lingüístico e cultural entre os ámbitos galego e catalán.

Palabras clave: galego-catalán, catalán-galego, fraseoloxía comparada, fraseografía bilingüe, dicionario bilingüe.

*Abstract: The initial aim of this paper is to provide some first phraseological correspondences between Galician and Catalan languages that may be used to elaborate a future bilingual Galician-Catalan / Catalan-Galician dictionary. The phraseological corpus includes more than five hundred units organized around some three hundred headwords. Besides, phraseographic criteria used in several bibliographical references have been reviewed, and those considered more appropriate have been used in this paper with some small changes. The present bilingual corpus may be of interest for both teaching and learning Galician and Catalan languages, for translation work as well as for phraseological and cultural studies. The paper as a whole intends to contribute to the linguistic and cultural dialogue between the Galician and Catalan areas.*

*Keywords: Galician-Catalan, Catalan-Galician, comparative phraseology, bilingual phraseography, bilingual dictionary.*

---

Data de recepción 30.4.2013. Data de aceptación 2.9.2013.

## 1. Introducción

Malia as linguas galega e catalá levaren máis de tres décadas con senllos procesos de normalización en andamento, téñense levado a cabo moi poucas iniciativas que favorezan o desenvolvemento conxunto destes procesos nos dous ámbitos lingüísticos e culturais. Quizais un dos máis salientables da última década sexa o chamado Proxecto Galauda, un proxecto educativo intercultural que, como se di na súa páxina web, aséntase en dous piares principais: “fomentar nos adolescentes o respecto cara ás linguas e as culturas”, a partir do coñecemento e a valorización da lingua propia do seu espazo cultural, e “defender a diversidade lingüística e cultural, de xeito que os estudantes de secundaria perciban esta diversidade como un ben imprescindible na formación dunha sociedade cohesionada e flexible a un tempo”. O devandito proxecto concrétese no ensino da lingua e a cultura galegas en varios centros de secundaria de Cataluña e no ensino da lingua e a cultura catalás en centros de secundaria de Galicia, e ten feito un louvable traballo a prol do respecto á diversidade lingüística en varias xeracións de adolescentes galegos e cataláns dende a súa posta en andamento no curso 1999-2000<sup>1</sup>.

Experiencias coma a do Proxecto Galauda teñen evidenciado a necesidade de elaborarmos unha ferramenta que facilite o contacto e contribúa ao diálogo entre os ámbitos lingüísticos e culturais galego e catalán. Con este obxectivo, un grupo de lingüistas vencellados ao proxecto fomos deseñando nos últimos anos cómo debería ser un bo dicionario bilingüe galego-catalán / catalán-galego; un dicionario que, elaborado dende o rigor e a exhaustividade, viñese a encher un baleiro que impediu, ata o de agora, un diálogo bilateral sen termos de pasar sistematicamente polo filtro dunha terceira lingua.

Nesta liña, o presente artigo quere ser un primeiro intento de sistematización de datos fraseolóxicos establecendo correspondencias entre as linguas galega e catalá e fornecer un pequeno corpus (pouco máis de quiñentas unidades organizadas ao redor duns trescentos lemas) que puiden ser aproveitado máis adiante durante a hipotética confección do devandito dicionario bilingüe. A escolla dunha achega fraseolóxica como primeiro chanzo deste dicionario non é ao chou: nas linguas ibéricas, á diferenza do que ocorreu, por exemplo, no ámbito lingüístico eslavo, o interese polas unidades fraseolóxicas (UUFF) nos procesos de redacción de obras lexicográficas foi sempre un aspecto menor.

Un dos principais obxectivos deste artigo é, precisamente, achegar un corpus fraseolóxico que supere as deficiencias teóricas e metodolóxicas que varios autores (véxase Conca 1998: 139) detectaron por exemplo nas obras lexicográficas (monolingües e bilingües) e fraseográficas catalás no que atinxe ao tratamento das UUFF. A pesar da recompilación que na tradición lexicográfica catalá se ten feito dos recursos fraseolóxicos (comezándonos por Alcover e Moll, 1926-1962; e citándonos a Fabra, 1932; Balbastre, 1977; Perramon, 1977; Raspall e Martí, 1984; Abril, 1996;

<sup>1</sup> Pódese atopar máis información sobre este proxecto, dirixido por Sabela Labraña, profesora de Estudos Galegos da Universitat de Barcelona, no enderezo <http://phobos.xtec.cat/galauda/index.php>.

Torras, 1998; Espinal, 2004; ou entidades como o Institut d'Estudis Catalans, 1995 e 2009; ou Enciclopèdia Catalana, entre outros), un autor de prestixio tan recoñecido como Morvay no eido dos estudos fraseolóxicos manifestaba que “sorpren que les obres lexicográficas catalanes, molt especialment els dictionaris monolingües, dediquin tan escassa atenció a aquesta problemàtica, i que els bilingües ho facin de manera tan poc sistematizada” (Morvay 1995: 212).

De modo similar, na lingua galega poderíanse apuntar as mesmas deficiencias verbo das obras lexicográficas, tanto monolingües como bilingües, apuntadas para a fraseoloxía catalá. A pesar de que nos últimos quince anos se comezou a dispor en galego de moitos máis e máis completos recursos fraseolóxicos, quer en publicacións específicas (López e Soto, 1995; Colectivo Manual Leiras Pulpeiro, 2000; Conde, 2001; Rivas, 2005; López, 2008; ou Pena, 2001 e 2011, entre outros), quer a través de achegas nos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (Soto, 2003; Ferro, 2006 e 2007; Penín, 2008; ou Groba, 2010, entre outros) que superan en conxunto a recompliación feita na tradición lexicográfica anterior toda (Vázquez, 2003; Rodríguez, 1958-1961; Otero, 1977; ou Santamarina, 2006-2012, entre outros), a atención que se lle continúa dedicando á fraseoloxía nos dicionarios galegos é pouca para a necesidade que desta teñen as persoas usuarias da lingua. Pero alén diso, na opinión dos autores deste artigo, no caso da lingua galega é preciso profundar na identificación daquelas unidades fraseolóxicas que deberían ser consideradas castelanismos (sería o caso, por exemplo, de *\*ir tirando* fronte a *ir indo*).

## 2. Criterios fraseográficos

No exercicio de fraseoloxía comparada que se expón nas seguintes páxinas optamos por unha clasificación das UUFF de tipo definitorio, non conceptual (Morvay 2004b: 175), posto que se trata dun traballo pensado para ser incorporado nun futuro dicionario bilingüe. Ademais, coa intención de contribuírmos á consolidación dunha metafraseografía peninsular (Morvay 2004a: 161), empregamos exclusivamente os termos *fraseoloxía*, *fraseografía*, *metafraseografía* e *unidade fraseolóxica* (coas variantes *fraseoloxismo* ou *frasema*) para nos referir a conceptos tradicionalmente designados con denominacións menos acoutadas (a saber: “refrán”, “frase feita”, “modismo”, “dito”, etc.) e ás disciplinas que os estudan e que os incorporan nos dicionarios<sup>2</sup>. A nosa consideración do que é unha UF parte das definicións de Conca (1998: 148), de Corpas e Morvay (2002: 171) e de Torrent-Lenzen (2009: 231).

<sup>2</sup> Morvay vén insistindo nos últimos anos na necesidade de renovar, definir e unificar a terminoloxía asociada aos estudos lexicográficos. A el se lle debe a distinción recente entre *fraseografía* e *metafraseografía* que adoptamos no presente traballo: “a *fraseografía* (ou *lexicografía fraseolóxica*) é unha disciplina lingüística que se dedica a elaborar e aplica-los principios de tratamento das unidades fraseolóxicas. A *fraseografía práctica* dedícase a recoller e rexistra-lo conxunto (ou unha parte) dos fraseoloxismos dunha lingua (ou varias linguas), dun sector dunha lingua, dunha clase social ou dun individuo, moi especialmente dun autor e da súa obra. Utilizarei aquí o termo *metafraseografía* (*fraseografía teórica*) nun sentido similar ó que G. Haensch atribúe á palabra *metalexicografía* dicindo que hoxe en día se distinguen xa claramente a *lexicografía práctica*, isto é, a elaboración de dicionarios, da *lexicografía teórica*, tamén chamada *metalexicografía* (Haensch 1997: 30)” (Morvay 2004b: 170).

Para a consideración do que é unha unidade fraseolóxica, seguimos a Conca (1998: 148), segundo a cal unha UF é unha “combinación estable de dúas ou máis palabras que conforman unha estrutura fixada, asociada ó contexto comunicativo e caracterizada por unha serie de trazos dos que os máis importantes son a repetición, a fixación, a idiomaticidade e a anomalía”, e concordamos con ela en que as paremias ou proverbios, obxecto de estudo da paremioloxía (“unha subdisciplina da *fraseoloxía*”), son unha subclase de UF, “unidades fixadas que teñen categoría de textos”. Pola súa parte, Torrent-Lenzen (2009: 231), falando do que ela denomina *locucións*, achega para a definición da UF un punto de vista funcional, isto é, relacionado coa función que desenvolven os frasesmas no contexto en que se atopan. Segundo ela, a partir das definicións de Seco et al. (2004, XII), Ruiz (1997: 74 e 99) e Wotjak (1998: 307), “unha locución é unha agrupación máis ou menos fixa de palabras que asume unha función gramatical determinada (nominal, adxectiva, verbal, etc.), ben na oración ben no texto, e que ten un significado que non pode deducirse necesariamente dos significados dos seus compoñentes”. Finalmente, Corpas e Morvay (2002) reafirman unha vez máis que, en contra do que se consideraba ata hai ben pouco, as UUFF non son fixas, senón “estables”, como dicía Conca (1998), ou “máis ou menos fixas”, en palabras de Torrent-Lenzen (2009): para Corpas e Morvay (2002), grazas á lingüística de corpus foi posible determinar que “las manipulaciones, modificaciones y acortamientos que presentan las UUFF con respecto a sus respectivas formas canónicas cuando se insertan en un texto, lejos de constituir usos excepcionales, representan la forma típica en la que dichas unidades se utilizan en el discurso” (Corpas e Morvay 2002: 171). A seguir presentamos a definición de UF que se ten en conta no presente traballo:

“Unha *unidade fraseolóxica* é unha combinación de palabras que conforman unha estrutura estable e lexicalizada pero flexible, con contido semántico e uso asociados ao contexto comunicativo e caracterizada (en contraste con outras estruturas da lingua) por trazos como a repetición, a fixación, a idiomaticidade e a anomalía. Dende o punto de vista funcional, as UUFF caracterízanse por asumiren unha función gramatical determinada (nominal, adxectiva, verbal, etc.), ora na oración ora no texto, e teñen un significado que non pode deducirse necesariamente dos significados dos seus compoñentes<sup>3</sup>. Finalmente, son unidades altamente rendibles, xa que as desviacións respecto das súas formas canónicas constitúen a forma típica en que as UUFF se utilizan no discurso”.

O modelo de referencia para o tratamento das UUFF neste artigo é, con algunhas variacións, o *Diccionari Català-Hongarès* (1990) de Enciclopèdia Catalana (EC). A escolla deste dicionario baséase nos resultados presentados en Conca (1998). Despois de comparar o tratamento fraseolóxico seguido polos principais dicionarios monolingües e bilingües cataláns, así como algúns dicionarios fraseográficos<sup>4</sup>, e de identificar as

<sup>3</sup> Excepcionalmente inserimos algunha perífrase verbal, que non cumpre todas estas condicións, pero a razón é que o equivalente na outra lingua si que é fraseolóxico (*non dar feito ~ no donar* [u.p.] *l'abast; non dar chegado ~ fer* [u.p.] *salat*). Véxase o lema *dar*.

<sup>4</sup> As obras analizadas por Conca (1998) son as seguintes: a) dicionarios xerais: *Diccionari General de la Llengua Catalana* (DGLC) de Pompeu Fabra (1932), concretamente a quinta edición, revisada e ampliada

deficiencias teóricas e metodolóxicas que conteñen, a autora chega á conclusión de que o *Diccionari Català-Hongarès* é a obra lexicográfica na que as UUFF reciben un trato máis rigoroso e sistemático. De feito, á diferenza do resto de obras analizadas, a autora afirma que “a sistematización fraseolóxica, neste dicionario, parécese excelente” (Conca 1998: 154). Así pois, seguíndomos os criterios aplicados no *Diccionari Català-Hongarès*, e introducindo algunhas variacións basicamente provenientes do *Diccionario Fraseolóxico del Español Moderno* (v. Varela e Kubarth 1994) e do *Diccionario español-alemán de unidades fraseológicas idiomáticas del español de España de Colonia / Hamburgo* (v. Torrent-Lenzen 2007, 2008c e 2010), escollemos os criterios que tivemos en conta para o tratamento fraseográfico das UUFF no presente traballo.

Para analizar os criterios empregados para o tratamento das UUFF que a seguir presentamos, convén ter en conta que este traballo se insire nun proxecto máis amplo de confección dun dicionario bilingüe. Como consecuencia, decidimos non incluír algunhas informacións que por outro lado serían imprescindibles nunha obra fraseográfica monolingüe, como por exemplo a definición precisa do significado de cada UF ao lado da súa forma completa. Neste artigo, aínda que proporcionamos precisións semánticas cando as UUFF presentan un significado ambiguo ou espurio, os focos de interese son a procura da equivalencia fraseolóxica na lingua de chegada (isto é, da UF máis semellante á da lingua de partida) e a procura de exemplos de uso real nas dúas linguas que lles poidan ser útiles ás persoas usuarias destes materiais. Os criterios fraseográficos empregados preséntanse en cinco bloques: 1) criterios referentes á inserción e á ordenación das UUFF (2.1); 2) criterios referentes ao uso dos recursos tipográficos e signos de puntuación entre UUFF (2.2); 3) criterios referentes á definición da forma lexicográfica (2.3); 4) criterios referentes á nomenclatura que acompaña as UUFF (2.4); 5) criterios para o establecemento das correspondencias entre as dúas linguas (2.5); e 6) criterios para a selección de exemplos de uso das UUFF nas linguas de partida e de chegada (2.6).

## 2.1. Criterios de inserción e ordenación das UUFF

Os criterios que rexen a inserción e ordenación das UUFF son basicamente dous:

- a) As UUFF aparecen sempre despois dun lema, que é o elemento nuclear de cada frase (xeralmente, o primeiro nome ou verbo). Estes lemas (como adoitan organizarse os dicionarios definatorios) seguen unha sucesión alfabética en función da súa letra inicial.

---

por J. Miracle en 1968; *Diccionari de la Llengua Catalana* de Enciclopèdia Catalana (DLC-EC) (1982); e *Diccionari de la Llengua Catalana* do Institut d'Estudis Catalans (DLC-IEC) (1995); b) dicionarios bilingües (todos de Enciclopèdia Catalana): *Diccionari Castellà-Català* (1985), *Diccionari Català-Castellà* (1987), *Diccionari Anglès-Català* (1983), *Diccionari Català-Anglès* (1986) *Diccionari Portuguès-Català* (1985), *Diccionari Català-Portuguès* (1989), *Diccionari Català-Hongarès* (1990) e *Diccionari Hongarès-Català* (1996); e c) dicionarios fraseolóxicos: *Diccionari de Locucions i de Frases Fetes* (DLFF) de Joan Martí i Joana Raspall (1984), *Diccionari Temàtic de Modismes* (DTM) de Susana Rodríguez-Vida (1997) e máis o *Diccionari de Frases Fetes Català-Castellà, Castellà-Català* de Joan Abril (1996).

b) Dentro de cada entrada, a ordenación das UUFF leva a seguinte orde: colocacións, fórmulas, locucións adxectivas, locucións adverbiais, locucións verbais e paremias ou proverbios.

## 2.2. Criterios de uso dos recursos tipográficos e signos de puntuación entre UUFF

Os criterios referentes ao uso dos recursos tipográficos e signos de puntuación son dous:

a) Cando unha entrada contén máis dunha UF ou ben unha UF ten máis dun significado, as acepcións sepáranse cunha barra vertical (|). Na entrada correspondente ao lema *carallo*, por exemplo, a l.adv. *de carallo* presenta dúas acepcións.

b) As UUFF que manteñen unha relación de sinonimia preséntanse separadas por unha barra diagonal (/). Na entrada correspondente ao lema *carallo*, por exemplo, proporciónanse dúas UUFF catalás sinónimas para a l.adv. galega de *carallo*. Cómpre sinalar que, a pesar de incluímos variantes dalgúns UUFF, o obxectivo deste traballo non é profundar no estudo das relacións de sinonimia entre UUFF, como se fai, por exemplo, no *Diccionari de sinònims de frases fetes* (DSFF) de Espinal (2004).

### CARALLO

- **de carallo** 1 (*moi ben*). *l.adv.*: de collons / de conya. *Faino de carallo*. Ho fa de collons / de conya. | 2 (*moito*): de collons. *Fai sol de carallo*. Fa un sol de collons.

## 2.3. Criterios sobre a forma lexicográfica

Os criterios referentes á definición da forma lexicográfica son basicamente catro:

a) Respéctase por defecto a forma non marcada (ou canónica) das UUFF nas dúas linguas, isto é, a forma co verbo en infinitivo. Obviamente, desmárcanse deste criterio aquelas UUFF sen verbo (as locucións adxectivas e adverbiais que se inclúen neste traballo) así como algunhas colocacións e as fórmulas e paremias, caracterizadas precisamente por presentaren unha estrutura moi estable co(s) verbo(s) conxugado(s) nun modo, tempo e persoa determinados:

### FER

- **Tant** [u.p. /u.c.] **me** (o et, etc.) **fa**. *fórm.*: tanto [u.p. /u.c.] me (*ou che*, etc.) ten / dá. *A tu tant te fa una cosa com l'altra, oi?* A ti tanto che ten unha cousa como a outra, non é?

### IR

- **ir** [u.p.] **indo**. *l.v.*: anar [u.p.] fent. *–E a túa mai? –Pois vai indo. –I la teva mare? –Doncs va fent.*

b) Seguimos as recomendacións de Wotjak (1998: 313 e 319) no que fai referencia á diferenciación entre compoñentes internos e externos das UUFF. Segundo este autor, os compoñentes internos son (tal como recolle Torrent-Lenzen 2009: 232) “os elementos constitutivos da locución propiamente dita”, é dicir, aqueles elementos, flexivos ou non, imprescindibles para podermos identificar unha UF como tal. Polo contrario, os compoñentes externos son aqueles que acompañan a UF e constitúen os seus argumentos de non seren estes compoñentes internos. Por exemplo, *dar*, *a* e *lata* son os compoñentes internos da locución ***darlle unha persoa a lata a alguén***, mentres que *unha persoa* e *lle / a alguén* son os compoñentes externos desta mesma locución, ou *o veciño* e *lle / a miña irmá* no exemplo concreto: *o veciño **deulle a lata a miña irmá***. Como se pode observar, neste caso os tres compoñentes internos (*dar*, *a* e *lata*) son flexivos e insubstituíbles, en tanto que os compoñentes externos, variables, poden ser ocupados por moitas palabras diferentes: *Maruxa dálle a lata á policía*.

c) Achegamos, no caso das locucións verbais, todos os elementos da estrutura argumental (basicamente suxeitos, obxectos directos e indirectos e réximes verbais) que puideren ser de utilidade para unha mellor comprensión da UF por parte das persoas usuarias. Continuando co exemplo anterior, *alguén* e *unha persoa* inclúense por precisar o verbo *dar* nesta acepción dun suxeito animado (que *dea*) e dun obxecto indirecto (a quen *lle dar a lata*). Torrent-Lenzen (2009: 233) salienta a necesidade de fornecer todos os argumentos dunha locución verbal aínda que non sexan compoñentes internos:

*Parécenos detectar unha certa reticencia por parte dos fraseógrafos españois a presentar de maneira sistemática os compoñentes externos das locucións verbais e/ou a presentalos como parte integrante do lema verbal. Desde o punto de vista da fraseografía bilingüe, a renuncia a indicar os argumentos parécenos completamente inaceptable, posto que é unha información que o usuario –por regra xeral, falante nativo doutra lingua que non é o español– non posúe, polo que pode desorientalo á hora de identificar unha locución nun texto en español e confundilo á hora de producir textos na devandita lingua. Polo demais, segundo o noso ver, a gran maioría das locucións verbais apenas se entenden desprovistas dos argumentos: tal é o caso de **hacer con los pies** (no canto de *hacer algo con los pies*), de **no querer nada** (no canto de *no querer nada con alguien*) ou de **dejar tamaño** (no canto de *dejar tamaño a alguien [ou a algo]*).*

Así pois, seguindo as observacións anteriores, neste traballo indícanse todos os elementos da estrutura argumental das locucións verbais, diferenciando con distintos tipos de letra (negra fronte a non negra) os compoñentes internos e os externos. A lematización que propoñemos tamén permite identificar os elementos que poden actuar como suxeitos daqueles que poden actuar como obxectos (directos ou indirectos)., Tal como se fai no *Diccionario Fraseológico del Español Moderno* (DFEM) (v. ao respecto Morvay 2004b: 178), os primeiros indícanse coas abreviacións u.p. (*unha persoa / una persona*) e u.c. (*unha cousa / una cosa*), en tanto que os segundos aparecen indicados

coas palabras *algo / alguna cosa e (a) alguén / (a) algú*, segundo corresponder. Excepcionalmente aparecen indicacións máis restritivas, como por exemplo *u.l./ u.ll. (un lugar / un lloc)* ou *d.p. (dúas persoas / dues persones)*. A escolla das formas *u.p.* e *u.c.* para a función de suxeito obriga a que, se estiveren estas formas complementadas por un adxectivo, este teña que se flexionar en feminino singular para respectar as normas de concordancia do catalán e do galego. Novamente esta é unha decisión baseada nos criterios de Torrent-Lenzen (2009: 238). Ademais, a lematización que propoñemos tamén permite identificar nunha primeira olladela ós elementos que poden actuar como suxeitos, xa que estes aparecen entre corchetes, o que permite captar moi rapidamente a estrutura argumental do fraseoloxismo.

## MÀ

- **donar** [u.p.] **un cop de mà a algú**. *l.v.*: botar / dar [u.p.] unha man a alguén. *Em va demanar que li donés un cop de mà amb el trasllat i el vaig anar a ajudar amb la furgoneta*. Pedíume que lle botase unha man coa mudanza e funo axudar coa furgoneta.

Nas UUFF que manteñen entre elas unha relación de sinonimia e que están separadas por barras diagonais, os argumentos só se indican na primeira das UUFF.

## 2. 4. Criterios sobre a nomenclatura e marcas adicionais

Os criterios referentes á nomenclatura e ás marcas adicionais que permiten precisar o abasto semántico e pragmático das UUFF son:

- a) A natureza das UUFF indícase mediante as seguintes marcas (en cursiva e precedendo o lema): *col.* para ‘colocación / col·locació’, *l.adx.* e *l.adj.* para ‘locución adxectiva / locució adjectiva’, *l.adv.* para ‘locución adverbial / locució adverbial’, *l.v.* para ‘locución verbal / locució verbal’, *fórm.* para ‘fórmula / fórmula’ e *prov.* para ‘proverbio / proverbi’.
- b) Se algunhas UUFF ambiguas ou espurias precisaren dalgún tipo de precisión semántica que contribúa a esclarecer o seu significado, esta proporciónase entre parénteses despois do lema e, se as houber, das correspondentes marcas cronolóxicas ou estilísticas.
- c) As marcas cronolóxicas, estilísticas e dialectais aparecen entre parénteses entre o lema e, se a houber, a precisión semántica: (*ant.*) ‘en recesión’, (*vulg.*) ‘vulgar’, (*val.*) ‘valenciano’.
- d) A abreviatura *fig.* só se usa no caso que sexa necesario diferenciar o sentido figurado (o fraseoloxizado) do sentido propio.

## BUTXACA

- **tenir** [u.p.] **la butxaca foradada**. *l.v. fig.*: ser [u.p.] un acabador / gastar [u.p.] cartos como (*ou coma*) sarabia. *Son germà té la butxaca foradada: diners que li*



*deixa, diners que es gasta.* Seu irmán é un acabador: diñeiro que lle empresta, diñeiro que gasta.

## 2.5. Criterios para o establecemento das correspondencias entre as dúas linguas

Ás veces non é doado establecer a correspondencia fraseolóxica entre unha e outra lingua. Convén termos presentes os criterios que guiaron a escolla das solucións para a lingua de chegada, na procura da equivalencia entre a lingua galega e a lingua catalá:

a) No caso das colocacións, fórmulas e locucións, preséntase sempre un único fraseoloxismo na lingua de partida (ou variacións deste), para o que se tenta dar un ou varios fraseoloxismos semanticamente e pragmaticamente equivalentes na lingua de chegada. Con preferencia, procúrase para a lingua de chegada:

1º Solucións en que a correspondencia exista formalmente, tanto na construción sintáctica como no léxico empregado nas dúas linguas:

● **caer** [u.p.] **co sono / de sono.** *l.v.:* caure [u.p.] de son. *É mellor que a poñamos no berce, está caendo co sono.* És millor que la posem al bressol, que cau de son.

2º Se isto non é posible, dáse preferencia a que a construción sintáctica sexa a mesma e que as unidades léxicas presentes, aínda que non coincidan, pertencen ao mesmo campo semántico (no exemplo, froitos e hortalizas):

● **importar** [u.c.] **unha landra a alguén.** *l.v.:* importar [u.c.] un rave a algú. *Impórtacheme unha landra, que me botes de menos: pensáralo antes.* M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.

3º Se tampouco é posible, téntase que polo menos os fraseoloxismos conserven a mesma construción sintáctica nunha e noutra lingua, aínda que as unidades léxicas pertencen xa a outros campos semánticos:

● **estar** [u.p.] **entre a bigornia e o martelo.** *l.v.:* estar [u.p.] entre l'espasa i la paret. *As declaracións da directora xeral puxeron o ministro entre a bigornia e o martelo.* Les declaracions de la directora general han posat el ministre entre l'espasa i la paret.

4º Se tampouco é posible, téntase que polo menos os fraseoloxismos conserven a mesma categoría (fórmula, locución verbal, etc.) aínda que as construcións sintácticas sexan diferentes e que as unidades léxicas pertencen a campos semánticos diferentes.

● **ser** [u.p.] **unha agra aberta** (*ser un boca rachada*). *l.v.:* no saber aguantar-se [u.p.] un pet. *Carballo, neno, é que es unha agra aberta!* Cullera, nen, és que no et saps aguantar un pet!

5º Por último, se todo o anterior non é posible, téntase achar para a lingua de chegada un ou varios fraseoloxismos equivalentes aínda que pertencen a categorías

diferentes (se é preciso, especificase con que acepcións ou usos se establece a correspondencia). Así, por exemplo, podemos achar bastante boa equivalencia nalgúns contextos entre a locución verbal galega **chégalle ben** e a fórmula catalá **Déu n'hi do**. Neste caso, continuamos tendo correspondencia entre fraseoloxismos das dúas linguas, aínda que sexan de natureza diferente e só se dea en relación con significado “ser suficiente” ou “ser máis que suficiente”. Para outros contextos, procúrase a correspondencia con outros fraseoloxismos engadindo un novo punto (a modo de nova acepción) e especificando entre parénteses os novos contidos semánticos. Neste caso cando **Déu n'hi do** é empregado para “ponderar algo ou alguén”, dáse para o galego a l.v. *ser* [u.p./u.c.] *moito / moitiño*:

- **Déu n'hi do / Déu n'hi doret.** *fórm.:* 1 (*més que suficiente*): l.v. chegarlle ben [u.c.] a algo ou a alguén. –*N'hi ha gaires? –Déu n'hi do, vuit banderes.* –Hai moitas? –*Chégalle ben, oito bandeiras. Déu n'hi do, aquest semàfor.* Chégalle ben, a este semáforo (*referíndose ao tempo que tarda en mudar da luz vermella para a verde*). | 2 (*ponderació d'algú o d'alguna cosa*): l.v. *ser* [u.p./u.c.] *moito / moitiño. Déu n'hi do, París.* É moito, París. *Déu n'hi do com parlava.* É moito como falaba.

b) Algunha vez atopamos para a lingua de chegada tamén algunha(s) forma(s) non-fraseolóxica(s) para expresar caracteristicamente ese mesmo contido semántico nesa lingua. Téndomos novamente en conta que o presente traballo está elaborado para a confección dun futuro dicionario bilingüe, incluímos tamén esta(s) solución(s), no caso en que só esa(s) forma(s) non-fraseolóxica(s) expresa ese contido nesa lingua, ou cando esa forma non-fraseolóxica é empregada con moita máis frecuencia ca un posible fraseoloxismo equivalente. Así, por exemplo:

- **vir** [u.c.] **abaixo.** l.v.: caure [u.c.] a terra / ensorrar-se / esfondrar-se. *Co terremoto, veu a casa abaixo.* Amb el terratrèmol, la casa es va ensorrar.
- **fer-se fotre** [u.p.]. l.v.: amolarse. *Doncs si no hi estàs d'acord, t'hauràs de fer fotre.* Pois se non estàs de acordo, vas ter que te amolar.

c) No caso dos refráns ou proverbios, pode dar a impresión de que existe unha correspondencia grande entre a lingua galega e catalá porque os casos que se fornecen son sempre bastante similares formal e semanticamente na lingua de saída e na de chegada. Esta impresión está motivada porque escollemos expresamente aquelas paremias en que se atopa esa semellanza. É o caso, por exemplo, de **chove e vai sol, están a peitearse as bruxas** e **plou i fa sol, les bruixes es pentinen**, escollido por causa da semellanza semántica e mesmo formal entre as dúas linguas.

d) No entanto, a correspondencia entre os casos de refráns ou proverbios non sempre é tan grande coma no exemplo que se achega na alínea c). Para os refráns e proverbios, neste traballo o límite da correspondencia pode estar representado polas paremias **sombra de lateiro, fungo da muña no abeiro** e **pinetells i rovellons s'amaguen pels racons**. No caso da lingua galega, faise referencia só a unha

especie de cogumelo, o **fungo da muña** (*Lactarius deliciosus*), e no caso da lingua catalá faise referencia a dúas especies, o **pinetell** (*Lactarius deliciosus*) e o **rovelló** (*Lactarius sanguifluus*); porén, valoramos a correspondencia entre as linguas como alta e incluímos estas paremias polo feito de que unha das especies á que se fai referencia é a mesma e porque nas dúas paremias danse indicacións sobre os lugares en que os cogumeleiros as poden encontrar. Tomando este grao de correspondencia como a mínima posible para seren incluídas no presente traballo, outras paremias que presentan menor similitude semántica entre o galego e o catalán xa foron desbotadas de saída.

## 2. 6. Criterios para a selección de exemplos de uso

A maioría dos exemplos de uso foron elaborados polos autores especificamente para a confección deste artigo. Con todo, tamén optamos por incluír varios exemplos provenientes doutras dúas fontes: a) obras literarias contemporáneas (véxase o exemplo correspondente á UF **á vaiche boa**, tirado do primeiro capítulo d'*El quadern gris* de Josep Pla); e b) directamente de fontes orais, nomeadamente persoas galegas e catalás de avanzada idade.

### BO, BOA

- **á vaiche boa**. *l.adv.*: a la bona de Déu. *Vou ir escribindo —xusto para pasar o tempo, á vaiche boa— o que se me vaia presentando*. *Hi aniré escrivint —just per passar l'estona, a la bona de Déu— el que se m'anirà presentant*.

### 3. Achega para un corpus fraseolóxico galego-catalán

#### ABAIXO

- **botar / deitar** [u.p.] algo **abaixo**. *l.v.*: fer caure [u.p.] alguna cosa. *Loitaron moitos anos para deitar abaixo o goberno, pero ao final conseguírono. Van lluitar moitos anys per fer caure el govern, però a la fi se'n van sortir.*
- **vir** [u.c.] **abaixo**. *l.v.*: caure [u.c.] a terra / ensorrar-se / esfondrar-se. *Co terremoto, veu a casa abaixo. Amb el terratrèmol, la casa es va ensorrar.*

#### ABARCAR

- **Quen moito abarca pouco aperta / quen moito abarca pouco preme**. *prov.*: Qui molt abraça i poc estreny, és senyal de poc seny / Qui molt abraça poc estreny.

#### ABRIL

- **En abril, augas mil / En abril, augas mil coadiñas por un mandil**. *prov.*: A l'abril, aigües mil / A l'abril, gotes mil.
- **En abril, cada pinga vale por mil**. *prov.*: A l'abril, cada gota val per mil.
- **Entre marzo e abril, se non quer vir o cuco, quer vir a fin / polo dez de abril, cuco morto ou non quer vir**. *prov.*: Si a tres d'abril el cucut no canta, digueu que és mort o és pres a França / Si a tres d'abril, el cucut no fa piu-piu, o és pres o no és viu, o bé sent mal estiu.

#### ABRIR

- **abrir** [u.p.] **a boca**. *l.v.*: obrir [u.p.] la boca. *Soamente abriu a boca para lles dicir que eran unhas sambesugas miserables. Només va obrir la boca per dir-los que eren unes sangoneres miserables.*

- **non abrir** [u.p.] **a boca**. *l.v.*: no badar [u.p.] boca. *Non abriu a boca en toda a mañá. No ha badat boca en tot el matí.*

#### ABUNDANCIA

- **en abundancia**. *l.adv.*: en abundància. *Ben se ve que naquela casa teñen cartos en abundancia. Prou que es veu que en aquela casa tenen diners en abundancia.*

#### ABURRIRSE

- **aburrirse** [u.p.] **como** (ou **coma**) **un can / como unha pataca**. *l.v.*: avorrirse / ensopir-se [u.p.] com un lluç. *Cando non hai festas, abúrrome como un can. Quan no hi ha festes, m'avorreixo com un lluç.*

#### ACABADOR, -A

- **ser** [u.p.] **un acabador**. *l.v.*: *fig.* tenir [u.p.] la butxaca foradada / la mà foradada. *Seu irmán é un acabador: diñeiro que lle empresta, diñeiro que gasta. Son germà té la butxaca foradada: diners que li deixa, diners que es gasta.*

#### ACERTAR

- **non acertar** [u.p.] **unha**. *l.v.*: no ensopegar-ne [u.p.] ni una / no tocar [u.p.] pilota. *Mira que había probas fáciles, e mais non acertou unha. Mira que hi havia proves fàcils, i tot i així no en va ensopegar ni una.*

#### ACORDO

- **non estar** [u.p.] **no seu acordo**. *l.v.*: no ésser-hi (o ser-hi) [u.p.] tota / del tot / no tocar-hi [u.p.] / no tocar [u.p.] (ni) quarts ni hores. *Se te chama a horas intempestivas non lle fagas*

*caso ningún, que non está no seu acordo, coitadiño.* Si et truca a hores intempestives no en facis cabal, que no hi és tot, el pobrissó.

- **O que non ten acordo ten que ter pés.** *prov.: Qui no té cap ha de tenir cames / necessita braços.*

#### ACUSAR

- **acusar** [u.p.] **as corenta** a alguén. *l.v.:* cantar [u.p.] les quaranta a algú. *Cando o vexa heille acusar as corenta.* Quan el vegi li cantaré les quaranta.

#### AFUMADO, -A

- **ir / andar** [u.p.] **afumada.** *l.v.:* anar [u.p.] pet. *Con dúas birras xa vai afumado.* Amb dues birres ja va pet.

#### AGACHADAS

- **ás agachadas** de alguén. *l.adv.:* d'amagat d'algú / d'amagatotis. *Faciano todo ás agachadas por medo a que os pillasen.* Ho feien tot d'amagatotis per por que els enxampessin.

#### AGACHO

- **ao agacho** de alguén. *l.adv.:* d'amagat d'algú / d'amagatotis. *Vianse ao agacho dos pais.* Es veien d'amagat dels pares.

#### AGARRADA

- **ter** [u.p.] **unha agarrada** con alguén. *l.v.:* tenir [u.p.] raons / una enganxada / una agafada amb algú. *Tivemos unha agarrada cos veciños de riba porque pola noite sempre puñan a música alta de máis.* Vam tenir raons amb els veíns de dalt perquè sempre posaven la música massa forta a la nit.

#### AGOSTO

- **Agosto e vendima non son cada día.** *prov.:* Agost i veremar, cada dia no es fa.
- **As tardes de agosto corren como (ou coma) un lóstrego.** *prov.:* Agost, a les set ja és fosc / Per la Mare de Déu d'Agost, a les set ja és fosc.

- **En agosto, viño mosto.** *prov.:* Per l'agost, figues i most.

#### AGRA

- **ser** [u.p.] **unha agra aberta** (*ser un boca rachada*). *l.v.:* no saber aguantar-se [u.p.] un pet. *Carballo, neno, é que es unha agra aberta!* Cullera, nen, és que no et saps aguantar un pet!

#### AÍNDA

- **Aínda ben! / Pois aínda ben!** *fórm.:* Encara gràcies! / Doncs encara gràcies!

#### AIRE (OU AR, ANT.)

- **ao aire** (ou **ar**) **libre.** *l.adv.:* a l'aire lliure. *Prefiro mellor que os meus fillos xoguen ao aire libre que que estean todo o santo día apegados á consola.* M'estimo més que els meus fills juguin a l'aire lliure que no que estiguin tot el sant dia enganxats a la consola.

#### ALANCADA

- **ás alancadas.** *l.adv.:* a camades / a gambades. *Camiñaba ás alancadas polo patio da casa.* Caminava a gambades pel pati de casa.

#### ALBA

- **estar** [u.p.] **en albas.** *l.v.:* estar [u.p.] en capella. *Está en albas esperando o resultado das notas da selectividade.*

Está en capella esperant el resultat de les notes de la selectivitat.

#### ALEGRE

- **alegre como (ou coma) un cuco / como un pandeiro / como un peneireiro / como unha carricanta / como unhas castañolas (ou castañetas).** *l.adx.:* alegre com unes castanyoles / com un picarol / com un pinsà / més content que un gínjol. *Cando lle dixeron que o posto era seu, púxose alegre coma un cuco.* Quan li van dir que el càrec era seu, es va posar més contenta que un gínjol.

#### ALLO

- **mesturar (ou confundir) [u.p.] allos con bugallos / allos con cascallos.** *l.v.:* confondre (o barrejar) [u.p.] els ous amb els cargols / la gimnàstica amb la magnèsia / naps amb cols. *Non lle podes contar nada porque cando llo di a alguén sempre mestura allos con bugallos.* No li pots explicar res perquè quan ho diu a algú sempre barreja naps amb cols.

#### ALMA

- **dar [u.p.] a alma (morir).** *l.v.:* deixar-hi [u.p.] la pell. *Durante a guerra moitos soldados deron a alma.* Durant la guerra molts soldats hi van deixar la pell.
- **deixar [u.p.] a alma (esforzarse ao máximo).** *l.v.:* deixar-hi [u.p.] la pell. *Se é preciso, habemos deixar a alma, para gañarmos o campionato.* Si cal, hi deixarem la pell, per guanyar el campionat.

#### AMÉRICA

- **facer [u.p.] a súa América (nun negocio).** *l.v.:* fer [u.p.] l'agost / el seu agost.

*Con aquel negocio fixeron a súa América.* Amb aquell negoci van fer l'agost.

#### ANDANTE

- **tomar / coller [u.p.] o andante.** *l.v.:* fotre [u.p.] el camp. *Collemos o andante, anda, que aquí non nos queren.* Vinga, fotem el camp que aquí no ens hi volen.

#### ANDAR

- **andar [u.p.] dun lado para (o) outro / de cacho para testo / de cacho para cribo.** *l.v.:* anar [u.p.] d'una banda a l'atra. *Andou todo o día de cacho para testo, sen saber onde se meter.* Va caminar tot el dia d'una banda a l'altra, sense saber on ficar-se.

#### ANDORIÑA

- **Unha andoriña soa non fai verán.** *prov.:* Una oreneta no fa estiu / Una flor no fa estiu.

#### AÑO, -A

- **botar [u.p.] a aña fóra (facer todo o posible).** *l.v.:* fer [u.p.] mans i mànigues. *Botei a aña fóra para conseguir outra entrada e mais non houbo maneira, dáme pesar.* Vaig fer mans i mànigues per aconseguir una altra entrada, però no hi va haver manera, em sap greu.

#### APALPADA

- **ás apalpadas.** *l.adv.:* a les palpentos / a palpes / a palpons. *Marchou a luz e foron buscar os focos ás apalpadas.* Se'n va anar la llum i van anar a buscar les llanternes a palpons.

## APALPADELA

- **ás apalpadelas.** *l.adv.:* a les palpentes / a palpes / a palpons. *Como o cuarto estaba ás escuras tiveron que entrar ás apalpadelas.* Com que l'habitació era a les fosques hi van haver d'entrar a les palpentes.

## AREADO, -A

- **ir / andar [u.p.] areada.** *l.v.:* anar [u.p.] pet. *Con dúas birras xa vai areado.* Amb dues birres ja va pet.

## ARRE

- **Nin tanto “arre” que fuxa nin tanto “xo” que pare.** *prov.:* Tres són curtes i quatre són llargues.

## ATOUTIÑADAS

- **ás atoutiñadas.** *l.adv.:* a les palpentes / a palpes / a palpons. *Como o cuarto estaba ás escuras tiveron de entrar ás atoutiñadas.* Com que l'habitació era a les fosques hi van haver d'entrar a les palpentes.

## ATOUTIÑAS

- **ás atoutiñas.** *l.adv.:* a les palpentes / a palpes / a palpons. *Marchou a luz e foron buscar os focos ás atoutiñas.* Se'n va anar la llum i van anar a buscar les llanternes a palpons.

## AUGA

- **botar [u.p.] toda a auga ao muíño** (*facer todo o posible*). *l.v.:* fer [u.p.] mans i mànigues. *Botei toda a auga ao muíño para conseguir outra entrada e mais non houbo maneira, dáme pesar.* Vaig fer mans i mànigues per aconseguir una altra entrada però no hi va haver manera, em sap greu.

- **estar [u.p.] coa auga ao pescozo / ata (ou até) a boca / chegarlle a alguén a auga á boca.** *l.v.:* estar [u.p.] amb el dogal al coll / tenir [u.p.] un dogal al coll / veure's [u.p.] amb la soga al coll. *Estaba coa auga ao pescozo, non daba pagado as débedas.* Tenia un dogal al coll, no aconseguia pagar els deutes.

- **ser [u.c.] como (ou coma) a auga que apagou o lume.** *l.v.:* ésser (o ser) [u.c.] oli en un llum. *A pomada que me recomendaches foime moi boa: a auga que apagou o lume!* La pomada que em vas recomanar em va anar de conya: oli en un llum!

- **Auga fría e pan quente nunca fixeron bo ventre.** *prov.:* Aigua freda i pa calent causen dolors al ventrell.

## AZACÁN, -ANA

- **ser / andar (ou estar) feita [u.p.] unha azacana.** *l.v.:* ésser (o ser) / estar feta [u.p.] una pencaire. *A María anda feita unha azacana: ao saír do traballo aínda bota un par de horas a traballar na tese.* La Maria està feta una pencaire: en plegar de la feina encara dedica un parell d'hores a fer tesi.

## AZAR

- **ao azar.** *l.adv.:* a l'atzar. *Dicide un número ao azar e saberemos quen é o gañador.* Digueu un número a l'atzar i sabrem qui és el guanyador.
- **por azar.** *l.adv.:* per atzar. *Atopeino por azar, sen buscalo.* Ho vaig trobar per atzar, sense buscar-ho.

## BALBORDO

- **meter [u.p./u.c.] balbordo.** *l.v.:* fer [u.p./u.c.] merder / renou. *Non metas*

*balbordo, que me desconcentras. No facis renou, que em desconcentres.*

#### BARAZO

- **estar** [u.p.] **co barazo ao pescozo.** *l.v.:* estar [u.p.] amb el dogal al coll / tenir [u.p.] un dogal al coll / veure's [u.p.] amb la soga al coll. *Tivemos que lle axudar porque xa estaba co barazo ao pescozo.* El vam haver d'ajudar perquè ja es veia amb la soga al coll.

#### BARBA

- **por barba.** *l.adv.:* per barba. *Hogano toca a tres botellas de viño por barba.* Enguany toquen tres ampolles de vi per barba.
- **Cando a barba do teu veciño vexas afeitado, pon a túa a remollar.** *prov.:* Quan vegis la barba de ton veí pelar, posa la teva a remullar.

#### BAZO

- **O que é bo para o bazo é malo para o figado.** *prov.:* El que és bo per al fetge és dolent per a la melsa.

#### BEIZO

- **estar (ou ser)** [u.c.] **de lamber os beizos.** *l.v.:* estar / ésser (*o ser*) [u.c.] per llepar-se'n els bigotis / els dits. *Comín unha empanada que estaba de lamber os beizos.* Vaig menjar una empanada que era per llepar-se'n els bigotis.
- **lamber** [u.p.] **os beizos.** *l.v.:* llepar-se'n [u.p.] els bigotis / els dits. *Vás lamber os beizos coa larpeira que fixo miña nai.* Te'n lleparàs els dits, amb el tortell que ha fet ma mare.

#### BEN

- **levarse** [d.p.] **ben.** *l.v.:* portar-se [d.p.] bé. *Lévanse ben, teu pai e miña nai; ti pensas que van acabar xuntos?* Es porten la mar de bé, el teu pare i la meva mare; et sembla que acabaran junts?
- **ligar** [u.c.] **ben** a alguén. *l.v.:* anar [u.c.] bé a algú. *Pois mañá non che me liga nada ben.* Doncs demà no em va gens bé.
- **nadar** [u.p.] **en bens.** *l.v.:* nedar / viure [u.p.] en l'abundància. *Comezaron cunha tendiña de nada, pero cos anos foron xuntando cartos e agora nadan en bens.* Van començar amb una botigueta de no-res, però amb els anys han fet calés i ara neden en l'abundància.

#### BERTORELLA

- **Que che dean bertorella!** *fórm.:* Que et bombin!

#### BICICLETA

- **mandar** [u.p.] a alguén **a buscar herba para a bicicleta.** *l.v.:* engegar [u.p.] algú a pastar (fang) / al canyet / a fer punyetes. *Tentamos evitalo, pero acabamos mandándoo a buscar herba para a bicicleta.* Vam intentar estar-nos-en, però el vam acabar engegant a pastar fang.

#### BICO

- **estar (ou ser)** [u.c.] **de lamber os bicos.** *l.v.:* estar / ésser (*o ser*) [u.c.] per llepar-se'n els bigotis / els dits. *Un biscoito de mazá de lamber os bicos.* Un pastís de poma per llepar-se'n els bigotis.



- **lamber** [u.p.] **os bicos**. *l.v.*: llepar-se'n [u.p.] els bigotis / els dits. *Sabialle tanto, que lambía os bicos*. Li agradava tant, que se'n llepava els dits.

## BIÉS

- **ao biés**. *l.adv.*: d'esbiaixada. *Temos que cruzar o río ao biés*. Hem de travessar el riu d'esbiaixada.

## BIGORNIA

- **estar** [u.p.] **entre a bigornia e o martelo**. *l.v.*: estar [u.p.] entre l'espasa i la paret. *As declaracións da directora xeral puxeron o ministro entre a bigornia e o martelo*. Les declaracións de la directora general han posat el ministre entre l'espasa i la paret.

## BIOSBARDOS

- **mandar** [u.p.] a alguén **aos biosbardos**. *l.v.*: engegar [u.p.] algú a pastar (fang) / al canyet / a fer punyetes. *Tentamos evitalo, pero acabamos mandándoo aos biosbardos*. Vam intentar estar-nos-en, però el vam acabar engegant a pastar fang.

## BIQUEIRA

- **a lume de biqueira**. *l.adv.*: cames ajudeu-me. *Cando viu quen entraba pola porta liscou a lume de biqueira*. Quan va veure qui entrava per la porta va guillar cames ajudeu-me.

## BISPO

- **pórse** (*ou poñerse*) [u.p.] **como** (*ou coma*) **un bispo** con alguén (*encabuxado*). *l.v.*: empipar-se [u.p.] com una mona / posar-se [u.p.] com un gall / feta una fera. *Aparquei diante dunha pasaxe permanente, e cando cheguei ao*

*coche o dono da casa púxose coma un bispo comigo*. Vaig aparcar davant d'un gual permanent i en arribar al cotxe l'amo de la casa es va empipar com una mona amb mi.

## BO, -A

- **á vaiche boa**. *l.adv.*: a la bona de Déu. *Vou ir escribindo —só por pasar o tempo, á vaiche boa— o que se me vaia presentando*. Hi aniré escrivint —just per passar l'estona, a la bona de Déu— el que se m'anirà presentant.

## BOCA

- **estar** [u.c./u.l.] **negro como** (*ou coma*) **boca de lobo / como a boca dun lobo / como a boca do lobo**. *l.v.*: ésser (*o ser*) [u.c./u.l.] negre / fosc com una gola de llop. *Estaba a noite negra como a boca do lobo*. La nit era negra com una gola de llop.

## BOI

- **a paso de boi**. *l.adv.*: a pas de tortuga. *Percorreu todo o camiño a paso de boi*. Va fer tot el camí a pas de tortuga.
- **O boi vello leva o suco ao dereito**. *prov.*: Bou vell llaura dret.
- **Caga máis un boi que cen andoriñas.** *Més caga un bou que cen orenetes.*

## BORIA

- **mandar** [u.p.] a alguén **á boria**. *l.v.*: engegar [u.p.] algú a pastar (fang) / al canyet / a fer punyetes. *Tentamos evitalo, pero acabamos mandándoo á boria*. Vam intentar estar-nos-en, però el vam acabar engegant a fer punyetes.

## BORRACHEIRA

- **coller** (*ou* agarrar, apañar, levar, pillar, traer) [u.p.] **unha area / unha arola / unha bebedeira / unha borracheira / unha carena / unha cagalla / unha carrada / unha chea / unha chosca / unha lascarda / unha merda / unha prea / unha tranca**. *l.v.*: agafar (*o* portar, etc.) [u.p.] una borratxera / una bufa / un gat / una mantellina / una merda / una mona / un moix / una moixa / una paperina / un pet / una pinya / una pítima / una trompa / una turca. *Traio unha prea que non vexo*. Porto una bufa que no m'hi veig.

## BRANCO

- **ser** [u.c.] **branco e migado**. *l.v.*: ésser (*o* ser) [u.c.] bufar i fer ampolles. *Levantar aquela parede foi branco e migado*. Aixecar aquela paret va ser bufar i fer ampolles.

## BRASAS

- **estar** [u.p.] **en brasas**. *l.v.*: estar [u.p.] en capella. *Está en brasas esperando o resultado das notas da selectividade*. Está en capella esperant el resultat de les notes de la selectivitat.
- **pórse** (*ou* poñerse) [u.p.] **como** (*ou* coma) **as brasas** (*encabuxado*). *l.v.*: posar-se [u.p.] feta una fera / com un gall / empipar-se [u.p.] com una mona. *Cando o soubo, púxose como as brasas*. En saber-ho, es va posar feta una fera.

## BRINCADEIRA

- **de brincadeira**. *l.adv.*: de conya / de broma. *Diciallo de brincadeira*. L'hi deia de conya. *Estás de brincadeira, ou?* Estàs de conya, oi?

## BURRO, -A

- **non ver** [u.p.] **un burro a tres pés / a tres pasos / a catro pasos**. *l.v.*: no veure [u.p.] un bou a tres passes. *Ía tan peneque que non vía nin un burro a tres pés*. Anava tan mamat que no veía ni un bou a tres passes.
  - **ser** [u.p.] **burra / ser burra como** (*ou* coma) **unha tamanca / como un angazo / como unha torda**. *l.v.*: ésser (*o* ser) [u.p.] ase / un ase / un tros d'ase. *Non hai nada que facer con este raparigo: é burro como unha tamanca*. No en farem res, d'aquest *vaiet*: és un tros d'ase.
  - **O burro vai diante, para que non se espante / O burro diante, para que non se espante / para que a recua non se espante**. *fórm.*: L'ase va davant.
  - **Oracións de burro non chegan ao ceo / Orneos de burro non chegan ao ceo**. *fórm.*: Brams d'ase no pugén al cel.
- ## CABALO
- **ir** [u.p.] **no cabalo de san Francisco / no cabalo dos frades** (*ir a pé*). *l.v.*: anar [u.p.] en el cavall de sant Francesc. *Nada, meu, se non vén o tren imos ter que ir no cabalo de san Francisco*. No res, noi, si no ve el tren haurem d'anar en el cavall de sant Francesc.
  - **Ao cabalo dado, non se lle mira o rabo / Ao cabalo dado, non se lle mira o dente / O cabalo regalado cólleo cos ollos pechados**. *prov.*: A cavall donat, no li miris el dentat.
  - **O mellor cabalo dá un tropecón**. *prov.*: Tot bon cavall ensopega.

## CABEZA

- **por cabeza.** *l.adv.*: per barba. *Hogano toca a tres botellas de viño por cabeza.* Enguany toquen tres ampolles de vi per barba.
- **da cabeza aos pés.** *l.adv.*: de cap a peus. *Chegou á casa pingando da cabeza aos pés.* Va arribar a casa xop de cap a peus.
- **de cabeza.** *l.adv.*: de cap. *Caeu de cabeza.* Va caure de cap. *Chimpouse de cabeza.* S'hi va tirar de cap.
- **andar / estar [u.p.] mal da cabeza / non andar [u.p.] ben da cabeza / estar [u.p.] levada da cabeza.** *l.v.*: estar [u.p.] malament del cap. *A xente que o coñece di que non se lle ten que facer caso, que anda mal da cabeza.* La gent que el coneix diu que no se li ha de fer cas, que està malament del cap.
- **asentar / apousentar [u.p.] a cabeza.** *l.v.*: posar [u.p.] seny / assentar-se-li a algú el cap. *Despois de moitos anos de facer o parvallán, parece que finalmente asentou a cabeza.* Després de molts anys de fer el tabalot, sembla que finalment ha posat seny.
- **encher [u.p.] a cabeza a alguén.** *l.v.*: inflar / omplir [u.p.] el cap a algú. *Non vexas os telexornais desa canle que che van encher a cabeza de mentiras.* No miris els telenotícies d'aquell canal que t'inflaran el cap de mentides.
- **levantar / erguer [u.p.] (a) cabeza** (nunha situación difícil). *l.v.*: alçar / aixecar [u.p.] el cap. *Levoulle dous anos erguer cabeza, pero ao final conseguíuno.* Li ha costat dos anys aixecar el cap, però al final se n'ha sortit.
- **non ter [u.c.] nin pés nin cabeza.** *l.v.*: no tenir [u.c.] (ni) cap ni peus / (ni) cap ni centener. *O argumento daquela película non ten pés nin cabeza, non entendo por que me dixeches que a fose ver.* L'argument d'aquella pel·lícula no té ni cap ni peus, no entenc per què em vas dir que l'anés a veure.
- **romper / quentar / debullar [u.p.] a cabeza (matinar).** *l.v.*: escalfar-se [u.p.] el cap / trencar-se [u.p.] les banyes. *Non rompas a cabeza, que non che vale a pena: o mellor que podes facer é pasar páxina.* No t'hi escalfis el cap, que no val la pena: el millor que pots fer és passar pàgina.
- **sentir [u.p.] a cabeza boiada.** *l.v.*: tenir [u.p.] el cap com un timbal / com un bombo. *Vou ir dar un paseo, que sinto a cabeza boiada.* Me'n vaig a fer un tomb, que tinc el cap com un timbal.
- **ser [u.p.] unha (ou un) cabeza de bubela / un cabeza de palla / un cabeza choca / un cabeza sen miolos / un cabeza de vento.** *l.v.*: ésser (o ser) [u.p.] un cap boig / un cap calent / un cap d'estornell / un cap de pardals / un cap desgavellat / un cap lleuger / un cap verd / un cap de trons / un cap fluix. *Mira que chegas a ser cabeza de bubela, indo a cento oitena por aquela estradiña adiante!* Mira que arribes a ser cap boig, anant a cent vuitanta per aquella carretereta!
- **ter [u.p.] a cabeza chea de garabullos / de fume.** *l.v.*: tenir [u.p.] el cap ple de fum / de grills / de pardals / de vent. *Ten a cabeza chea de garabullos, aínda non sabe o que quere na vida.* Té el cap ple de pardals, encara no sap què vol, a la vida.

- **O que non ten cabeza ten que ter pés.**  
*prov.: Qui no té cap necessita braços / ha de tenir cames.*

## CABRA

- **estar** [u.p.] **como** (*ou coma*) **unha cabra / como unha cabuxa.** *l.v.: estar* [u.p.] com una cabra. *A túa irmá está como unha cabra, será mellor que non a perdas de vista que aínda vai facer algún disparate.* La teva germana está com una cabra, val més que no la perdis de vista que encara farà algun disbarat.

## CALCADO, -A

- **ir / andar** [u.p.] **calcada.** *l.v.: anar* [u.p.] pet. *Con dúas birras xa vai calcado.* Amb dues birres ja va pet.

## CACHÓN

- **a cachón** 1 (moito e moi forte, xeralmente ao chover). *l.adv.: a bots i barrals / a semalades. Aos cinco minutos de saír comezou a chover a cachón e tiven que dar volta para vir coller o paraugas.* Al cap de cinc minuts de sortir ha començat a ploure a bots i barrals i he hagut de tornar a agafar el paraigua. | 2 (en abundancia): a gavadals / a doxo. *Na lingua catalá e na lingua galega hai refráns a cachón.* La llengua catalana i la llengua gallega tenen refranys a gavadals. | 3 (intermitentement pero con intensidade): a borbollades / a borbollons / a borbolls. *A xente saía do teatro a cachón.* La gent sortia del teatre a borbolls.

## CACHOUPÍÑO

- **a cachoupiño / ao cachoupiño / de cachoupiño.** *l.adv.: a la gatzoneta. Fomos aquel anaco ao cachoupiño*

*para que non nos visen desde o mostrador. Vam fer aquell tros a la gatzoneta perquè no ens veiessin des del taulell.*

## CADELA

- **non valer** [u.c.] **unha cadela.** *l.v.: no valer* [u.c.] un clau / un rave. *Este menú non vale unha cadela, na casa vou ter que volver xantar.* Aquest menú no val un rave, a casa hauré de tornar a dinar.

## CADOIRO

- **irse** [u.c.] **ao** (*ou para o*) **cadoiro.** *l.v.: anar-se'n* [u.c.] en orri (*o en orris*). *Por culpa do raio da crise, os plans de expansión foron todos para o cadoiro.* Per culpa de la maleïda crisi, els plans d'expansió se n'han anat tots en orris.

## CAER

- **caer** [u.p.] **ben** a alguén (*agradar*). *l.v.: caure* [u.p.] bé a algú. *Teu irmán caeume ben desde o momento en que o coñecín.* El teu germà em va caure bé des del moment que el vaig conèixer.
- **caer** [u.p.] **mal** a alguén (*desagradar*). *l.v.: caure* [u.p.] malament a algú. *Non che me cae nada ben: é un prepotent.* No em cau gens bé: és un prepotent.

## CAGAR

- **ser** [u.c.] **de cagar entre o millo.** *l.v.: ésser* (*o ser*) [u.c.] de pa sucut amb oli. *Unhas instalacións e un servizo de cagar entre o millo.* Unes instal·lacions i un servei de pa sucut amb oli.

## CALAR

- **calar** [u.p.] como (*ou coma*) **un peto / un afogado / un rulo**. *l.v.*: callar [u.p.] com un mort / com un puta. *El ben que o sabía, pero calou como un peto.* Ell prou que ho sabía, però va callar com un puta.

## CALDEIRADA

- **ás caldeiradas**. *l.adv.*: a bots i barrals / a semalades. *Leva a tarde enteira chovendo ás caldeiradas.* Tota la tarda que plou a semalades.

## CALDEIRO

- **a caldeiros**. *l.adv.*: a bots i barrals / a semalades. *Leva a tarde enteira chovendo a caldeiros.* Tota la tarda que plou a bots i barrals.

## CALDO

- **gañar** [u.p.] **o caldo**. *l.v.*: guanyar-se [u.p.] el pa / les garrofes. *Por sorte, malia a crise, podo gañar o caldo honradamente.* Per sort, tot i la crisi, em puc guanyar les garrofes honradament.

## CAMBELA

- **facer** [u.p.] **cambelas**. *l.v.*: fer [u.p.] tentines. *Como bebera de máis, marchou para a casa facendo cambelas.* Com que havia begut massa, se'n va anar cap a casa fent tentines.

## CAN

- **como** (*ou coma*) **un can** (*moi bévedo*). *l.adv.*: com una sopa / fet una sopa. *Sempre que se xunta cos antigos compañeiros do instituto acaba a noite borracho coma un can.* Sempre que s'ajunta amb els antics companys

de l'institut, acaba la nit borratxo com una sopa.

- **pórse** (*ou poñerse*) [u.p.] **feita un can da rabia / fera coma un can doente**. *l.v.*: empipar-se [u.p.] com una mona / posar-se [u.p.] feta una fera / rabiosa com un bitxo. *Cando lle dixen o que pensaba dela púxose feita un can da rabia.* Quan li vaig dir el que en pensava, d'ella, es va posar feta una fera.

- **A can fraco, todo se lle volven pulgas / A cadelo fraco, todo son pulgas**. *prov.*: A gos flac, tot són puces.

- **Can que ladra non trava / Can que ladra nin morde nin caza / Can ladrador, mal cazador**. *prov.*: Gos lladrador no és caçador / Gos que lladra no mossega.

- **Morto o can, morta a rabia**. *prov.*: Morta la cuca, mort el verí.

## CANADO

- **a canados**. *l.adv.*: a bots i barrals / a semalades. *Leva a tarde enteira chovendo a canados.* Tota la tarda que plou a semalades.

## CANGA

- **andar / ir** [u.p./u.c.] **de canga baixa** (*de devalo*). *l.v.*: anar [u.p./u.c.] a mal borràs / de mal borràs. *Xa hai tempo que o seu negocio anda de canga baixa: non creo que poida ir para diante.* Ja fa temps que el seu negoci va a mal borràs: no crec pas que se'n pugui sortir.

## CANIVETE

- **botar** [u.p.] **un canivete** (*facer o coito*) (*vulg.*). *l.v.*: fotre [u.p.] un clau. *Xúroche que esta noite non me hei*

*de ir deitar sen botar un canivete. Et juro que aquesta nit no me n'aniré a dormir sense haver fotut un clau.*

## CANTAR

- **cantar** [u.p.] **as corenta** a alguén. *l.v.*: cantar [u.p.] les quaranta a algú. *Cando o vexa heille cantar as corenta.* Quan el vegi li cantaré les quaranta.

## CANTADA

- **á cantada do galo.** *loc adv.*: al cant del gall / a punta de día / a trenc d'alba. *Levanteime á cantada do galo porque tiña moito que facer.* Em vaig llevar a trenc d'alba perquè tenia molta feina.

## CAÑEIRA

- **irse** [u.c.] **á (ou para a) cañeira.** *l.v.*: anar-se'n [u.c.] en orri (*o* en orris). *Por culpa do raio da crise, os plans de expansión foron todos para a cañeira.* Per culpa de la maledida crisi, els plans d'expansió se n'han anat tots en orris.

## CARA

- **ser** [u.p.] **un cara lavada.** *l.v.*: ésser (*o* ser) [u.p.] un penques. *Seu irmán sempre foi un cara lavada, non o teño visto traballar un só día.* El seu germà sempre ha estat un penques, no l'he vist treballar ni un sol día.
- **ter** [u.p.] **a cara máis dura que a sola dun zapato / unha cara como (ou coma) un zapato.** *l.v.*: tenir [u.p.] la cara gruixuda. *Non lle importa o que lle digas, que ten unha cara coma un zapato.* Tant li fot el que li diguis, que té la cara molt gruixuda.

## CARABELA

- **haber carabela** (para terminar algo ou para que se modifique unha situación). *l.v. imp.*: haver-hi tela per tallar. *Deica que acaben, aínda che hai carabela.* D'aquí que acabin, encara hi ha tela per tallar.

## CARALLADA

- **de carallada** (*brincadeira*). *l.adv.*: de conya / de broma. *Diciallo de carallada.* L'hi deia de conya. *Estás de carallada, ou?* Estás de conya, oi?

## CARALLO

- **de carallo** (*moi bo*). *l.adx.*: de collons / de conya. *Un apartamento de carallo.* Un apartament de collons.
- **de carallo 1** (*moi ben*). *l.adv.*: de collons / de conya. *Faino de carallo.* Ho fa de collons. | 2 (*moito, dunha dimensión extraordinaria*): de collons / de nassos. *Fai un sol de carallo.* Fa un sol de nassos.
- **importarlle** [u.c.] **un carallo** a alguén. *l.v.*: importar [u.c.] un rave a algú / una merda. *Impórtame un carallo que me botes de menos: pensáralo antes.* M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.
- **irse** [u.c.] **ao carallo.** *l.v.*: anar (*o* anar-se'n) [u.c.] al canyet. *O negocio familiar foise ao carallo en dous meses.* El negoci familiar se n'ha anat al canyet en dos mesos.
- **non valer** [u.c.] **un carallo.** *l.v.*: no valer [u.c.] un clau / un rave. *Este menú non vale un carallo, na casa vou ter que volver xantar.* Aquest menú no val un rave, a casa hauré de tornar a dinar.

## CARDO

- **Tanto me ten cardos como (ou coma) leitarugas.** *fórm.:* Tant se me'n dóna naps com cols. *Escolle as materias ás toas: e logo non o ves, que a carreira non lle gusta e tanto lle ten cardos como leitarugas?* Tria les assignatures a la babalà: que no ho veus, que la carrera no li agrada i tant se li'n dóna naps com cols?

## CARGA

- **Por que carga de auga... / por que carga de allos....** *fórm.:* Per quins cinc sous / set sous... *E por que carga de auga se supón que cho tería de dicir, iso, a ti?* I per quins set sous se suposa que t'ho hauria de dir, això, a tu?

## CARGADO, -A

- **andar / ir [u.p.] cargada como (ou coma) un burro / un macho / o ourizo / un gaitero.** *l.v.:* anar [u.p.] carregada com un ase / com un ruc. *É normal que lle doan as costas: vai para a escola sempre cargado como un burro.* És normal que tingui mal d'esquena: sempre va a l'escola carregat com un ase.
- **ir / andar [u.p.] cargada.** *l.v.:* anar [u.p.] pet. *Con dúas birras xa vai cargada.* Amb dues birres ja va pet.

## CARGAR

- **cargar [u.p.] de través / o carro / o carro para Navia (beber alcol).** *l.v.:* aixecar [u.p.] el colze. *Cando o vin entrar pola porta xa me dei de conta de que cargara de máis o carro.* En veure'l entrar per la porta ja m'he adonat que havia aixecat massa el colze.
- **cargarlle [u.p.] as mantas / o morto a alguén.** *l.v.:* carregar [u.p.] el mort /

els neulers / les cabres / les culpes a algú. *Non sei como fago, pero sempre que hai algún problema cárganme a min o morto.* No sé com m'ho faig, però sempre que hi ha algun problema em carreguen el mort a mi.

## CARNE

- **pór [ou poñer] [u.p.] toda a carne no espeto.** *l.v.:* posar [u.p.] tota la carn a la graella. *Ata que non lles pareceu que xa non había volta atrás non se decidiron a poñer toda a carne no espeto.* Fins que no els va semblar que ja no hi havia volta de full no es van decidir a posar tota la carn a la graella.
- **ser [u.c.] carne sen ósos.** *l.v.:* ésser (o ser) [u.c.] bufar i fer ampolles. *Levantarse aquela parede foi carne sen ósos.* Aixecar aquella paret va ser bufar i fer ampolles.
- **ser [d.p.] uña e carne / carne e uña / carne e sangue.** *l.v.:* ésser (o ser) [d.p.] carn i ungla / tap i carbassa / cul i camisa / cul i merda / la corda i el poal. *Eran uña e carne, pero agora non se falan.* Eren cul i merda, però ara no es parlen.

## CAROZO

- **a lume de carozo / a fume de carozo.** *l.adv.:* cames ajudeu-me / a tot drap. *Cando viu quen entraba pola porta liscou a lume de carozo.* Quan va veure qui entrava per la porta va fotre el camp a tot drap.

## CARRADA

- **a (ou ás) carradas.** *l.adv.:* a carretades. *Hai pexegos ás carradas: podes levar todos os que queiras.* Hi ha préssecs a carretades: en pots agafar tants com vulguis.

### CARRANCHAPERNAS

- **a** (*ou ás*) **carranchapernas**. *l.adv.*: cama ací, cama allà / eixarrancat. *Nunca monta ás carranchapernas, senón de lado.* Mai no munta eixarrancat, sinó de costat.

### CARRANCHAS

- **ás carranchas**. *l.adv.*: cama ací, cama allà / eixarrancat. *Estaba ás carranchas enriba do muro.* S'estava eixarrancat al capdamunt del mur.

### CARTOS

- **gastar** [u.p.] **cartos como** (*ou coma*) **sarabia**. *l.v.*: *fig.* tenir [u.p.] la butxaca foradada / la mà foradada. *Seu irmán gasta cartos como sarabia: nunca ten nada.* Son germà té la butxaca foradada: no té mai res.

### CASO

- **vir** [u.c.] **ao caso**. *l.v.*: venir [u.c.] a tomb / a tall / al cas. *Cóntocho despois, que agora non vén ao caso.* T'ho explico després, que ara no ve a tomb.

### CEGO, -A

- **ás cegas**. *l.adv.*: a cegues. *Como non había luz, tiven que me achegar á porta da escaleira ás cegas.* Com que no hi havia llum, em vaig haver d'atansar a la porta de l'escala a cegues.

### CEN

- **andar** [u.p.] **a cen**. *l.v.*: anar [u.p.] de bòlit. *Entre o choio e as oposicións anda a cen.* Entre la feina i les oposicions, va de bòlit.

### CHAPUZO

- **estar** [u.p.] **en chapuzos**. *l.v.*: estar [u.p.] en capella. *Está en chapuzos*

*esperando o resultado das notas da selectividade.* Està en capella esperant el resultat de les notes de la selectivitat.

### CHEO, -A

- **ir / andar** [u.p.] **chea**. *l.v.*: anar [u.p.] pet. *Con dúas birras xa vai cheo.* Amb dues birres ja va pet.
- **ás cheas / ben ás cheas**. *l.adv.*: amb escriu. *Atinxiu ás cheas os obxectivos desexados.* Va assolir amb escriu els objectius desitjats.

### CHEDA

- **dar** [u.p.] **cheda** a alguén. *l.v.*: fer [u.p.] espatlla (*o* espatlles) a algú / posar [u.p.] l'espatlla a algú. *Sempre que o precisei deume cheda: é un bo amigo.* Sempre que m'ha calgut m'ha fet espatlla: és un bon amic.

### CHEGAR

- **chegarlle ben** [u.c.] a algo ou a alguén (*ser máis que suficiente*). *l.v.*: *fórm.* Déu n'hi do (*o* Déu n'hi doret). — *Custariache caro.* — *Chégalle ben, sesenta euros!* — Et deu haver costat car. — Déu n'hi do, seixanta euros!
- **ser** [u.c.] **chegar e encher / ser chegar e apor**. *l.v.*: ésser (*o* ser) [u.c.] arribar i moldre. *Aquilo foi chegar e encher.* Allò va ser arribar i moldre.

### CHÍO

- **non dar** [u.p.] (**un**) **chío**. *l.v.*: no dir [u.p.] ni piu. *É ben raro o teu amigo: en todo o tempo non deu un chío.* És ben estrany, el teu amic: en tota l'estona no va dir ni piu.
- **sen dar** [u.p.] (**un**) **chío**. *l.adv.*: sense dir [u.p.] ni piu. *Marchou sen dar chío, como se se incomodase.* Se'n va anar



sense dir ni piu, com si s'hagués emprenyat.

## CHOU

- **ao chou 1** (sementar). *l.adv.*: a eixams / a ruix. *As espinacas seméntanse ao chou e, así que brotan, hai que rarealas.* Els espinacs se sembren a ruix i, un pic broten, cal aclarir-los. | 2 (ao azar): a l'atzar. *Dicide un número ao chou e coñeceremos a persoa gañadora.* Diguen un número a l'atzar i sabrem qui és la persona guanyadora.

## CHOVER

- **facer [u.p.] como (ou coma) quen oe chover.** *l.v.*: fer [u.p.] com qui sent ploure. *Non creio que faga o que lle pediches: sempre fai como quen oe chover.* No crec que faci el que li has demanat: sempre fa com qui sent ploure.
- **Chove e vai sol, estanse a peitear as bruxas / Chove e vai sol, están as bruxas a peitearse.** *prov.*: Plou i fa sol, les bruixes es pentinen.
- **Nunca chove ao gusto de todos.** *prov.*: Mai no plou a gust de tothom.

## CHUMADO, -A

- **ir / andar [u.p.] chumada.** *l.v.*: anar [u.p.] pet. *Con dúas birras xa vai chumado.* Amb dues birres ja va pet.

## CHUZAS

- **ir / andar [u.p.] chuzas.** *l.v.*: anar [u.p.] pet. *Con dúas birras xa vai chuzas.* Amb dues birres ja va pet.

## CINZA

- **fuxir [u.p.] da cinza e caer nas brasas.** *l.v.*: fugir [u.p.] del foc i caure a

les brasas. *Conseguiu escapar do cárcere, pero fóra esperábano os colegas que delatara: fuxiu da cinza e caeu nas brasas.* Va aconseguir escapar-se de la presó, però fora l'esperaven els col·legues que havia delatat: va fugir del foc i va caure a les brasas.

## CLARO, -A

- **ás claras.** *l.adv.*: ras i curt. *Voucho dicir ás claras: non me caes nada ben e non quero saber nada de ti.* T'ho diré ras i curt: no em caus gens bé i no vull saber res de tu.

## COBRA

- **botar / dicir [u.p.] cobras e lagartos de alguén.** *l.v.*: dir [u.p.] penjaments d'algué. *É unha má persoa: todo o mundo di cobras e lagartos del.* És una mala persona: tothom en diu penjaments.

## COCEDURA

- **faltarlle unha cocedura** a alguén (*non andar ben da cabeza*). *l.v.*: faltar un bull a algué. *Que cousas máis raras di! A ese fáltalle unha cocedura, dígocho eu.* Quines coses més rares que diu! A aquest li falta un bull, t'ho dic jo.

## COGUMELO

- **Moito tes que saber para cogumelos comer.** *prov.*: De bolets que no coneguis no en masteguis.

## COIRO

- **andar [u.p.] co coiro lordento, como (ou coma) os bois na corte no inverno.** *l.v.*: anar [u.p.] bruta com una aranya / com una guilla / com una guineu / com un picaportes / com un porc / com una xinxa. *Non se lava desde*

*hai un mes: anda co coiro lordento, como os bois na corte no inverno.*

No es renta des de fa un mes: va brut com un porc.

- **deixar** [u.p.] **o coiro** (*esforzarse ao máximo*). *l.v.*: deixar-hi [u.p.] la pell. *Se é preciso, habemos deixar o coiro para gañarmos o campionato.* Si cal, hi deixarem la pell, per guanyar el campionat.
- **perder** [u.p.] **o coiro e (mais) a polpa**. *l.v.*: perdre [u.p.] bous i esquelles. *Pensaba que con aquel negocio ía facer o carto, pero ao final perdeu o coiro e a polpa.* Es pensava que amb aquell negoci faria l'agost, però al final hi va perdre bous i esquelles.

#### COMER

- **comer** [u.p.] **como** (*ou coma*) **a pedra dun afiador / como limas xordas**. *l.v.*: menjar [u.p.] com una llima. *Come como a pedra dun afiador: prato que lle poñas, prato de que devora ata a última faragulla.* Menja com una llima: plat que li posis, plat de devora fins l'última molla.
- **comer** [u.p.] **como** (*ou coma*) **un abade / como un bazuncho / como un boi / como un burro** (*ou unha burra*) / **como un crego / como un frade / como un lobo / como unha vaca**. *l.v.*: menjar [u.p.] com un bou / com un llop / com un trabuc. *Ten fama de comer coma un crego; se o convidamos ha de nos saír cara a cea.* Té fama de menjar com un llop; si el convidem ens sortirà car, el sopar.
- **comer** [u.p.] **como** (*ou coma*) **unha frieira**. *l.v.*: menjar [u.p.] més que un mal lleig. *Este raparigo é una ruína, come como unha frieira!*

Aquest vailet és una ruína, menja més que un mal lleig!

- **comer** [u.p.] **como** (*ou coma*) **un paxariño / como un pito / como un pisco**. *l.v.*: menjar [u.p.] com un ocellet / com un pardalet / com un pinsà. *Toda a vida comeu como un paxariño.* Tota la vida ha menjat com un ocellet.
- **comer** [u.p.] **como** (*ou coma*) **un urco** (*ou unha urca*). *l.v.*: menjar [u.p.] com un ogre. *Decateime de que xa estaba ben cando o vin comer de novo coma un urco.* Vaig adonar-me que ja estava bo quan el vaig veure menjar altre cop com un ogre.
- **comer** [u.p.] **un bocado**. *l.v.*: fer [u.p.] un mos. *Aproveitamos que había cinco minutos de pausa para ir comer un bocado.* Vam aprofitar que hi havia cinc minuts de pausa per anar a fer un mos.
- **ser** [u.c.] **coma quen come pan e bebe viño**. *l.v.*: ésser (*o ser*) [u.c.] bufar i fer ampolles. *Levantar aquela parede foi coma quen come pan e bebe viño.* Aixecar aquella paret va ser bufar i fer ampolles.

#### CONTA

- **saír a conta furada** a alguén / **as contas furadas**. *l.v.*: sortir el tret per la culata a algú. *Eu non me arriscaría, non sexa que che saian as contas furadas.* Jo no m'hi arriscaria, no fos cas que et sortís el tret per la culata.

#### CONTENTO, -A

- **contento como** (*ou coma*) **micho con axóuxere / como un cuco / como un rulo / como unhas pascuas** (*ou páscoas*). *l.adx.*: més content que un gínjol / que unes pasqües. *Cando viu*

*que os reis lle levaran o que pedira, púxose contenta como un cuco.* Quan va veure que els reis li havien dut el que havia demanat, es va posar més contenta que un gínjol.

#### CORDA

- **estar** [u.p.] **coa corda ao pescozo.** *l.v.:* estar [u.p.] amb el dogal al coll / tenir [u.p.] un dogal al coll / veure's [u.p.] amb la sogal al coll. *Tivemos que lle axudar porque estaba coa corda ao pescozo.* El vam haver d'ajudar perquè ja es veia amb la sogal al coll.

#### CORTELLO

- **estar** [u.l.] **como (ou coma) o cortello dos porcos / parecer** [u.l.] **o cortello dos porcos.** *l.v.:* ésser (o ser) [u.l.] una cort de porcs / semblar una cort de porcs. *A ver se arrombas un pouco o teu cuarto, que ultimamente parece o cortello dos porcos!* Aviam si endreces una mica la teva habitació, que últimament sembla una cort de porcs!

#### CORVO

- **Un corvo a outro non lle tira os ollos.** *prov.:* Llops amb llops no es mosseguen.

#### COSTAS

- **de costas.** *l.adv.:* d'esquena. *Cando cheguei, estaba de costas para a porta.* Quan vaig arribar, estava d'esquena a la porta.

#### COUSA

- **non facer** [u.p.] **cousa con cousa.** *l.v.:* no ensopegar-ne [u.p.] ni una / no tocar [u.p.] pilota. *Mira que se esforza na casa, mais cando a mestra lle pregunta non fai cousa*

*con cousa.* Mira que s'hi esforça, a casa, però quan la mestra li pregunta no n'ensopega ni una.

- **Cousa de moitos, cómea o lobo.** *prov.:* Ovella de molts, el llop se la menja.

#### COUTO

- **pór** (*ou poñer*) [u.p.] **couto** a alguén. *l.v.:* parar [u.p.] els peus a algú. *Se non lle pos couto axiña, aínda ha ser peor.* Si no li pares els peus aviat, encara serà pitjor.

#### COVA

- **ir** [u.p.] **para a cova.** *l.v.:* anar (o anarse'n) [u.p.] a l'altre barri / al canyet / a can Pistras. *Vendo como conducía, non che me sorprende nada que fose para a cova dun accidente.* Veient com conduïa, no em sorprèn gens que se n'hagi anat a l'altre barri d'un accident.

#### COVAS

- **facerse** [u.p.] **de Covas / chamarse** [u.p.] **de Covas.** *l.v.:* fer-se [u.p.] l'orni. *Cando lle pedin o diñeiro que me debía, fíxose de Covas.* Quan li he demanat els diners que em devia, s'ha fet l'orni.

#### COZOFELLO

- **andar** [u.p.] **como (ou coma) un cozofello / feita un cozofello.** *l.v.:* anar [u.p.] bruta com una aranya / com una guilla / com una guineu / com un picaportes / com un porc / com una xinxa. *Des que está deprimida, anda feita un cozofello!* Des que està deprimida, va bruta com una guilla!

#### CREQUENAS

- **de crequenas / en crequenas.** *l.adv.:* a la gatzoneta. *Fomos aquel anaco en*

*crequenas para que non nos visen desde o mostrador. Vam fer aquell tros a la gatzoneta perquè no ens veiessin des del taulell.*

## CRISTO

- **a Cristo dar 1** (*moito e moi forte, ao chover*). *l.adv.*: per l'amor de Déu / a raig / a raig fet. *Durante toda a tarde caeu auga a Cristo dar.* Tota la tarda que va caure aigua a raig. | 2 (*en abundancia*): a raig / a raig fet / a dolls / a doxo / a balquena. *Había carne e marisco a Cristo dar.* Hi havia carn i marisc a doxo.
- **feito un Cristo.** *l.adv.*: fet un nyap / una desferra. *Despois do accidente, o coitado quedou feito un Cristo.* Després de l'accident, el pobre va quedar fet un nyap.

## CU

- **ser [u.p.] un cu aberto** (*ser un boca rachada*). *l.v.*: no saber aguantar-se [u.p.] un pet. *Carballo, neno, é que es un cu aberto!* Cullera, nen, és que no et saps aguantar un pet!

## CUNCA

- **ás cuncas.** *l.adv.*: a bots i barrals / a semalades / a raig / a raig fet. *Aos cinco minutos de sairmos empezou a chover ás cuncas e tivemos que dar volta para vir coller o paraugas.* Al cap de cinc minuts de sortir ha començat a ploure a bots i barrals i hem hagut de tornar a agafar el paraigua.

## CUSTAR

- **custar [u.c.] ferro e fariña a alguén / ferro e fouce / fame, ferro e fariña.** *l.v.*: costar [u.c.] Déu i ajuda a algú. *Ao final puidemos facer o espectáculo, pero custounos ferro e fariña*

*convencer os programadores que o iamos ter a punto o día da estrea. Al final vam poder fer l'espectacle, però ens va costar Déu i ajuda convèncer els programadors que el tindriem a punt el día de l'estrena.*

## DAR

- **a máis non dar.** *l.adv.*: a tota merda / a tot drap. *Tivemos que marchar de aquel lugar a máis non dar para non levar.* Vam haver de marxar d'aquell lloc a tot drap per no rebre.
- **darlle [u.p.] á lingua.** *l.v.*: parlar (o xerrar, etc.) [u.p.] pels descosits. *Esa sempre lle está dando á lingua!* Aquella sempre xerra pels descosits!
- **non dar feito [u.p.] algo.** *perífrase verb.*: no donar [u.p.] l'abast. *O persoal de enfermaría non dá feito con tantos doentes.* El personal d'infermeria no dóna l'abast amb tants malalts. Vèxase a nota 3.
- **non dar [u.p.] chegado a algures.** *perífrase verb.*: fer [u.p.] salat. *Máis vale que apuremos, ou non damos chegado.* Més val que ens afanyem, o farem salat. Vèxase a nota 3.
- **non dar [u.p.] un carallo (por algo) / unha cadela / unha landra / unha mincha / un pataco.** *l.v.*: no donar [u.p.] (ni) cinc cèntims (per alguna cosa). *Por este coche eu non daba unha cadela: non ves que é máis vello que andar a pé?* Per aquest cotxe no en donaria ni cinc cèntims, que no veus que és més vell que l'anar a peu?

- **Tanto me dá.** *fórm.*: Tant me (o et, etc.) fa / Tant se me'n (o te'n, etc.) dóna / Tant se me'n (o te'n, etc.) fot. *Tanto me dá o que penses de min.* Tant me fa el que pensis de mi.

## DEDO

- **estar (ou ser) [u.c.] de lamber os dedos.** *l.v.:* estar (o ser) [u.c.] per llepar-se'n els dits. *Un polbo á feira de lamber os dedos.* Un pop a la gallega per llepar-se'n els dits.
- **lamber [u.p.] os dedos (por algo moi bo).** *l.v.:* llepar-se'n [u.p.] els dits. *Ha lamber os dedos do bo que está.* Se'n lleparà els dits, de bo que és.

## DESFEITA

- **facer [u.p.] unha desfeita.** *l.v.:* fer una escabexxada. *Ao atacaren por sorpresa, de noite, fixeron unha desfeita entre as tropas inimigas.* Com que van atacar per sorpresa, de nit, van fer una escabexxada entre les tropes enemigues.

## DEMO

- **ser [u.p.] o demo.** *l.v.:* ésser (o ser) [u.p.] de por. *Este neno é o demo: non para de facer trasnadas.* Aquest nen és de por: no para de fer dolenteries.

## DENTE

- **custar [u.c.] os dentes da boca.** *l.v.:* costar [u.c.] un ull (de la cara) / un ronyó / un sentit. *E logo como fixeches para mercar este bolso? Sei que custa os dentes da boca!* Però com t'ho has fet per comprar-te aquesta bossa? Si costa un ronyó!

## DESPECHAR

- **non despechar [u.p.] a boca.** *l.v.:* no badar [u.p.] boca. *As vantaxes de non despechar a boca.* Els avantatges de no badar boca.

## DEUS

- **a Deus dar 1 (moito e moi forte, ao chover).** *l.adv.:* per l'amor de Déu / a raig / a raig fet. *Durante toda a tarde caeu auga a Deus dar.* Tota la tarda que va caure auga per l'amor de Déu / auga a raig. | 2 (*en abundancia*): a raig / a raig fet / a dolls / a doxo / a balquena. *Había carne e marisco a Deus dar.* Hi havia carn i marisc a doxo.

## DEVALO

- **andar / ir [u.p./u.c.] de devalo.** *l.v.:* anar [u.p./u.c.] a mal borràs / de mal borràs. *Xa hai tempo que o seu negocio vai de devalo: non creo que poida ir para diante.* Ja fa temps que el seu negoci va a mal borràs: no crec pas que se'n pugui sortir.

## DÍA

- **ao abrir / raiar / romper o día.** *l.adv.:* a punta de día / a trenc d'alba / al cant del gall. *Levanteime ao romper o día porque tiña moito que facer.* Em vaig llevar a trenc d'alba perquè tenia molta feina.
- **non saír [u.p.] do día en que naceu (non prosperar / non saír dunha situación difícil).** *l.v.:* no fer [u.p.] res de bo. *Des que se divorciou non saíu do día en que naceu.* D'ençà que es va divorciar que no ha fet res de bo.

## DICIR

- **Dito e feito / Meu dito, meu feito.** *fórm.:* Dit i fet / Tal dit, tal fet.
- **dar [u.p.] o dito por non dito.** *l.v.:* ara diu [u.p.] pa, ara diu peix. *Non te podes fiar: cando lle convén dá o dito por non dito.* No te'n pots refiar: quan li convén, ara diu pa, ara diu peix.

## DURMIR

- **durmír** [u.p.] **como** (*ou coma*) **un cepo / como un lirio / como un peixe / como unha pedra.** *l.v.:* dormir [u.p.] com el guix / com una rabassa / com un soc / com una soca / com un tronc. *Antes de apagar a luz xa dorme coma un lirio.* Abans d'apagar el llum ja dorm com una soca.

## EITO

- **a eito** (*en abundancia*). *l.adv.:* a balquena / a dojo / a dolls / a manta / a piles. *O domingo apañaron cogumelos a eito.* Diumenge van collir bolets a balquena.

## EIXE (OU EIXO)

- **entre o eixe e a roda.** *l.adv.:* entre l'espasa i la paret. *As declaracións da directora xeral puxeron o ministro entre o eixo e a roda.* Les declaracions de la directora general han posat el ministre entre l'espasa i la paret.
- **pór** (*ou poñer*) [u.p.] a alguén **fóra dos eixes.** *l.v.:* treure [u.p.] algú de mare / de pollequera. *Non o quero nin ver: é tan sabichón que me pon fóra dos eixos.* No el vull ni veure: és tan saberut que em treu de pollequera.

## EMBUDE

- **vir** [u.c.] **como** (*ou coma*) **embude en boca de xerro.** *l.v.:* anar [u.c.] com l'anell al dit. *As berenxenas que me deches viñéronme como embude en boca de xerro: precisamente quería facelas recheas e estaba para as ir mercar.* Les alberginies que em vas donar em van anar com l'anell al dit: precisament volia fer-ne de farcides i estava a punt d'anar-ne a comprar.

## EMBUTE

- **a embute** (*en abundancia*). *l.adv.:* a dojo / a dolls / a balquena / a manta / a piles. *Gañan diñeiro a embute.* Guanyen diners a dolls.

## ENFEIXAR

- **Quen moito enfeixa pouco ata.** *prov.:* Qui molt abraça poc estreny / Qui molt abraça i poc estreny fa l'home de poc seny.

## ENFEXO

- **ser** [u.p.] **un enfexo.** *l.v.:* ésser (*o ser*) [u.p.] un corcó. *Este estudante é un enfexo: non hai hora de visita que non veña para tentar rabuñar algún punto!* Aquest estudiant és un corcó: no es perd cap hora de visita per mirar d'esgarrapar algun punt!

## ENTENEDOR, -A

- **A bo entendedor, curto falador / A bo entendedor, pouca parola.** *prov.:* A bon entenedor, poques paraules.

## ENTENEMENTO

- **ser** [u.p.] **chousa de entendemento.** *l.v.:* ésser (*o ser*) [u.p.] dura de cap / de clepsa / de closca / de testa / ésser (*o ser*) [u.p.] un cap dur / tenir [u.p.] dur el cap (*o dura la clepsa / la closca / la testa*). *Vas ter que llo repetir vinte veces porque é algo chouso de entendemento.* L'hi hauràs de repetir vint vegades perquè és una mica dur de closca.

## ENVORCA

- **á envorca** (*en abundancia*). *l.adv.:* a dojo / a dolls / a balquena / a manta / a piles. *A auga abrollaba á envorca polas*

*gretas da rocha. L'aigua brollava a doxo per les esclétxes de la roca.*

#### ENFORCAR

- **coma quen enforca** (*chover*). *l.adv.*: a bots i barrals / a semalades. *Aos cinco minutos de saír comezou a chover coma quen enforca e tiven que dar volta para vir coller o paraugas.* Al cap de cinc minuts de sortir ha començat a ploure a bots i barrals i he hagut de tornar a agafar el paraigua.

#### ENXERGO

- **de enxergo**. *l.adv.*: de cua d'ull / de reüll. *Miraba para min de enxergo pensando que non me decatava.* Em mirava de cua d'ull, pensant-se que no me n'adonava.

#### ESCACHADO, -A

- **ser** [u.p.] **unha escachada**. *l.v.*: ésser (o ser) [u.p.] una penques. *Seu irmán sempre foi un escachado, non o teño visto traballar un só día.* El seu germà sempre ha estat un penques, no l'he vist treballar ni un sol día.

#### ESCONDIDAS

- **ás escondidas** de alguén. *l.adv.*: d'amagat d'algu / d'amagatotis. *Faciano todo ás escondidas por medo a que os pillasen.* Ho feien tot d'amagatotis per por que els enxampessin.

#### ESCURAS

- **ás escuras**. *l.adv.*: a les fosques. *Como o cuarto estaba ás escuras tiveron que entrar ás atoutiñas.* Com que l'habitació era a les fosques hi van haver d'entrar a les palpentos.

#### ESCURO

- **estar** [u.l.] **escuro como** (*ou coma*) **boca de lobo / como a boca do lobo / como a boca dun lobo**. *l.v.*: ésser (o ser) [u.ll.] fosc com la gola del llop / com una gola de llop. *Aquela cova estaba escura como a boca dun lobo, aínda ben que levabamos unha lanterna.* Aquella cova era fosca com la gola del llop, encara sort que dúiem una lot.

#### ESGUELLO

- **de esguello**. *l.adv.*: de cua d'ull / de reüll. *Miraba para min de esguello, pensando que non me daba de conta.* Em mirava de reüll, pensant-se que no me n'adonava.

#### FACER

- **facer aire / vento**. *col.*: fer aire / vent. *Non saias, que fai moito aire.* No surtis, que fa molt d'aire.
- **facer calor**. *col.*: fer calda / calor. *Fai tanta calor que se podería facer un ovo fritido no chan.* Fa tanta calor que es podria fer un ou ferrat a terra.
- **facer frío**. *col.*: fer fred. *Fai un frío que leva os dentes.* Fa un fred que gela.

#### FALA

- **non dar** [u.p.] **unha fala**. *l.v.*: no dir [u.p.] ni ase ni bèstia. *É ben raro, o teu amigo: en todo o tempo non deu unha fala.* És ben estrany, el teu amic: en tota l'estona no va dir ni ase ni bèstia.
- **sen dar** [u.p.] **unha fala**. *l.adv.*: sense dir [u.p.] ni ase ni bèstia. *Marchou sen dar unha fala, como se se incomodase.* Se'n va anar sense dir

ni ase ni bèstia, com si s'hagués empenyat.

#### FALAR

- **falar** [u.p.] **polos cóbados / polos cotobelos / polas orellas.** *l.v.:* falar [u.p.] pels descosits. *Non sabe estar calada: fala polos cóbados.* No se sap estar callada: parla pels descosits.
- **falar** [u.p.] **sen papas na boca.** *l.v.:* falar [u.p.] clar / clar i català / clar i net. *Non adoita abrir moito a boca, pero cando o fai, abofé que fala sen papas na boca.* No sol obrir gaire la boca, però quan ho fa, a fe de Déu que parla clar i net.

#### FAMA

- **Colle boa fama e bótate (ou déitate) a durmir.** *prov.:* Agafa (o cria) fama i posa't a jeure.

#### FARIÑA

- **ser** [u.c.] **fariña doutro fol / fariña doutra muiñada / viño doutra cepa.** *l.v.:* ésser (o ser) [u.c.] figues d'un altre paner / d'altre sostre. *Contar contábacho, pero coido que agora non vén a rego: é fariña doutro fol.* T'ho explicaria, però trobo que ara no ve a tomb: són figues d'un altre paner.

#### FARRAPO

- **importar** [u.c.] **un farrapo de gaita a alguén.** *l.v.:* importar [u.c.] una merda / un rave a algú. *Impórtacheme un farrapo de gaita que me botes de menos: pensáralo antes.* M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.

#### FARTAR

- **a fartar.** *l.adv.:* a palades / a cabassos / a piles / a dojo. *Hai pexegos a fartar:*

*podes levar todos os que queiras.* Hi ha préssecs a palades: en pots agafar tants com vulguis.

#### FARTURA

- **á fartura.** *l.adv.:* a palades / a cabassos / a piles / a dojo. *Hai pexegos á fartura: podes levar todos os que queiras.* Hi ha préssecs a piles: en pots agafar tants com vulguis.
- **nadar** [u.p.] **na fartura.** *l.v.:* nedar / viure [u.p.] en l'abundància. *Comezaron cunha tendiña de nada, pero cos anos foron xuntando cartos e agora nadan na fartura.* Van començar amb una botigueta de no-res, però amb els anys han fet calés i ara neden en l'abundància.

#### FEBREIRO

- **Auga de febreiro fai bo palleiro / cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo celeiro.** *prov.:* Aigua al febrer, civada al graner / Si plou al febrer, tot va bé.
- **Febreiriño curto cos seus vinte e oito, se dura máis catro non deixa can nin gato nin sapiño no burato.** *prov.:* Febreret curt, amb vint-i-vuit dies en surt.
- **Sementa avea en febreiro, se queres sacar diñeiro.** *prov.:* Qui sembra al febrer, collita té.

#### FECHAOLLOS

- **a fechaollos.** *l.adv.:* a ulls clucs. *Faría o que me pedise a fechaollos.* Faría el que em demanés a ulls clucs.

#### FENTO

- **importar** [u.c.] **un fento** a alguén. *l.v.:* importar [u.c.] una merda / un rave a algú. *Impórtacheme un fento, que*



*me botes de menos: pensáralo antes.*  
M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.

#### FEIRA

- **facér** [u.p.] **a súa feira** (*nun negocio*) / **facér feira**. *l.v.*: fer [u.p.] l'agost / el seu agost. *Con aquel chiolo fixeron a súa feira.* Amb aquella parada van fer el seu agost.

#### FERA

- **pórse** (*ou poñerse*) [u.p.] **feita unha fera**. *l.v.*: posar-se [u.p.] feta una fera. *Aparquei diante dunha pasaxe permanente e cando cheguei ao coche o dono da casa púxose feito unha fera.* Vaig aparcar davant d'un gual i en arribar al cotxe l'amo de la casa es va posar fet una fera.

#### FERRETE

- **botar** [u.p.] **un ferrete** (*facér o coito*) (*vulg.*). *l.v.*: fotre [u.p.] un clau. *Xúroche que esta noite non me hei de ir deitar sen botar un ferrete.* Et juro que aquesta nit no me n'aniré a dormir sense haver fotut un clau.

#### FERVURA

- **faltar unha fervura** a alguén (*non andar ben da cabeza*). *l.v.*: faltar un bull a algú. *Que cousas máis raras di! A ese fáltalle unha fervura, dígocho eu.* Quines coses més rares que diu! A aquest li falta un bull, t'ho dic jo.

#### FIAR

- **fiar** [u.p.] **fino** / **miúdo**. *l.v.*: filar [u.p.] prim. *Para facelo ben, vas ter que fiar moi miúdo.* Per fer-ho bé, hauràs de filar molt prim.

#### FILISPÍN

- **a todo filispín** (*do inglés full speed*). *l.adv.*: a tota merda / a tot drap. *Tivemos que marchar de aquel lugar a todo filispín para non apañar.* Vam haver de marxar d'aquell lloc a tot drap per no rebre.

#### FÍO

- **dar** [u.p.] **os fíos á tea** (*morrer*). *l.v.*: deixar-hi [u.p.] la pell. *Durante a guerra moitos soldados deron os fíos á tea.* Durant la guerra molts soldats hi van deixar la pell.

#### FOCIÑOS

- **estar** (*ou ser*) [u.c.] **de lamber os fociños**. *l.v.*: estar (o ser) [u.c.] per llepar-se'n els bigotis / els dits. *Unhas filloas de lamber os fociños.* Unes creps per llepar-se'n els bigotis.
- **lamber** [u.p.] **os fociños** (*por algo moi bo*). *l.v.*: llepar-se'n [u.p.] els bigotis / els dits. *Has lamber os fociños, coa bica.* Te'n lleparàs els dits, amb la coca.

#### FOGUETE

- **botar** [u.p.] **un foguete** (*facér o coito*) (*vulg.*). *l.v.*: fotre [u.p.] un clau. *Xúroche que esta noite non me hei de ir deitar sen botar un foguete.* Et juro que aquesta nit no me n'aniré a dormir sense haver fotut un clau.

#### FORMIGO

- **sacar** [u.p.] **o formigo dos pés**. *l.v.*: tocar [u.p.] el pirandó. *Cando entrou no bar e viunos a mocear na barra, decidiu que mellor lle era sacar o formigo dos pés.* Quan va entrar al bar i els va veure lligant a la barra, va decidir que era millor tocar el pirandó.

## FREO

- **pór** (*ou poñer*) [u.p.] **freo** a alguén. *l.v.*: parar [u.p.] els peus a algú. *Se non lle pos freo axiña, aínda ha ser peor.* Si no li pares els peus aviat, encara será pitjor.

## FUNGO DA MUÑA

- **Sombra de lateiro, fungo da muña no abeiro.** *prov.*: Pinetells i rovellons s'amaguen pels racons.

## FURIA

- **pórse** (*ou poñerse*) [u.p.] **feita unha furia.** *l.v.*: posar-se [u.p.] feta una fera / una fúria. *Cando o soubo, púxose feito unha furia.* Quan se'n va assabentar, es va posar fet una fúria. *Estaba na barra, feito unha furia porque non sei quen llas cascara fervendo.* Era a la barra, fet una fúria perquè no sé qui li havia cantat les veritats.

## FURTADELAS

- **ás furtadelas.** *l.adv.*: a furt. *Non permitían pescar naquel regato e fíxoo ás furtadelas, esquivando a vixilancia.* No permetien de pescar en aquell rierol i va fer-ho a furt, esquivant la vigilància.

## FURTO

- **a furto.** *l.adv.*: a furt. *Non permitían pescar naquel regato e fíxoo a furto, esquivando a vixilancia.* No permetien de pescar en aquell rierol i va fer-ho a furt, esquivant la vigilància.

## FUXIR

- **fuxir** [u.p.] **da cinza e caer nas brasas.** *l.v.*: fugir [u.p.] del foc i caure a les brasas. *Conseguiu escapar do*

*cárcere, pero fóra esperábano os colegas que delatará: fuxiu da cinza e caeu nas brasas.* Va aconseguir escapar-se de la presó, però fora l'esperaven els col·legues que havia delatat: va fugir del foc i va caure a les brasas.

## GAIOLA

- **entrar** [u.p.] **á gaiola / na gaiola.** *l.v.*: caure-hi [u.p.] de quatre grapes / potes. *Mira que te avisei de que era unha estafa, pero ti volviches entrar á gaiola.* Mira que et vaig avisar que era una estafa, però tu hi has tornat a caure de quatre grapes.

## GALLARÓN

- **a gallarón.** *l.adv.*: a borbollades / a borbollons / a borbolls. *A auga saía a gallarón da pota.* L'aigua sobreixia de l'olla a borbollades.

## GALLAROPE

- **a gallarope / a gallaropes.** *l.adv.*: a borbollades / a borbollons / a borbolls. *Na caída da ferverza a auga saía a gallaropes cara á superficie.* A la caiguda de la cascada l'aigua sortia a borbollons cap a la superfície.

## GALO

- **Cada galo ao seu galiñeiro / Cada galo ao seu galiñeiro e cada pola ao seu poleiro.** *prov.*: Cada ocell al seu niu.
- **Cada galo canta no seu galiñeiro / Cada galo canta no seu galiñeiro; e o que é bo, no seu e no alleo.** *prov.*: Cada gall canta en son galliner / Cada gall en son galliner canta molt bé.
- **Cando o galo cacarexa, algo pasa na eira.** *prov.*: Quan els gossos lladren, alguna cosa senten.

- **Dous galos nun galiñeiro non cacarexan ben.** *prov.:* Dos galls dins un galliner no canten bé.

#### GARGALLADA

- **rir** [u.p.] **ás gargalladas.** *l.v.:* fer-se [u.p.] un tip de riure / riure [u.p.] pels colzes / per les butxaques. *Faime rir ás gargalladas coas historias que conta.* Em faig un tip de riure, amb les històries que conta.

#### GATIÑAS

- **a gatiñas / de gatiñas.** *l.adv.:* de grapes / de quatre grapes. *Aínda que é moi cativo xa anda de gatiñas.* Tot i que encara és molt petit, ja camina de quatre grapes.

#### GATO

- **Gato berrador, mal murador / Gato miador (ou maiador) non é bo cazador / Gato que moito miaña, poucos ratos caza.** *prov.:* Gat maulador és poc ratador / Gat maulador, mal caçador / Gat que miola no caça.
- **Gato escaldado, da auga fría foxe.** *prov.:* Gat escaldat, de l'aigua freda fuig.
- **Na casa na que non hai gatos, campan os ratos.** *prov.:* Quan el gat no hi és, les rates ballen.
- **O gato lambón pensa que todos son da súa condición.** *prov.:* Pensa el lladre que tothom roba.

#### GOLFARÓN

- **a golfarón / a golfaróns / aos golfaróns.** *l.adv.:* a borbollades / a borbollons / a borbolls. *O sangue saíalle a golfaróns pola ferida.* La sang li rajava a borbolls per la ferida.

#### GRILLO

- **estar** [u.p.] **como (ou coma) unha cachapa de grilos / como unha esportista de grilos.** *l.v.:* estar [u.p.] com un llum. *Cando o vexas facendo das súas, haste decatar de que está como unha esportista de grilos.* Quan el vegis fent-ne de les seves, t'adonarás que està com un llum.

#### HABELENIA

- **Máis vale habelenia que forza sen ciencia.** *prov.:* Val més enginy que força / Val més traça que força.

#### HORTA

- **andar** [u.p.] **na horta.** *l.v.:* baixar / venir [u.p.] de l'hort. *Rapaz, parece que andes na horta, se todos os medios teñen falado diso!* Noí, sembla que baixis de l'hort, si n'han parlat tots els mitjans!

#### INFERNO

- **Está o inferno cheo de mal agradecidos / De mal agradecidos, está o inferno cheo.** *prov.:* De desagraïts, l'infern n'és ple.

#### IR

- **ir aire / vento.** *col.:* fer aire / vent. *Despois; arestora vai moito vento.* Després; ara mateix fa molt de vent.
- **ir calor.** *col.:* fer calda / calor. *Que calor vai!* Quina calor que fa!
- **ir frío.** *col.:* fer fred. *Vai un frío que non se para.* Fa un fred que pela.
- **ir** [u.p.] **indo** 1. *l.v.:* anar [u.p.] fent. – *Como andamos? –Vou indo, non me podo queixar.* –Com va? –Vaig fent, no em puc pas queixar. | 2 (marchar dun lugar ou dirixirse cara a un

lugar): fer un pensament. *Haberá que ir indo, ou chegamos tarde.* Hauríem de fer un pensament, o farem salat.

#### LADRÓN

- **Pensa o ladrón que son todos da súa condición.** *prov.:* Pensa el lladre que tothom roba.

#### LAGARTO

- **botar / dicir** [u.p.] **cobras e lagartos** de alguén / **sapos e lagartos.** *l.v.:* dir [u.p.] penxamentos d'algú. *É unha má persoa: todo o mundo di cobras e lagartos del.* És una mala persoa: tothom en diu penxamentos.

#### LANDRA

- **importar** [u.c.] **unha landra** a alguén. *l.v.:* importar [u.c.] un rave a algú. *Impórtacheme unha landra, que me botes de menos: pensáralo antes.* M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.
- **non valer** [u.c.] **unha landra.** *l.v.:* no valer [u.c.] un clau / un rave. *Este menú non vale unha landra, na casa vou ter que volver xantar.* Aquest menú no val un rave, a casa hauré de tornar a dinar.

#### LATA

- **dar** [u.p.] **a lata** a alguén. *l.v.:* clavar (o donar) [u.p.] la lata / la llauna a algú / donar [u.p.] la tabarra a algú. *Cada vez que me atopa dáme tanto a lata que acabo con dor de cabeza.* Cada cop que em troba em dóna tant la llauna que acabo amb mal de cap.

#### LATEIRO

- **Sombra de lateiro, fungo da muña no abeiro.** *prov.:* Pinetells i rovellons s'amaguen pels racons.

#### LEDO, -A

- **ledo como (ou coma) micho con axóuxere / como un cuco / como un rulo / como unhas pascuas (ou páscoas).** *l.adv.:* més content que un gínjol / que unes pasqües. *Cando viu que os reis lle levaran o que pedira, púxose leda como un cuco.* Quan va veure que els reis li havien dut el que havia demanat, es va posar més contenta que un gínjol.

#### LEI

- **ser** [u.c.] **lei de vida.** *l.v.:* ésser (o ser) [u.c.] llei de vida. *Todo o mundo morre algún día: é lei de vida.* Tothom es mor un día o altre: és llei de vida.

#### LENDIA

- **ser** [u.p.] **unha lendia.** *l.v.:* ésser (o ser) [u.p.] una paparra / una (o un) plepa. *O seu curmán, que lendia: non o podes tirar de enriba.* El seu cosí, quina paparra: no te'l pots treure de sobre.

#### LERIA

- **dar** [u.p.] **a leria** a alguén. *l.v.:* clavar / donar [u.p.] la lata / la llauna a algú / donar [u.p.] la tabarra a algú. *Cada vez que me atopa dáme tanto a leria que acabo con dor de cabeza.* Cada cop que em troba em dóna tant la tabarra que acabo amb mal de cap.

#### LERIO

- **Que lerio!** *fórm.:* Quina llauna! *Ai, que lerio de película!* Renoí, quina llauna de pel·lícula!
- **dar** [u.p.] **o lerio** a alguén. *l.v.:* clavar / donar [u.p.] la lata / la llauna a algú / donar [u.p.] la tabarra a algú. *Cada*

*vez que me atopa dáme tanto o lerio que acabo con dor de cabeza.* Cada cop que em troba em dóna tant la lata que acabo amb mal de cap.

#### LEVANTAR

- **levantar** [u.p.] **os tarecos / levantar (o) campamento.** *l.v.:* tocar [u.p.] el dos. *As dúas en punto levantan os tarecos: de alí a cinco minutos xa non os vas encontrar nunca.* A les dues en punt toquen el dos: no els hi trobaràs mai cinc minuts més tard.

#### LINGUA

- **estalar** [u.p.] **a lingua.** *col.:* *l.v.* tocar [u.p.] l'ase. *Non estales a lingua e faino dunha vez, que sempre te queixas de todo.* No toquis l'ase i fes-ho d'una vegada, que sempre et queixes de tot.

#### LOBO

- **Nunca o lobo mata o lobo.** *prov.:* Llops amb llops no es mosseguen.
- **O lobo muda o pelo, mais non o vezo.** *prov.:* El llop muda les dents, però no els pensaments.
- **Quen con lobos anda, a ouvear aprende.** *prov.:* Qui amb llops va, s'amostra a aüllar.

#### MAIO

- **Auga de maio, pan para todo o ano.** *prov.:* Maig humit fa el pagès ric / Pluges de maig, garrofes a raig.
- **Cava, labor e barbeito, en maio han de estar feitos.** *prov.:* Llauri qui no llaurà, que el mes de maig entrà.
- **Touro e galo, troita e barbo, todo en maio.** *prov.:* Pel maig, floreix el faig i canta el gaig.

#### MAL

- **ir** [u.c./u.p.] **de mal a peor / de mal en peor.** *l.v.:* anar [u.c./u.p.] a mal / de mal en pitjor. *O negocio vai de mal en peor: cada día ten máis perdas.* El negoci va de mal en pitjor: cada dia té més pèrdues.

#### MALLAR

- **ir** [u.p.] **mallar e vir mallado.** *l.v.:* anar [u.p.] per llana i tornar tos. *Quixo desacreditar o presidente revelando detalles da súa vida íntima, mais este retrucoulle con datos moito máis comprometedores sobre el: o coitado foi mallar e veu mallado.* Va voler desacreditar el president revelant detalls de la seva vida íntima, però aquest s'hi va tornar amb dades molt més comprometedores sobre ell: el pobre va anar per llana i va tornar tos.

#### MAN

- **ás mans cheas** (*en abundancia*). *l.adv.:* a grapats. *Non sei como faría para o ano pasado ter gañado diñeiro ás mans cheas e agora ter que fechar o negocio.* No sé què coi deu haver fet per haver guanyat diners a grapats l'any passat i ara haver de tancar el negoci.
- **cunha man diante e outra atrás.** *l.adv.:* amb una sabata i una espadenya. *Emigramos cunha man diante e outra atrás, pero fomos para diante.* Vam emigrar amb una sabata i una espadenya, però ens en vam sortir.
- **dar / botar** [u.p.] **unha man** a alguén. *l.v.:* donar [u.p.] un cop de mà a algú. *Pedume que lle botase unha man coa mudanza e funo axudar coa furgoneta.* Em va demanar que li

donés un cop de mà amb el trasllat i el vaig anar a ajudar amb la furgoneta.

- **ser** [u.p.] **a man dereita de alguén.** *l.v.*: ésser (o ser) [u.p.] la mà dreta d'algú. *Malia non ser conselleiro, o presidente considérao a súa man dereita.* Malgrat que no és conseller, el president el considera la seva mà dreta.

#### MANCHEAS

- **a mancheas** (*en abundancia*). *l.adv.*: a grapats. *Non sei como faría para o ano pasado ter gañado diñeiro a mancheas e agora ter que fechar o negocio.* No sé què coi deu haver fet per haver guanyat diners a grapats l'any passat i ara haver de tancar el negoci.

#### MAR

- **botarse** [u.p.] **ao mar.** *l.v.*: fer [u.p.] un cop de cap. *Botouse ao mar e foi vivir ao rural, lonxe da cidade que o abafaba.* Va fer un cop de cap i se'n va anar a viure al camp, lluny de la ciutat que l'asfixiava.

#### MARAXÁ

- **vivir** [u.p.] **coma (ou como) un maraxá.** *l.v.*: viure [u.p.] com un sàtrapa. *Desde que traspasou o negocio e se xubilou, vive coma un maraxá.* Des que va traspasar el negoci i es va jubilar que viu com un sàtrapa.

#### MARCHA

- **a marchas forzadas.** *l.adv.*: a marxes forçades. *Tivemos de avanzar a marchas forzadas para terminar a etapa no prazo estipulado.* Vam haver d'avançar a marxes forçades per acabar l'etapa en el termini estipulat.

#### MARZO

- **En marzo, espigarzo.** *prov.*: Mes de març, pigards / Pel març, pigues i barbs.
- **Marzo, marzal: á mañá cara de sol e á tarde cara de can.** *prov.*: Març, marçó: al matí cara de gos i al vespre galant i minyó.
- **Sol de marzo queima as donas no pazo.** *prov.*: El sol de març es coneix set anys a la cara / Març marcer, sol carasser.

#### MAZADO, -A

- **ir (ou andar, vir)** [u.p.] **mazada** (*por causa do alcohol ou doutras drogas*). *l.v.*: anar [u.p.] passada (de voltes). *Viñan mazados de todo.* Anaven completament passats de voltes.

#### MEDO

- **dar / meter / pór [ou poñer]** [u.c.] / [u.p.] **medo** a alguén. *col.*: fer [u.c.] / [u.p.] por a algú. *Aquela tormenta metía medo.* Aquella tempesta feia por. *Non che me dá medo ningún.* No em fa cap por. *Xa non me pon medo este pé, ten mellorado moito.* Ja no em fa por aquest peu, ha millorat molt.
- **que mete medo** [u.c./u.p.] (*ponderativo*). *fór.*: *fórm.* que Déu n'hi do [o que Déu n'hi doret]. *Conta unhas mentiras que mete medo.* Diu unes mentides que Déu n'hi do. *Comía que metía medo.* Menjava que Déu n'hi do.

#### MENIÑA DOS OLLOS

- **ser** [u.p.] **a meniña dos ollos** de alguén. *l.v.*: ésser [u.p.] la nina (o la nineta) dels ulls d'algú. *A filla pequena era a meniña dos seus ollos.* La filla petita era la nina dels seus ulls.

## MERDA

- **importar** [u.c.] **unha merda** a alguén. *l.v.*: importar [u.c.] un rave / una merda a algú. *Impórtacheme unha merda que non che apeteza ir: vas e punto.* M'importa una merda que no tinguis ganas d'anar-hi: hi vas i punt.

## MESA

- **sentarse** [u.p.] **á mesa**. *col.*: asseure's / posar-se [u.p.] a taula. *Cando os pais chegaron de traballar, sentáronse todos á mesa.* Quan els pares van haver arribat de treballar, es van asseure tots a taula.

## MESMO, -A

- **por** el mesmo. *l.adv.*: per ell mateix. *Aínda que non ve moito, válese por el mesmo.* Tot i que no s'hi veu gaire, es val per si mateix.

## MINCHA

- **importar** [u.c.] **unha mincha** a alguén. *l.v.*: importar [u.c.] un rave a algú / una merda. *Impórtacheme unha mincha que me botes de menos: pensáralo antes.* M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.
- **non valer** [u.c.] **unha mincha**. *l.v.*: no valer [u.c.] un clau / un rave. *Este menú non vale unha mincha, na casa vou ter que volver xantar.* Aquest menú no val un rave, a casa hauré de tornar a dinar.

## MIÚDO

- **polo miúdo** 1 (*venda*). *l.adv.*: al detall. *Naqueles almacéns tamén venden polo miúdo.* En aquells magatzems també venen al detall. | 2 (*con todo o detalle*): fil per randa / amb tots

els (seus) ets i uts. *Explicoume a situación polo miúdo e fixenme cargo das tremendas dificultades que afrontabamos.* Em va explicar la situació fil per randa i em vaig fer càrrec de les tremendes dificultats que afrontàvem.

## MOITO

- **ser** [u.c./u.p.] **moito** (*ou ser moitiño*) (*ponderativo*). *l.v.*: *fórm.* (que) Déu n'hi do / Déu n'hi doret. *Conta unhas mentiras que é moito.* Diu unes mentides que Déu n'hi do. *É moitiño, aquel rapaz.* Déu n'hi doret, aquell noi.

## MONA

- **Aínda que a mona se vista ben, mona era e mona é / Aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona queda.** *prov.*: Encara que es vesteixi de seda, la mona mona es queda.

## MONTÓN

- **a (aos) montóns** (*en abundancia*). *l.adv.*: a munts / a muntó. *Havía roxóns, biscoitos e filloas aos montóns.* Hi havia llardons, cócs i creps a muntó.

## MOUCHO

- **Cada moucho no seu souto.** *prov.*: Cada ocell al seu niu / Cadascú a casa seva i Déu a la de tots.

## MOREA

- **a (ás) moreas** (*en abundancia*). *l.adv.*: a munts / a muntó. *Havía roxóns, biscoitos e filloas ás moreas.* Hi havia llardons, cócs i creps a munts.

## MORRER

- **morrer** [u.p.] **como** (*ou coma*) **un can / como un can sarnento.** *l.v.*: morir

[u.p.] com un gos. *Vivían e morrían como cans, aquela xentiña.* Vivien i morien com gossos, aquela pobra gent.

- **morrer** [u.p.] **de aburrimiento.** *l.v.:* morir-se [u.p.] d'avorriment. *Cando non hai festas morro de aburrimiento.* Quan no hi ha festes em moro d'avorriment.

## MUNDO

- **custar** [u.c.] **sete mundos.** *l.v.:* costar [u.c.] un ull (de la cara) / un ronyó / un sentit. *E logo como fixeches para mercar este bolso? Sei que custa sete mundos!* Però com t'ho has fet per comprar-te aquesta bossa? Si costa un ronyó!

## NABO

- **irse** [u.c.] **ao (ou para o) nabo.** *l.v.:* anarse'n [u.c.] en orri (*o* en orris). *Por culpa do raio da crise os plans de expansión foron todos para o nabo.* Per culpa de la maleida crisi, els plans d'expansió se n'han anat tots en orris.

## NADAL

- **Polo Nadal, cada ovella ao seu curral.** *prov.:* Per Nadal, cada ovella al seu corral.

## NADAR

- **nadar** [u.p.] **en bens / na fartura.** *l.v.:* nedar / viure [u.p.] en l'abundància. *Comezaron cunha tendiña de nada, pero cos anos foron xuntando cartos e agora nadan na fartura.* Van començar amb una botigueta de no-res, però amb els anys han fet calés i ara neden en l'abundància.

## NOVEMBRE

- **Se no mes de novembro sen abrigo vas, ou moi pobre es ou moi mal estás.**

*prov.:* De novembre enllà, agafa la manta i no la deixis estar.

## OCULTAS

- **ás ocultas.** *l.adv.:* d'amagat (d'algú) / d'amagatotis. *Faciano todo ás ocultas por medo a que os pillasen.* Ho feien tot d'amagatotis per por que els enxampessin.

## OLLADA

- **botar (ou dar)** [u.p.] **unha ollada / unha olladela** a algo. *l.v.:* donar / fer [u.p.] un cop d'ull / donar [u.p.] una ullada a alguna cosa. *Déixame o artigo enriba da mesa que máis tarde hei de lle dar unha ollada.* Deixa'm l'article damunt la taula que més tard vull donar-hi una ullada.

## OLLO

- **a ollo.** *l.adv.:* a ull / a bell ull. *Así, a ollo, diría que debe de haber unhas mil persoas.* Així, a ull, diria que hi deu haver unes mil persones.
- **nun chiscar de ollos / nun virar de ollos / nun volver de ollos.** *l.adv.:* en un batre d'ulls / en un girar d'ulls / en un tancar i obrir d'ulls. *Fai todo o que lle pido nun chiscar de ollos.* Fa tot el que li demano en un tancar i obrir d'ulls.
- **abrir** [u.p.] **os ollos.** *l.v.:* obrir [u.p.] els ulls. *Parece que despois de moito tempo negándose a aceptar a realidade abriu os ollos e decatouse de que o enganaban.* Sembla que després de molt de temps negant-se a acceptar la realitat ha obert els ulls i s'ha adonat que l'enganyaven.
- **abrirlle** [u.p./u.c.] **os ollos** a alguén. *l.v.:* obrir [u.p./u.c.] els ulls a algú. *Por fin conseguimos abrirlle os ollos e que*



*se decatase de que vivía enganado. A la fi vam conseguir obrir-li els ulls i que s'adonés que vivia enganyat.*

- **botarille** [u.p.] **o ollo** a algo. *l.v.*: clavar / posar [u.p.] els ulls en algú / damunt / en alguna cosa. *Desde que lle botou o ollo a aquela rapaza non pensa en máis nada.* Des que va posar els ulls en aquella noia que no pensa en res més.
- **comer** [u.p.] alguén / algo **cos ollos**. *l.v.*: menjar-se [u.p.] algú / alguna cosa amb els ulls. *Por moito que o tentase non podía deixar de miralo: comíao cos ollos cando o tiña preto.* Per més que ho intentava no es podia estar de mirar-se'l: se'l menjava amb els ulls, quan el tenia a la vora.
- **custar** [u.c.] **os ollos da cara**. *l.v.*: costar [u.c.] un ull (de la cara) / un ronyó / un sentit. *E logo como fixeches para mercar este bolso? Sei que custa os ollos da cara! Però com t'ho has fet per comprar-te aquesta bossa? Si costa un ull de la cara!*
- **chiscar** [u.p.] **o ollo** a alguén. *l.v.*: fer / picar [u.p.] l'ullet a algú. *Sempre que paso por diante dela chiscame o ollo: e se lle gusto?* Sempre que passo per davant seu em pica l'ullet: i si li agrado?
- **non fechar / non pechar** [u.p.] **ollo**. *l.v.*: no poder [u.p.] aclucar els ulls / l'ull. *Non puiden fechar ollo en toda a noite.* No vaig poder aclucar l'ull en tota la nit.
- **non sacar / tirar** [u.p.] **o ollo** a (de) algo / a (de) alguén. *l.v.*: no perdre [u.p.] d'ull algú / no treure [u.p.] els ulls (de sobre) a algú. *Contratáronme para que non lle tirase o ollo e é o que vou facer.* M'han contractat perquè

no li tregui els ulls de sobre i és el que penso fer.

- **ter** [u.p.] **ollo**. *l.v.*: tenir [u.p.] ull. *Ten moito ollo para estas cousas: ao momento de coñecer alguén xa sabe se se pode fiar ou non.* Té molt ull, per aquestes coses: al cap d'un moment de conèixer algú ja sap si se'n pot refiar o no.

## OMBRO

- **ao ombreiro (ou ao ombro) / no ombreiro / nos ombreiros**. *l.adv.*: a coll / a collibè. *Levábano nos ombros porque estaba canso.* El duien a coll perquè estava cansat.
- **encoller** [u.p.] **os ombros**. *l.v.*: arronsar-se (o encongir-se) [u.p.] d'espatlles / arronsar (o encongir) [u.p.] les espatlles. *Sen saber que dicir, encolleu os ombros e marchou de alí.* Sense saber què dir, es va encongir d'espatlles i se'n va anar.
- **mirar (ou ollar)** [u.p.] **por riba do ombro** a alguén. *l.v.*: mirar [u.p.] algú de dalt a baix. *Que tes? Pensas que por ter máis diñeiro xa me podes mirar por riba do ombro, ou?* Què et passa? Et penses que perquè tens més diners ja em pots mirar de dalt a baix o què?

## OURO

- **facerse** [u.p.] **de ouro**. *l.v.*: fer-se [u.p.] (la barba) d'or. *Desde que ideou un sistema para enganar as máquinas comecartos, fíxose de ouro.* Des que va idear un sistema per **enganyar** les màquines escurabutxaques, s'ha fet d'or.

## OVELLA

- **Ovella de moitos, cómea o lobo**. *prov.*: Ovella de molts, el llop se la menja.

## PALABRA

- **deixar** [u.p.] a alguén **coa palabra na boca**. *l.v.*: deixar [u.p.] algú amb a paraula a la boca / amb mitja paraula a la boca. *Non me quere escoitar: sempre que lle tento dar un consello marcha e déixame coa palabra na boca.* No em vol escoltar: sempre que li intento donar un consell se'n va i em deixa amb la paraula a la boca.
- **A palabras tolas, orellas xordas**. *prov.*: A paraules folles, orelles sordes.

## PAMPO, -A

- **pintar / facer** [u.p.] **o pampo** (*pintar o parvo*). *l.v.*: fer [u.p.] el préssec. *A intención era boa, pero dáme a impresión de que fixemos o pampo.* La intenció era bona, però em fa l'efecte que hem fet el préssec.

## PAN

- **a pan e auga**. *l.adv.*: a pa i auga. *Estou a pan e auga porque me dixo o doutor que teño que enmagreecer.* Estic a pa i auga perquè el metge m'ha dit que m'haig d'aprimar.
- **a pan pedir** (*arruinado*). *l.adv.*: a l'última pregunta. *Roubáronlle canto tiña, deixárono a pan pedir.* Li han robat tot el que tenia, l'han deixat a l'última pregunta.
- **por un anaco de pan** (*por nada, por un prezo moi baixo*) *l.adv.*: per un plat de lleties / per un tros de pa. *Venderon o país por un anaco de pan: con esta clase política non se pode ir para diante.* S'han venut el país per un plat de lleties: amb aquesta classe política no es pot anar endavant.
- **faltarlle o pan** a alguén. *l.v.*: no tenir [u.p.] un pa a la post. *Fáltalle o pan,*

*pero se non o soubeses non o dirías.*  
No té un pa a la post, però si no ho sabessis no ho diries pas.

- **gañar** [u.p.] **o pan / o pan de cada día**. *l.v.*: guanyar-se [u.p.] el pa / les garrofes. *Por sorte, malia a crise, podo gañar o pan honradamente.* Per sort, tot i la crisi, em puc guanyar les garrofes honradament.
- **gañar** [u.p.] **o pan coa suor da súa testa / da súa fronte**. *l.v.*: guanyar-se [u.p.] el pa amb la suor del seu front. *O meu fillo, desde que marchou da casa, gañou sempre o pan coa suor da súa testa.* El meu fill, des que se'n va anar de casa, s'ha guanyat el pa amb la suor del seu front.
- **levarse** [d.p.] **coma o pan e o leite**. *l.v.*: portar-se [d.p.] bé. *Lévanse coma o pan e o leite, teu pai e miña nai; ti pensas que van acabar xuntos?* Es porten la mar de bé, el teu pare i la meva mare; et sembla que acabaran junts?
- **pór** (*ou poñer*) [u.p.] alguén **a pan pedir**. *l.v.*: deixar [u.p.] algú com un drap brut. *Durante o congreso puxérono a pan pedir, pero nin sequera se quixo defender cando lle deron a oportunidade de falar.* Durant el congrés el van deixar com un drap brut, però ni tan sols es va voler defensar quan li van donar l'oportunitat de parlar.
- **precisar** [u.p.] unha cousa **como** (*ou coma*) **o pan da boca**. *l.v.*: necessitar [u.p.] alguna cosa com el pa / com el pa que es menja. *Precisaba a droga coma o pan da boca.* Necessitava la droga com el pa que es menja.
- **ser** [u.p.] **un anaco de pan**. *l.v.*: ser [u.p.] un tros de pa. *Tes un fillo que é un*

*anaco de pan.* Tens un fill que és un tros de pa.

- **xogar** [u.p.] **con pan vello** (*non o arriscar todo*). *l.v.*: nedar [u.p.] i guardar la roba. *Xa chega de tanto xogar con pan vello: é o momento de dar un salto decidido cara a diante.* S'ha acabat això de nedar i guardar la roba: és el moment de fer un salt decidit cap endavant.
- **A falta de pan, boa é a bola de millo / A falta de pan, cómese bica.** *prov.*: A falta de pa, bona és la coca.
- **Dáme pan e chámame can.** *prov.*: Afarta'm i digue'm moro (*ant.*).
- **Dicir (ou falar) pan por pan / Dicir (ou falar) pan por pan e viño por viño.** *prov.*: Al pa, pa, i al vi, vi.
- **Pan mole de seu se engole.** *prov.*: Pa blanet passa collet.

#### PANCADA

- **non dar** [u.p.] **pancada.** *l.v.*: no fotre [u.p.] brot. *Oito horas sen dar pancada!* Vuit hores sense fotre brot!
- **ter** [u.p.] **pancada.** *l.v.*: tenir [u.p.] penques. *Mira que chegas a ter pancada: despois do que me fixeches e aínda es quen de me pedires diñeiro?* Mira que arribes a tenir penques: després de tot el que m'has fet i encara t'atreveixes a demanar-me diners?

#### PANDOTE

- **ser** [u.p.] **o pandote.** *l.v.*: ésser (*o ser*) [u.p.] l'ase dels cops. *Xa estou farto de ser o pandote desta empresa. Sempre teño eu a culpa de todo!* Ja n'estic fart, de ser l'ase dels cops d'aquesta empresa. Sempre tinc la culpa de tot!

#### PANO

- **De tal pano, tal saia.** *prov.*: De tal buc, tal eixam.

#### PARVO, -A

- **pintar / facer** [u.p.] **o parvo.** *l.v.*: fer [u.p.] el préssec. *A intención era boa, pero dáme a impresión de que pintamos o parvo.* La intenció era bona, però em fa l'efecte que hem fet el préssec.
- **ser** [u.p.] **máis parva ca pouco / que os pelos do cu.** *l.v.*: ésser (*o ser*) [u.p.] més ruca que feta d'encàrrec / que un sabatot. *Non hai nada que facer con este raparigo: é máis parvo ca pouco.* No en farem res, d'aquest vailet: és més ruc que un sabatot. *Este gato é máis parvo que os pelos do cu: xa o atropelaron tres veces, pero el segue a cruzar a estrada pola curva.* Aquest gat és més ruc que fet d'encàrrec: ja l'han atropellat tres cops, però ell segueix travessant la carretera pel revolt.

#### PATA

- **meter** [u.p.] **a pata.** *l.v.*: ficar [u.p.] la pota. *Non lle tiñas que ter dito nada: metiches a pata.* No n'hi havies d'haver dit res: has ficat la pota.

#### PATACA

- **andar** [u.p.] **nas patacas.** *l.v.*: baixar / venir [u.p.] de l'hort. *Rapaz, parece que andes nas patacas, se todos os medios teñen falado diso!* Noi, sembla que baixis de l'hort, si n'han parlat tots els mitjans!

#### PATACO

- **importar** [u.c.] **un pataco** a alguén. *l.v.*: importar [u.c.] un rave / una merda a algú. *Impórtacheme un pataco, que*

*me botes de menos: pensáralo antes.*  
M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.

- **non valer** [u.c.] **un pataco**. *l.v.*: no valer [u.c.] un clau / un rave. *Este menú non vale un pataco, na casa vou ter que volver xantar.* Aquest menú no val un rave, a casa hauré de tornar a dinar.

#### PATAQUEIRA

- **ir** [u.p.] **para a pataqueira**. *l.v.*: anar (o anar-se'n) [u.p.] al canyet / a l'altre barri / a can Pistras. *Vendo como conducía, non che me sorprende nada que fose para a pataqueira dun accidente.* Veient com conduia, no em sorprèn gens que se n'hagi anat al canyet d'un accident.

#### PAU

- **De tal pau, tal racha**. *prov.*: De tal buc, tal eixam.

#### PÉ

- **a pé**. *l.adv.*: a peu. *Uns foron a pé e os outros en autobús.* Els uns hi han anat a peu i els altres amb autobús.
- **batendo cos pés no cu**. *l.adv.*: cames ajudeu-me. *Cando viu quen entraba pola porta, liscou batendo cos pés no cu.* Quan va veure qui entrava per la porta, va guillar cames ajudeu-me.
- **de pé**. *l.adv.*: a peu dret / dempeus / dret. *Como xa non había cadeiras libres, tivemos que ver o concerto de pé.* Com que ja no hi havia cadeires lliures, vam haver de veure el concert a peu dret.
- **dos pés á cabeza**. *l.adv.*: de cap a peus. *Chegou á casa pingando dos pés á cabeza.* Va arribar a casa xop de cap a peus.

- **andar (ou ir)** [u.p.] **con pés de la / con pés de manteiga**. *l.v.*: anar [u.p.] amb peus de plom. *Para entrar sen que nos vexan teremos que ir con pés de la, que hai moita vixilancia.* Per entrar-hi sense que ens vegin haurem d'anar amb els peus de plom, que hi ha molta vigilància.
- **chamar** [u.p.] **aos pés compañeiros**. *l.v.*: tocar [u.p.] el pirandó. *Cando entrou no bar e viu ali na barra a mocear, decidiu que mellor lle era chamar aos pés compañeiros.* Quan va entrar al bar i els va veure lligant a la barra, va decidir que era millor tocar el pirandó.
- **erguerse (ou levantarse)** [u.p.] **co pé esquerdo**. *l.v.*: llevar-se [u.p.] amb el peu esquerre. *Esta mañá erguinme co pé esquerdo.* Aquest matí m'he llevat amb el peu esquerre.
- **estar** [u.p.] **cos pés na cova / cun pé na cova**. *l.v.*: tenir [u.p.] un peu a la fossa (o a la tomba). *Non me estraña que morrese: xa había tempo que estaba cos pés na cova.* No m'estranya que s'hagi mort: ja feia temps que tenia un peu a la fossa.
- **meter** [u.p.] **o pé na argola**. *l.v.*: ficar [u.p.] la pota / el rem / ficar-se [u.p.] de peus a la galleda. *Xa volvin meter o pé na argola: non me lembrei de que a festa era unha sorpresa e dixenllo.* Ja m'he tornat a ficar de peus a la galleda: no m'he recordat que la festa era una sorpresa i l'hi he explicat.
- **non poder** [u.p.] **cos pés**. *l.v.*: no aguantar-se [u.p.] els pets / pixar-se [u.p.] a la sabata. *Xa hai tempo que o profesor; tan brillante uns anos aí atrás, non pode cos pés: sonche cousas da idade.* Ja fa temps que el professor,

fa uns anys tan brillant, es pixa a la sabata: són coses de l'edat.

- **non se ter** [u.p.] **de pé / non se ter en pé.** *l.v.:* no aguantar-se [u.p.] dreta. *Non se ten en pé do bévedo que vai.* No s'aguanta dret de mamat com va.
- **non ter** [u.c.] **nin pés nin cabeza.** *l.v.:* no tenir [u.c.] (ni) cap ni peus / (ni) cap ni centener. *O argumento daquela película non ten pés nin cabeza, non entendo por que me dixeches que fose.* L'argument d'aquella pel·lícula no té ni cap ni peus, no entenc per què em vas dir que hi anés.
- **saber** [u.p.] **de que pé coxea** alguén. *l.v.:* conèixer / saber [u.p.] de quin peu es dol algú. *Non teñas medo que non nola vai meter: ben sei de que pé coxea.* No et preocupis que no ens la fotrà: sé molt bé de quin peu es dol.

#### PECHAOLLOS

- **a pechaollos.** *l.adv.:* a ulls clucs. *Faria o que me pedise a pechaollos.* Faria el que em demanés a ulls clucs.

#### PEDRA

- **arrancar** [u.p.] **pedras cos dentes** (*facer todo o posible*). *l.v.:* fer [u.p.] mans i mànigues. *Arranquei pedras cos dentes para conseguir outra entrada e mais non houbo maneira, dáme pesar.* Vaig fer mans i mànigues per aconseguir una altra entrada però no hi va haver manera, em sap greu.
- **perder** [u.p.] **pedra e peixe.** *l.v.:* perdre [u.p.] bous i esquelles. *Pensaba que con aquel negocio había facer o carto, pero ao final perdeu pedra e peixe.* Es pensava que amb aquell negoci faria molts calés, però al final hi va perdre bous i esquelles.

#### PEGARSE

- **pegarse** [u.p.] **como (ou coma) a la de gato** a alguén / **como un isqueiro.** *l.v.:* enganxar-se [u.p.] com una paparra a algú. *Mira que lle dixen veces que quería ir só, pero nada, pegouseme como a la de gato.* Mira que li vaig dir cops que hi volia anar sol, però res, se'm va enganxar com una paparra.

#### PEL

- **deixar** [u.p.] **a pel** (*esforzarse ao máximo*). *l.v.:* deixar-hi [u.p.] la pell. *Se é preciso, habemos deixar a pel para gañarmos o campionato.* Si cal, hi deixarem la pell, per guanyar el campionat.

#### PELELLO

- **como (ou coma) un pelello** (*moi bévedo*). *l.adv.:* com una sopa / fet una sopa. *Sempre que se xunta cos antigos compañeiros do instituto acaba a noite borracho coma un pelello.* Sempre que s'ajunta amb els antics companys de l'institut acaba la nit borratxo com una sopa.

#### PENEQUE

- **ir / andar** [u.p.] **peneque.** *l.v.:* anar [u.p.] pet. *Con dúas birras xa vai peneque.* Amb dues birres ja va pet.

#### PERNA

- **á perna manquiña.** *l.adv.:* a peu coix. *Pasaron o recreo botando carreiras á perna manquiña.* Es van passar l'hora del pati fent curses a peu coix.

#### PESO

- **sacar / tirar** [u.p./u.c.] **un peso de encima / de enriba** a alguén / **tirar / botar**

[u.p./u.c.] **unha ansia a un lado / fóra / á parte** a alguén. *l.v. fig.:* treure [u.p./u.c.] un pes de sobre a algu. *Se llelo dis, haslles tirar un peso de encima.* Si els ho dius, els trauràs un pes de sobre.

#### PIMPÍN

- **pintar / facer** [u.p.] **o pimpín** (*pintar o parvo*). *l.v.:* fer [u.p.] el préssec. *A intención era boa, pero dáme a impresión de que fixemos o pimpín.* La intenció era bona, però em fa l'efecte que hem fet el préssec.

#### PINGAR

- **pór** (*ou poñer*) [u.p.] a alguén **a pingar**. *l.v.:* deixar [u.p.] algu com un drap brut. *Durante o congreso puxérono a pingar, pero non se quixo defender cando lle deron a oportunidade de falar.* Durant el congrés el van deixar com un drap brut, però no es va voler defensar quan li van donar l'oportunitat de parlar.

#### PÍO

- **sen dar** [u.p.] **(un) pío**. *l.adv.:* sense dir [u.p.] ni piu. *Marchou sen dar pío, como se se incomodase.* Se'n va anar sense dir ni piu, com si s'hagués empenyat.
- **non dar** [u.p.] **(un) pío**. *l.v.:* no dir [u.p.] ni piu. *É ben raro o teu amigo: en todo o tempo non deu un pío.* És ben estrany, el teu amic: en tota l'estona no va dir ni piu.

#### PITA

- **Cando as pitas cacarexan, algo senten.** *prov.:* Quan els gossos lladren, alguna cosa senten.

#### POLA

- **Cada pola ao seu poleiro / cada galo ao seu galiñeiro e cada pola ao seu poleiro.** *prov.:* Cadascú a casa seva i Déu a la de tots / Cada ocell al seu niu.

#### POMBO

- **pescar** [u.p.] **pombos** (*toquenear co sono*). *l.v.:* pesar [u.p.] figues. *A estas horas non o chames que seguro que está a pescar pombos.* A aquestes hores no li truquis que segur que pesa figues.

#### PORCO

- **A cada porco chégalle o seu san Martiño / Cada porco ten o seu san Martiño.** *prov.:* A cada porc li arriba / li ve el seu sant Martí.
- **Día de san Tomé, ao porco polo pé / Polo san Tomé, colle o porco polo pé.** *prov.:* Per sant Tomàs, agafa el porc pel nas.

- **O porco que é para o lobo, non hai santo Antón que o garde.** *prov.:* Quan la carn ha de ser del llop, ella mateixa s'hi porta.

#### POTE

- **a pote.** *l.adv.:* a palades / a cabassos / a piles / a dojo. *Hai pexegos a pote: podes levar todos os que queiras.* Hi ha préssecs a cabassos: en pots agafar tants com vulguis.

#### PREA

- **como** (*ou coma*) **unha prea** (*moi bévedo*). *l.adv.:* com una sopa / fet una sopa. *Sempre que se xunta cos antigos compañeiros do instituto acaba a noite borracho coma unha prea.* Sempre que s'ajunta amb els antics

companys de l'institut acaba la nit borratxo com una sopa.

#### PRESTAR

- **Que lle preste!** *fórm.*: Bon profit et faci!

#### PRIMAVERA

- **ter** [u.p.] **primaveras** (*anos*). *l.v.*: tenir [u.p.] primaveres. *Ten vinte primaveras*. Té vint primaveres.

#### PROMETER

- **prometer** [u.p.] **montes e moreas** a alguén / **mundos e fundos** / **mundos e parafundos**. *l.v.*: prometre [u.p.] el món i la bolla a algú / la Bíblia (en vers) / la lluna en un cove. *Prometeulle montes e moreas se casaba con el*. Li va prometre el món i la bolla, si es casava amb ell.

#### PUNTO

- **punto por punto**. *l.adv.*: amb tots els (seus) ets i uts / fil per randa. *Explicouno punto por punto*. Va explicar-ho amb tots els ets i uts.

#### RABO

- **fuxir** (*ou liscar, marchar*) [u.p.] **co rabo entre as pernas**. *l.v.*: marxar (*o fugir*) [u.p.] amb la cua entre cames. *Ridiculizáronos tanto que non lles quedou outro remedio que fuxir co rabo entre as pernas*. Els van ridiculitzar tant que no els va quedar cap altre remei que marxar amb la cua entre cames.
- **importar** [u.c.] **un rabo de can** a alguén. *l.v.*: importar [u.c.] un rave a algú / una merda. *Impórtacheme un rabo de can que me botes de menos: pensáralo antes*. M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.

- **non valer** [u.c.] **un rabo de can**. *l.v.*: no valer [u.c.] un pet de conill / un rave. *Aquela película non valía un rabo de can*. Aquella pel·lícula no valia un pet de conill.

#### RAÑAR

- **Vaina rañar / Vai rañala (por aí)!** *fórm.*: Vés / vés-te'n a fer punyetes! *Outra vez co mesmo conto? Vai rañala por aí!* Un altre cop amb la mateixa cançoneta? Vés-te'n a fer punyetes!

#### RÁPIDO, -A

- **rápido como (ou coma) centellas / como unha centella / como un corisco**. *l.adx.*: ràpid com un llamp. *Este can é rápido coma unha centella, gaña sempre todas as carreiras*. Aquest gos és ràpid com un llamp, sempre guanya totes les curses.

#### RATO

- **parecer / ser / converterse / tornarse** [u.l.] **un niño de ratos / un saco de ratos**. *l.v.*: ésser (*o ser*) / semblar / convertir-se / esdevenir [u.ll.] una olla de grills. *O Parlamento, desde que se xubilaron os políticos de vocación, tornouse un niño de ratos*. El Parlament, d'ençà s'han jubilat els polítics de vocació, s'ha convertit en una olla de grills.
- **Cada rato ao seu burato**. *prov.*: Cada ocell al seu niu / cadascú a casa seva i Déu a la de tots.

#### RAZÓN

- **Non hai razón como (ou coma) a do bastón**. *prov.*: La lletra pel cul entra / per les anques entra.

## REGO

- **a regos.** *l.adv.*: a bots i barrals / a semalades. *Aos cinco minutos de saír comezou a chover a regos e tiven que dar volta para vir coller o paraugas.* Al cap de cinc minuts de sortir ha començat a ploure a bots i barrals i he hagut de tornar a agafar el paraigua.
- **vir** [u.c.] **a rego.** *l.v.*: venir [u.c.] a tall / a tomb. *Cóntocho despois, que agora non vén a rego.* T'ho explico després, que ara no ve a tomb.

## REXER

- **non rexer** [u.p.] **ben.** *l.v.*: no ésser-hi (o ser-hi) [u.p.] tota / del tot / no tocar [u.p.] (ni) quarts ni hores. *Non rexe ben, coitadiño, por iso non se lle entende moito do que fala.* No hi és tot, pobrissó, per això no s'entén gran cosa del que diu.

## RIBA

- **de riba abaixo.** *l.adv.*: de dalt a baix. *Un ollar que lle percorreu o corpo de riba abaixo.* Una mirada que li va recórrer el cos de dalt a baix.

## RISA

- **escarallarse / esmendrellarse / mexarse** [u.p.] **coa risa / da risa.** *l.v.*: caragolar-se / desfer-se / desllorigar-se / partir-se / petar-se / pixar-se [u.p.] de riure. *Cando se pon a contar chistes todo o mundo se mexa coa risa.* Quan es posa a explicar acudits tothom es pixa de riure.

## RIR

- **rir** [u.p.] **ás cachizas / ás cachas.** *l.v.*: fer-se [u.p.] un tip de riure / riure [u.p.] pels colzes / per les butxaques.

*Aínda rio ás cachizas lembrando a noite que caíches ao río.* Encara em faig un tip de riure, recordant la nit que vas caure al riu.

## ROUBAR

- **Quen rouba na fame tamén rouba na fartura.** *prov.*: Qui furta un ou, furta un bou.

## ROUPA

- **haber roupa ao sol / roupa estendida.** *l.v.*: haver-hi roba estesa. *Agora non cho podó dicir que hai roupa ao sol.* Ara no t'ho puc dir que hi ha roba estesa.

## SAÍR

- **saír** [u.p.] **adiante** (*dunha situación difícil*). *l.v.*: sortir-se'n [u.p.]. *Aínda que parecía imposible, ao final saíu adiante e puido volver levar unha vida normal.* Tot i que semblava impossible, al final se'n va sortir i va poder tornar a fer vida normal.

## SANGUE

- **ser** [d.p.] **carne e sangue.** *l.v.*: ésser (o ser) [d.p.] carn i unglá / tap i carbassa / cul i camisa / cul i merda / la corda i el poal. *Eran carne e sangue, pero agora non se falan.* Eren cul i merda, però ara no es parlen.

## SANGUMIÑOS

- **beber** [u.p.] **os sangumiños** a alguén. *l.v.*: escurar [u.p.] la butxaca a algú. *Cada vez que me ve, bebeme os sangumiños: como non ten un can!* Sempre que em veu m'escura la butxaca: com que no té ni un duro!



## SANTIAGO

- **No mes de Santiago, fouciño ao agro.** *prov.*: Al juliol, la falç al coll / Al juliol, la forca al coll.
- **Polo Santiago, seméntase o nabo.** *prov.*: Si vols bons naps, pel juliol sembrats.

## SANTO

- **perder [u.p.] o santo e (mais) a esmola.** *l.v.*: perdre [u.p.] bous i esquelles. *Pensaba que con aquel negocio había facer o carto, pero ao final perdeu o santo e a esmola.* Es pensava que amb aquell negoci faria molts calés, però al final hi va perdre bous i esquelles.

## SAPO

- **mesturar (ou confundir) [u.p.] sapos con bolboretas.** *l.v.*: confondre (o barrejar) [u.p.] els ous amb els cargols / la gimnàstica amb la magnèsia / naps amb cols. *Non lle podes contar nada porque cando llo di a alguén sempre mestura sapos con bolboretas.* No li pots explicar res perquè quan ho diu a algú sempre barreja la gimnàstica amb la magnèsia.
- **botar / dicir [u.p.] sapos e lagartos de alguén.** *l.v.*: dir [u.p.] penjaments d'algú. *É unha má persoa: todo o mundo di sapos e lagartos del.* És una mala persona: tothom en diu penjaments.
- **estoupar [u.p./u.c.] como (ou coma) un sapo.** *l.v.*: fer [u.p./u.c.] un pet com una gla. *Se non fas un pouco de réxime, vas estoupar como un sapo.* Si no fas una mica de règim, acabaràs fent un pet com una gla.

## SENTIDO

- **non ter [u.p.] os cinco sentidos ben asentados.** *l.v.*: no ésser-hi (o ser-hi) [u.p.] tota / del tot / no tocar [u.p.] (ni) quarts ni hores. *Non rexe ben, coitadiño, por iso non se lle entende moito do que fala.* No hi és tot, pobrissó, per això no s'entén gran cosa del que diu.

## SEU

- **polo seu.** *l.adx.*: com cal. *É unha persoa polo seu.* És una persona com cal.
- **de seu (propiedade).** *l.adx.*: de propietat. *Non teñen terras de seu, traballan as dos outros.* No tenen terres de propietat, treballen les dels altres.
- **polo seu.** *l.adv.*: com cal. *Séntate polo seu.* Seu com cal.
- **de seu (por un mesmo, pola súa propia natureza).** *l.adv.*: per si mateix / per ell mateix. *Aínda que non pode ver, válese de seu.* Tot i que no s'hi veu, es val per si mateix.
- **andar [u.p.] ao seu.** *l.v.*: anar [u.p.] a la seva. *Naquela reunión cadaquén andaba ao seu.* En aquella reunió cadascú anava a la seva.

## SISO

- **perder [u.p.] o siso.** *l.v.*: perdre [u.p.] el seny. *As veces, cando se está namorado, pérdese o siso e fanse cousas que non se deberían facer.* De vegades, quan s'està enamorat, es perd el seny i es fan coses que no s'haurien de fer.

## SON

- **A que son... fórm.**: Per quins cinc sous / set sous... *E a que son tes que ir ti alí?* I per quins set sous hi has d'anar?

## SONADA

- **botar** [u.p.] **unha sonada**. *l.v.*: fer [u.p.] una becaína / una rebeca / un sobec. *Estou canso: vou ir botar unha sonada.* Estic cansat: me'n vaig a fer una becaína.
- **ser** [u.c.] **de pouca sonada**. *l.v.*: ésser (o ser) [u.c.] de pa sucát amb oli. *Unhas instalacións e un servizo de pouca sonada.* Unes instal·lacions i un servei de pa sucát amb oli.

## SONECA

- **botar** [u.p.] **unha soneca**. *l.v.*: fer [u.p.] una becaína / una rebeca / un sobec. *Estou canso: vou ir botar unha soneca.* Estic cansat: me'n vaig a fer una becaína.

## SONO

- **ter** [u.p.] **sono**. *col.*: tenir [u.p.] son. *Teño moito sono, de modo que me vou ir deitar.* Tinc molta son, així que me'n vaig a jeure.
- **caer** [u.p.] **co sono / de sono**. *l.v.*: caure [u.p.] de son. *É mellor que a poñamos no berce, está caendo co sono.* És millor que la posem al bressol, que cau de son.
- **dar / pegar o sono** a alguén. *l.v.*: agafar son a algú. *Vendo estes programas sempre me pega o sono.* Mirant aquests programes sempre m'agafa son.
- **prender** [u.p.] **no sono**. *l.v.*: agafar [u.p.] el son. *Despois de dar moitas voltas, por fin prendeu no sono.* Després de donar moltes voltes, finalment, va agafar el son.

## SOPRAR

- **Soprar e sorber, non pode ser**. *prov.*: No es pot ser a missa i repicant.

## TANTO

- **Nin tanto alá nin tanto acá**. *fórm.*: Entre poc i massa. *Nin tanto alá nin tanto acá! Pedímoslle que asumise as reivindicacións do pobo, non que se apropiase delas e as exhibise como un mérito persoal!* Entre poc i massa! Li vam demanar que assumís les reivindicacions del poble, no que se n'apropriés i les exhibís com un mèrit personal!

## TARDAR

- **tardar os inquirios** (*moito tempo*). *l.v.*: trigar anys i panys. *Tardaron os inquirios en declarar a zona parque natural, mais ao final fixérono.* Van trigar anys i panys a declarar la zona parc natural, però al final ho van fer.

## TELLADO

- **andar** [u.p.] **mal do tellado**. *l.v.*: estar [u.p.] tocada de l'ala / del bolet. *Non che pensaba que andase tan mal do tellado: a ti pareceche normal o que fixo?* No em pensava pas que estigués tan tocada del bolet: a tu et sembla normal el que va fer? *Decontado me deu a impresión de que andaba algo mal do tellado, por como parolaba.* De seguida em va fer l'efecte que estava una mica tocada de l'ala, per com xerrava.

## TEMPO

- **ir** [u.c.] **para tempo**. *l.v.imp.*: anar [u.c.] (per) llarg / haver-n'hi per temps / per estona. *A recuperación vai ir para tempo, de modo que non te poñas nerviosa.* La recuperació anirà per llarg, així que no et posis nerviosa.

## TENTO

- **dar** [u.p.] **un tento** a alguén. *l.v.*: fotre [u.p.] mà a algú. *Nestas festas tan multitudinarias hai que andar con coidado: sempre hai alguén que aproveita para dar un tento.* En aquestes festes tan multitudinàries s'ha d'anar amb compte: sempre hi ha algú que aprofita per fotre mà.

## TER

- **Tanto me** (*ou che, etc.*) **ten**. *fórm.*: Tant me (*o et, etc.*) fa / Tant se me'n (*o te'n, etc.*) dóna / Tant se me'n (*o te'n, etc.*) fot. *Tanto lle ten, o resultado das eleccións.* Tant se li'n fot, el resultat el resultat de les eleccions. *Tanto lle ten hoxe como mañá.* Tant li fa avui com demà.

## TERGO

- **vir** [u.c.] **a tergo**. *l.v.*: venir [u.c.] a tall / a tomb. *Cóntocho despois, que agora non vén a tergo.* T'ho explico després, que ara no ve a tomb.

## TOA

- **ás toas** / **á toa**. *l.adv.*: a la babalà. *Este sempre fala á toa, sen pensar no que di.* Aquest parla sempre a la babalà, sense pensar el que diu. *Fíxoo ás toas: xa se arrepentirá algún día de non ter feito as cousas con máis tino.* Ho ha fet a la babalà: ja se'n penedirà algun día, de no haver fet les coses amb més de compte.

## TOCAR

- **tocar** [u.p.] **a cachea**. *l.v.*: tocar [u.p.] el pirandó. *Cando entrou no bar e viunos alí na barra a mocear, decidiu que mellor lle era tocar a cachea.* Quan va entrar al bar i els va veure

llicant a la barra, va decidir que era millor tocar el pirandó.

- **tocar** [u.p.] **o nabizo** / **a zanfona** / **o corno** a alguén. *l.v.*: tocar [u.p.] el botet / el crostó / el que no sona / el voraviu a algú. *Déixao: e logo non o ves, que o fai só por tocar o nabizo?* Deixa'l estar: que no veus que només ho fa per tocar el botet?

## TUDO, -A

- **á toda**. *l.adv.*: a tota merda / a tot drap. *Tivemos que marchar de aquel lugar á toda para non levar.* Vam haver de marxar d'aquell lloc a tot drap per no rebre.

## TON

- **A que ton....** *fórm.*: Per quins cinc sous / set sous... *E a que ton tes que ir ti ali?* I per quins set sous hi has d'anar?

## TORDA

- **ser** [u.p.] **unha torda** / **un torda**. *l.v.*: ésser (*o ser*) [u.p.] un suro / una toixa / un toix / una totxa / un totxo. *É un torda, non se decata de que só o queren facer rabiari.* És un suro, no s'adona que només el volen fer enrabiar.

## TORRE

- **non deixar** [u.p.] **torre en pé** / **torre ergueita**. *l.v.*: no deixar [u.p.] canya dreita. *A súa maneira de vingarse foi non deixar torre ergueita por onde pasaba.* La seva manera de venjar-se va ser no deixar canya dreita per on passava.

## TRATAR

- **ter** / **tratar** [u.p.] alguén **como** (*ou coma*) **un can**. *l.v.*: tenir / tractar [u.p.] algú com un gos. *Trátame coma un can, sempre aos berros e aos empurróns.*

Em tracta com un gos, sempre a crits i empentes.

### TRES

- **Ás tres, hai vez.** *prov.*: La tercera és la bona.

### UÑA

- **ser** [d.p.] **uña e carne / carne e uña.** *l.v.*: ésser (o ser) [d.p.] carn i unglá / tap i carbassa / cul i camisa / cul i merda / la corda i el poal. *Eran uña e carne, pero agora non se falan.* Eren cul i merda, però ara no es parlen.

### UVA

- **andar** [u.p.] **nas uvas.** *l.v.*: baixar / venir [u.p.] de l'hort. *Rapaz, parece que andes nas uvas, se teñen falado diso todos os medios!* Noi, sembla que baixis de l'hort, si n'han parlat tots els mitjans!

### VARRER

- **a varrer.** *l.adv.*: a palades / a cabassos / a piles / a doxo. *Hai pexegos a varrer: podes levar todos os queiras.* Hi ha préssecs a cabassos: en pots agafar tants com vulguis.

### VARRISCO

- **a varrisco.** *l.adv.*: a palades / a cabassos / a piles / a doxo. *Hai pexegos a varrisco: podes levar todos os queiras.* Hi ha préssecs a doxo: en pots agafar tants com vulguis.

### VELLO, -A

- **ser** [u.p.] **máis vella que (ou ca) Adán / que Matusalén / ser** [u.c.] **máis vella que a sarna / que a catedral de Compostela / que a torre de Hércules / que andar a pé / que o aceite con vinagre / que o aceite**

**nas tendas / que o meu chapéu / que os camiños / que un carballo vello.** *l.v.*: ésser (o ser) [u.p.] més vella que Adam / que Matusalem / ser [u.c.] més vella que cagar ajupit / que el mal pa / que el pixar a terra / que l'escopir a terra / que l'anar a peu / que l'arna / que la picor. *O truco que nos ensinou é máis vello que andar a pé, pero continúa sendo impresionante, non si? El truc que ens ha ensenyat és més vell que l'anar a peu, però continua sent impressionant, oi?*

### VENTO

- **fuxir** [u.p.] **do vento e coller o corisco.** *l.v.*: fugir [u.p.] del foc i caure a les brases. *Conseguíu escapar do cárcere, pero fóra esperábano os colegas que delatara: fuxiu do vento e colleu o corisco.* Va aconseguir escapar-se de la presó, però fora l'esperaven els col·legues que havia delatat: va fugir del foc i va caure a les brases.

### VERÁN

- **faltar un verán** a alguén. *l.v.*: faltar un bull a algú. *Que cousas máis raras di! A ese fáltalle un verán, dígocho eu.* Quines coses més rares que diu! A aquest li falta un bull, t'ho dic jo.

### VIDA

- **valer** [u.c.] **a vida a alguén / dar** [u.c.] **a vida a alguén.** *l.v.*: ésser (o ser) [u.c.] oli en un llum. *A pomada que me recomendaches foime moi boa: valeume a vida!* La pomada que em vas recomanar em va anar de conya: oli en un llum!

## VIÑO

- **como (ou coma) o viño (moi bévedo).**  
*l.adv.: com una sopa / fet una sopa. Sempre que se xunta cos antigos compañeiros do instituto acaba a noite borracho coma o viño.* Sempre que s'ajunta amb els antics companys de l'institut acaba la nit borratxo com una sopa.
- **ser [u.c.] viño doutra cepa.** *l.v.: ésser (o ser) [u.c.] figues d'altre sostre / d'un altre paner. Contar contábacho, pero coido que agora non vén a conto: é viño doutra cepa.* T'ho explicaria, però trobo que ara no ve a tomb: són figues d'un altre paner.

## XABÓN

- **Tanto me ten xabón como (ou coma) fío negro.** *fórm.: Tant se me'n dóna naps com cols. Escolle as materias ás toas: e logo non o ves, que a carreira non lle gusta e tanto lle ten xabón como fío negro?* Tria les assignatures a la babalà: que no ho veus, que la carrera no li agrada i tant se li'n dóna naps com cols?

## XANEIRO

- **Cando trona en xaneiro, millo por todo o eido.** *prov.: Trons de gener, pagès, estintola el graner / Trons pel gener, desembarassa el graner / Trons en giner, fica sitges al graner (val).*
- **Da flor de xaneiro ninguén enche o celeiro.** *prov.: De la flor de gener, ningún n'omple el graner.*
- **En xaneiro, bon braseiro.** *prov.: Al gener, tanca la porta i encén el braser.*
- **Pito de xaneiro, cada pluma un diñeiro.** *prov.: Pel mes de gener, dóna la volta*

al galliner / Pollastre de gener, cada ploma val un diner.

## XEITO

- **ter [u.p.] xeito.** *col.: tenir [u.p.] traça. Ten moito xeito facendo traxes, é un gran xastre.* Té molta traça a fer vestits, és un gran sastre.
- **dar [u.p.] un xeito** a algo (*para facer un pequeno labor*). *l.v.: sortir-se'n [u.p.] Pasar o ferro moito non sabe, pero aínda lle dá un xeito.* No sap planxar gaire, però encara se'n surt prou bé.
- **dar [u.c./u.p.] xeito** a alguén (convencer, satisfacer, agradar, inspirar confianza). *l.v.: fer [u.c./u.p.] el pes a algú. Éche un actor que non me acaba de dar xeito.* És un actor que no m'acaba de fer el pes. *Ter que facelo así non che me dá xeito ningún.* Haver de fer-ho així no em fa gens el pes.
- **dar [u.p.] xeito** a algo (*facendo algo, utilizando unha ferramenta*). *l.v.: fer [u.p.] alguna cosa amb traça / tenir [u.p.] traça (fent una cosa). Mira para aí, que xeito lle dá!* Guaita, quina traça que té! *Leva a máquina ela soa e dálle moito xeito.* Mena la màquina ella sola i ho fa amb molta traça.
- **facer [u.p.] algo sen xeito nin modo.** *l.v.: fer [u.p.] alguna cosa a la lleugera / de lleuger. Como tiña présa fixoo sen xeito nin modo e, claro, agora paga as consecuencias.* Com que tenia pressa ho va fer a la lleugera i, és clar, ara en paga les conseqüències.
- **facer [u.c.] xeito** a alguén (*resultar oportuno*). *l.v.: anar [u.c.] bé a algú / vagar. Cando che faga xeito, pasas por aquí.* Quan et vagi bé, passes

per aquí. *Se che fai xeito, pasa pola peixaría, por favor.* Si et vaga, passa per la peixateria, sisplau.

- **levar** [u.c.] **xeito** / **ter** [u.c.] **xeito**. *l.v.*: tenir [u.c.] cara i ulls. *Despois de moitas horas traballando nel, o proxecto xa empeza a ter xeito.* Després de moltes hores de treballar-hi, el projecte ja comença a tenir cara i ulls.
- **non levar / non ter** [u.c.] **xeito (ningún)**. *l.v.*: no tenir [u.c.] (ni) cap ni peus. *Ese proxecto de investigación non ten xeito ningún.* Aquest projecte de recerca no té ni cap ni peus.
- **vir** [u.c.] **a xeito / ao xeito**. *l.v.*: venir [u.c.] a tall / a tomb. *Cóntocho despois, que agora non vén a xeito.* T'ho explico després, que ara no ve a tomb.

#### XENIO

- **dar** [u.c.] **xenio**. *l.v.*: fer [u.c.] goig. *Dá xenio falar con ela.* Fa goig parlar amb ella. *Dá xenio velo bailar así.* Fa goig veure'l ballar així. *Está a festa que dá xenio.* La festa fa goig. *Unha chaqueta que dá xenio.* Una jaqueta que fa goig.

#### XOÁN

- **Chuvias en san Xoán, quitan o viño e non dan pan**. *prov.*: Al juny, la pluja está lluny, i si plou, cada gota és com el puny / Juny plujós, graner polsós.
- **En san Xoán, fouce na man**. *prov.*: Al juny, la falç al puny / En juny, corbella en puny (*val.*).

#### XUNTO

- **por xunto** (*venda*). *l.adv.*: a l'engròs. *Merca as teas e os panos por xunto.* Compra les teles i els draps a l'engròs.

#### XUÑO

- **Cando xuño chega, colle a fouce e limpa a eira**. *prov.*: Al juny, la falç al puny / En juny, corbella en puny (*val.*).
- **En xuño, fouce no puño**. *prov.*: Al juny, la falç al puny / En juny, corbella en puny (*val.*).

#### ZAFRA

- **facer** [u.p.] **a súa zafra** (*nun negocio*). *l.v.*: fer [u.p.] l'agost / el seu agost. *Con aquela tendiña de comestibles fixeron a súa zafra.* Amb aquella botigueta de queviures van fer l'agost.

#### ZAPATO

- **saber** [u.p.] **onde lle manca o zapato** a alguén. *l.v.*: conèixer [u.p.] de quin peu es dol algú / saber [u.p.] de quin mal pateix algú. *Cada un sabe onde lle manca o zapato.* Cadascú sap de quin mal pateix.

#### ZOCA

- **haber zocas debaixo da cama**. *l.v.*: haver-hi roba estesa. *Agora non cho podó dicir que hai zocas debaixo da cama.* Ara no t'ho puc dir que hi ha roba estesa.
- **meter** [u.p.] **a zoca (até (ou ata) o pescozo)**. *l.v.*: ficar [u.p.] la pota / el rem / ficar-se [u.p.] de peus a la galleda. *Xa volvín meter a zoca ata o pescozo: non me lembrei de que a festa era unha sorpresa e dixerllo.* Ja m'he tornat a ficar de peus a la galleda: no m'he recordat que la festa era una sorpresa i l'hi he explicat.

- **non poder** [u.p.] **coas zocas** (*ser moi vello*). *l.v.*: no aguantar-se [u.p.] els pets / pixar-se [u.p.] a la sabata. *Xa hai anos que ese homiño non pode*

*coas zocas.* Ja fa anys que aquell homenet no s'aguanta els pets.

#### ZOCO

- **batendo cos zocos no cu.** *l.adv.:* cames ajudeu-me. *Cando viu quen entraba pola porta, liscou batendo cos zocos no cu.* Quan va veure qui entraba per la porta, va guillar cames ajudeu-me.

- **saber [u.p.] onde lle magoa / onde lle manca o zoco** a alguén. *l.v.:* conèixer [u.p.] de quin peu es dol algú / saber [u.p.] de quin mal pateix algú. *Cada un sabe onde lle manca o zoco.* Cadascú sap de quin mal pateix.

### 4. Achega para un corpus fraseolóxico catalán-galego

#### ABAST

- **no donar [u.p.] l'abast** (amb alguna cosa). *l.v.:* non dar feito [u.p.] (con algo). *El personal d'infermeria no dóna l'abast amb tants malalts.* O persoal de enfermaría non dá feito con tantos doentes. *Amb tanta feina, no donen l'abast.* Con tanto traballo, non dan feito. Véxase a nota 3.

#### ABRAÇAR

- **Qui molt abraça i poc estreny, és senyal de poc seny / Qui molt abraça poc estreny.** *prov.:* Quen moito abarca pouco aberta / Quen moito abarca pouco preme / Quen moito enfeixa pouco ata.

#### ABRIL

- **A l'abril, aigües mil / A l'abril, gotes mil.** *prov.:* En abril, augas mil / En abril, augas mil coadiñas por un mandil.
- **A l'abril, cada gota en val mil / A l'abril, cada gota val per mil.** *prov.:* En abril, cada pinga vale por mil.
- **Si a tres d'abril el cucut no canta, digueu que és mort o és pres a França / Si a tres d'abril, el cucut no fa piu-piu, o és pres o no és viu,**

**o bé sent mal estiu.** *prov.:* Entre marzo e abril, se non quer vir o cuco, quer vir a fin / Polo dez de abril, cuco morto ou non quer vir.

#### ABUNDÀNCIA

- **en abundància.** *l.adv.:* en abundancia. *Prou que es veu que en aquella casa tenen diners en abundància.* Ben se ve que naquela casa teñen cartos en abundancia.
- **nedar / viure [u.p.] en l'abundància.** *l.v.:* nadar [u.p.] en bens / na fartura. *Van començar amb una botigueta de no-res, però amb els anys han fet calés i ara neden en l'abundància.* Comezaron cunha tendiña de nada, pero cos anos foron xuntando cartos e agora nadan na fartura.

#### AFARTAR

- **Afarta'm i digue'm moro** (*ant.*). *prov.:* Dáme pan e chámame can.

#### AGAFADA

- **tenir [u.p.] una agafada** amb algú. *l.v.:* ter [u.p.] unha agarrada con alguén. *Vam tenir una bona agafada amb els veïns de dalt perquè sempre posaven la música massa forta a la nit.* Tivemos

unha boa agarrada cos veciños de riba porque pola noite sempre puñan a música alta de máis.

## AGOST

- **fer** [u.p.] **el seu agost / l'agost** (en un negoci). *l.v.*: facer [u.p.] a súa América / feira / a súa feira / a súa zafra. *Amb aquell negoci va fer l'agost.* Con ese negocio fixo a súa América.
- **Agost, a les set ja és fosc / Per la Mare de Déu d'Agost, a les set ja és fosc.** *prov.*: As tardes de agosto corren como (*ou coma*) un lóstrego.
- **Agost i veremar, cada dia no es fa.** *prov.*: Agosto e vendima non son cada día.
- **Per l'agost, figues i most.** *prov.*: En agosto, viño mosto.

## AIGUA

- **Aigua freda i pa calent causen dolor al ventrell.** *prov.*: Auga fría e pan quente nunca fixeron bo ventre.
- **Caure aigua per l'amor de Déu / donar l'aigua per l'amor de Déu** (el cel, els núvols). *prov.*: Chover a Deus dar (auga).

## AIRE

- **a l'aire lliure.** *l.adv.*: ao aire (*ou ar*) libre. *M'estimo més que els meus fills juguin a l'aire lliure que no que estiguin tot el sant dia enganxats a la consola.* Prefiro mellor que os meus fillos xoguen ao aire libre que que estean todo o santo día apegados á consola.

## ALA

- **estar** [u.p.] **tocada de l'ala.** *l.v.*: andar [u.p.] mal do tellado. *No em pensava*

*pas que estigués tan tocada de l'ala: a tu et sembla normal el que va fer?*  
Non che pensaba que andase tan mal do tellado: a ti paréceche normal o que fixo?

## ALEGRE

- **alegre com unes castanyoles / com un picarol / com un pinsà / més content que un gínjol.** *l.adj.*: alegre (*ou leda*) como (*ou coma*) un cuco / como un pandeiro / como unha carricanta / como unhas castañolas (*ou castañetas*) / como un peneireiro. *Quan li van dir que el càrrec era seu, es va posar més contenta que un gínjol.* Cando lle dixeron que o posto era seu, púxose alegre coma un cuco.

## AMAGAT

- **d'amagat** (d'algú). *l.adv.*: ao agacho / ás agachadas / ás escondidas / ás ocultas. *Es veien d'amagat dels pares.* Víanse ás escondidas dos pais.

## AMAGATOTIS

- **d'amagatotis.** *l.adv.*: ao agacho / ás agachadas / ás escondidas / ás ocultas. *Ho feien tot d'amagatotis per por que els enxampessin.* Faciano todo ás agachadas por medo a que os pillasen.

## ANAR

- **anar** [u.p.] **d'una banda a l'altra.** *l.v.*: andar [u.p.] dun lado para (o) outro / de cacho para testo / de cacho para cribo. *Va caminar tot el dia d'una banda a l'altra, sense saber on ficar-se.* Andou todo o día de cacho para testo, sen saber onde se meter.



## ANELL

- **anar** [u.c.] **com l'anell al dit**. *l.v.*: vir [u.c.] como (ou coma) embude en boca de xerro. *Les alberginies que em vas donar em van anar com l'anell al dit: precisament volia fer-ne de farcides i estava a punt d'anar-ne a comprar.* As berenxenas que me deches viñéronme como embude en boca de xerro: precisamente quería facelas recheas e estaba para as ir mercar.

## AVORRIMENT

- **morir-se** [u.p.] **d'avorriment**. *l.v.*: morrer de aburrimento. *Quan no hi ha festes em moro d'avorriment.* Cando non hai festas morro de aburrimento.

## ARRIBAR

- **ésser (o ser)** [u.c.] **arribar i moldre**. *l.v.*: ser [u.c.] chegar e encher / ser chegar e apor. *Allò va ser arribar i moldre.* Aquilo foi chegar e encher.

## ASE

- **sense dir** [u.p.] **ni ase ni bèstia**. *l.adv.*: sen dar [u.p.] unha fala. *Se'n va anar sense dir ni ase ni bèstia, com si s'hagués empenyat.* Marchou sen dar unha fala, como se se incomodase.
- **ésser (o ser)** [u.p.] **l'ase dels cops**. *l.v.*: ser [u.p.] o pandote. *Ja n'estic fart, de ser l'ase dels cops d'aquesta empresa. Sempre tinc la culpa de tot!* Xa estou farto de ser o pandote desta empresa. Sempre teño eu a culpa de todo!
- **ésser (o ser)** [u.p.] **ase / un ase / un tros d'ase**. *l.v.*: ser [u.p.] burra / burra como (ou coma) unha tamanca / un angazo / unha torda. *Mira que ets ase: ho has fet tot al revés de com t'ho*

*vaig dir!* Mira que es burro: fixéchelo todo ao revés de como cho dixen!

- **no dir** [u.p.] **ni ase ni bèstia**. *l.v.*: non dar [u.p.] unha fala. *És ben estrany, el teu amic: en tota l'estona no va dir ni ase ni bèstia.* É ben raro, o teu amigo: en todo o tempo non deu unha fala.
- **tocar** [u.p.] **l'ase**. *l.v.*: *col.* estalar [u.p.] a lingua. *No toquis l'ase i fes-ho d'una vegada, que sempre et queixes de tot.* Non estales a lingua e faino dunha vez, que sempre te queixas de todo.
- **Brams d'ase no pugen al cel**. *prov.*: Oracións de burro non chegan ao ceo / Orneos de burro non chegan ao ceo.
- **L'ase va davant**. *prov.*: O burro vai diante, para que non se espante / O burro diante, para que non se espante / para que a recua non se espante.

## ATZAR

- **a l'atzar**. *l.adv.*: ao azar / ao chou. *Digueu un número a l'atzar i coneixerem el guanyador.* Dicide un número ao chou e coñeceremos o gañador.
- **per atzar**. *l.adv.*: por azar. *Ho vaig trobar per atzar, sense buscar-ho.* Atopeino por azar, sen buscalo.

## BABALÀ

- **a la babalà**. *l.adv.*: á toa / ás toas. *Aquest parla sempre a la babalà, sense pensar el que diu.* Este sempre fala á toa, sen pensar no que di. *Ho ha fet a la babalà: ja se'n penedirà algun dia, de no haver fet les coses amb més de compte.* Fíxoo ás toas: xa se arrepentirá algún día de non ter feito as cousas con máis tino.

## BADAR

- **no badar** [u.p.] **boca**. *l.v.*: non abrir / non despechar [u.p.] a boca. *No ha badat boca en tota la reunió.* Non despechou a boca en toda a reunión.

## BALQUENA

- **a balquena** (*en abundància*). *l.adv.*: a eito / a cachón / á envorca / a embute / a esgalla / a esgallo / a Deus dar / a Cristo dar. *Diumenge van collir bolets a balquena.* O domingo apañaron cogumelos a eito.

## BANYA

- **trencar-se** [u.p.] **les banyes** (*barrinant*). *l.v.*: romper / quentar / debullar [u.p.] a cabeza. *No t'hi trenquis les banyes, que no val la pena: el millor que pots fer és passar pàgina.* Non rompas a cabeza, que non che vale a pena: o mellor que podes facer é pasar páxina.

## BARBA

- **per barba**. *l.adv.*: por barba / por cabeza. *Enguany toquen tres ampolles de vi per barba.* Hogano toca a tres botellas de viño por barba.
- **fer-se** [u.p.] **(la barba) d'or**. *l.v.*: facerse [u.p.] de ouro. *Des que va idear un sistema per enganyar les màquines escurabutxaques, s'ha fet d'or.* Des que ideou un sistema para enganar as máquinas comecartos, fíxose de ouro.
- **Quan vegis la barba de ton veí pelar, posa la teva a remullar**. *prov.*: Cando a barba do teu veciño vexas afeitado, pon a túa a remollar.

## BARRI

- **anar** (*o anar-se'n*) [u.p.] **a l'altre barri** (*morir-se*). *l.v.*: ir [u.p.] para a

pataqueira / para a cova / irlle gardar [u.p.] as galiñas ao cura. *Veient com conduia, no em sorprèn gens que se n'hagi anat a l'altre barri tan jove.* Vendo como conducía, non che me sorprende nada que fose para a pataqueira tan novo.

## BÉ

- **anar** [u.c.] **bé** a algú. *l.v.*: facer [u.c.] xeito a alguén / ligar [u.c.] ben a alguén. *Doncs demà no em va gens bé.* Pois mañá non me fai xeito ningún.

## BECAINA

- **fer** [u.p.] **una becaína**. *l.v.*: botar [u.p.] unha sonada / unha soneca. *Estic cansat: me'n vaig a fer una becaína.* Estou canso: vou botar unha soneca.

## BIGOTI

- **estar** (*o ser*) [u.c.] **per llepar-se'n els bigotis**. *l.v.*: estar (*ou ser*) [u.c.] de lamber os beizos / os bicos / os focinhos. *La coca amb cireres de l'àvia és per llepar-se'n els bigotis.* A bica con cereixas da avoa é de lamber os beizos.
- **llepar-se'n** [u.p.] **els bigotis** (*per alguna cosa molt bona*). *l.v.*: lamber [u.p.] os beizos / os bicos / os focinhos. *He fet un mató que te'n lleparàs els bigotis.* Fixen un requeixón que has lamber os beizos.

## BITXO

- **posar-se** [u.p.] **rabiosa com un bitxo**. *l.v.*: pórse (*ou poñerse*) [u.p.] feita un can da rabia / fera como (*ou coma*) un can doente. *Quan li vaig dir el que en pensava, d'ella, es va posar rabiosa com un bitxo.* Cando lle dixen o que pensaba dela púxose feita un can da rabia.

## BO, BONA

- **a la bona de Déu.** *l.adv.:* á vaiche boa. *Hi aniré escrivint –just per passar l'estona, a la bona de Déu– el que se m'anirà presentant.* Vou ir escribindo –só por pasar o tempo, á vaiche boa– o que se me vaía presentando.

## BOLET

- **estar** [u.p.] **tocada del bolet.** *l.v.:* andar [u.p.] mal do tellado. *De seguida em va fer l'efecte que estava una mica tocada del bolet, per com xerrava.* Decontado me deu a impresión de que andaba algo mal do tellado, por como parolaba.
- **De bolets que no coneguis no en masteguis.** *prov.:* Moito tes que saber para cogumelos comer.

## BÒLIT

- **anar** [u.p.] **de bòlit.** *l.v.:* andar [u.p.] a cen. *Entre la feina i les oposicions, va de bòlit.* Entre o choio e as oposicións, anda a cen.

## BOMBAR

- **Que et bombin!** *fórm.:* Que che dean bertorella!

## BORBOLL

- **a borbolls.** *l.adv.:* a cachón / a gallarón / a gallarope (*ou* a gallaropes) / a golfarón (*ou* a golfaróns / aos golfaróns). *La sang li rajava a borbolls per la ferida.* O sangue saíalle a golfaróns pola ferida.

## BORBOLLADA

- **a borbollades.** *l.adv.:* a cachón / a gallarón / a gallarope (*ou* a gallaropes) / a golfarón (*ou* a golfaróns / aos golfaróns). *L'aigua sobreexia de*

*l'olla a borbollades.* A auga saía a gallaropes da pota.

## BORBOLLÓ

- **a borbollons.** *l.adv.:* a cachón / a gallarón / a gallarope (*ou* a gallaropes) / a golfarón (*ou* a golfaróns / aos golfaróns). *M'aguantava el riure tant com podía, però al final em sortia a borbollons.* Aguantaba a risa todo o que podía, pero ao final saíame a cachón.

## BORRÀS

- **anar** [u.p./u.c.] **a mal borràs / de mal borràs.** *l.v.:* andar / ir [u.p./u.c.] de devalo / de canga baixa. *Ja fa temps que el seu negoci va a mal borràs: no crec pas que se'n pugui sortir.* Xa hai tempo que o seu negocio vai de devalo: non creo que poida ir para diante.

## BOT

- **a bots i barrals** (ploure). *l.v.:* a cachón / a caldeiros / a canados / a regos / ás caldeiradas / ás cuncas / coma quen envorca. *Al cap de cinc minuts de sortir ha començat a ploure a bots i barrals i he hagut de tornar a agafar el paraigua.* Aos cinco minutos de saír comezou a chover a cachón e tiven que dar volta para vir coller o paraugas.

## BOU

- **no veure** [u.p.] (ni) **un bou a tres passes.** *l.v.:* non ver [u.p.] (nin) un burro a catro pasos / a tres pasos / a tres pés. *Anava tan mamat que no veia ni un bou a tres passes.* Ía tan peneque que non vía nin un burro a tres pés.
- **perdre** [u.p.] **bous i esquelles.** *l.v.:* perder [u.p.] o coiro e (mais) a polpa / o

santo e (mais) a esmola / pedra e peixe. *Es pensava que amb aquell negoci faria molts calés, però al final hi va perdre bous i esquelles.* Pensaba que con aquel negocio había facer o carto, pero ao final perdeu o coiro e a polpa.

- **Bou vell llaura dret.** *prov.:* O boi vello leva o suco ao dereito.
- **Més caga un bou que cen orenetes.** *prov.:* Caga máis un boi que cen andoriñas.
- **Qui furta un ou, furta un bou.** *prov.:* Quen rouba na fame tamén rouba na fartura.

#### BORRAXERA

- **agafar / portar etc.** [u.p.] **una borraraxera / una bufa / un gat / una mantellina / una merda / una mona / un moix / una moixa / una paperina / un pet / una pinya / una pítima / una trompa / una turca.** *l.v.:* coller / agarrar / apañar, etc. [u.p.] unha area / unha arola / unha bebedeira / unha borracheira / unha carena / unha cagalla / unha carrada / unha chea / unha chosca / unha lascarda / unha merda / unha prea / unha tranca. *Porto una bufa que no m'hi veig.* Traio unha prea que non vexo.

#### BROMA

- **de broma** (*de per riure*). *l.adv.:* de carallada / de brincadeira. *Ho diu de veritat o de broma?* Estao dicindo de veras ou de carallada?

#### BROT

- **no fotre** [u.p.] **brot.** *l.v.:* non dar [u.p.] pancada. *Vuit hores sense fotre brot!* Oito horas sen dar pancada!

#### BRUT

- **anar** [u.p.] **bruta com una aranya / com una guilla / com una guineu / com un picaportes / com un porc / com una xinxa.** *l.v.:* andar (*ou* estar) [u.p.] co coiro lordento, como os bois na corte no inverno / como (*ou* coma) un cozofello / feito un porco. *Quan arriba de les colònies sempre va bruta com una xinxa.* Cando chega das colonias sempre anda coma un cozofello.

#### BUC

- **De tal buc, tal eixam.** *prov.:* De tal pano, tal saia / De tal pau, tal racha.

#### BUFAR

- **ésser** (*o ser*) [u.c.] **bufar i fer ampolles.** *l.v.:* ser [u.c.] coma quen come pan e bebe viño / carne sen ósos / branco e migado. *Aixecar aquella paret va ser bufar i fer ampolles.* Levantar aquela parede foi coma quen come pan e bebe viño.

#### BULL

- **faltar un bull** a algú. *l.v.:* faltar unha fervura a alguén / unha cocedura / un verán. *Quines coses més rares que diu! A aquest li falta un bull, t'ho dic jo.* Que cousas máis raras di! A ese fáltalle un verán, dígocho eu.

#### BUTXACA

- **escurar** [u.p.] **la butxaca** a algú. *l.v.:* beber [u.p.] os sangumiños a alguén. *Sempre que em veu m'escura la butxaca: com que no té ni un duro!* Cada vez que me ve, bebeme os sangumiños: como non ten un can!
- **tenir** [u.p.] **la butxaca foradada.** *l.v. fig.:* ser [u.p.] un acabador / gastar [u.p.]

cartos como (*ou coma*) sarabia. *Son germà té la butxaca foradada: diners que li deixa, diners que es gasta.* Seu irmán é un acabador: diñeiro que lle empresta, diñeiro que gasta.

### CABÁS

- **a cabassos.** *l.adv.*: a pote / a (ás) carradas / a fartar / á fartura / a varrer / a varrisco. *Hi ha préssecs a cabassos: en pots agafar tants com vulguis.* Hai pexegos a varrer: podes levar todos os que queiras.

### CABRA

- **estar** [u.p.] **com una cabra.** *l.v.*: estar [u.p.] como (*ou coma*) unha cabuxa / como unha cabra. *La teva germana està com una cabra, val més que no la perdís de vista que encara farà algun disbarat.* A túa irmá está como unha cabra, será mellor non a perdas de vista que aínda vai facer algún disparate.

### CALLAR

- **callar** [u.p.] **com un mort / com un puta.** *l.v.*: calar como (*ou coma*) un peto / un afogado / un rulo. *Ell prou que ho sabia, però va callar com un puta.* El ben que o sabía, pero calou como un peto.

### CALDRE

- **com cal.** *l.adj.*: polo seu. *Un veí com cal.* Un veciño polo seu.
- **com cal.** *l.adv.*: polo seu. *Fes-ho com cal.* Faino polo seu.

### CAMA

- **cama ací, cama allà** (*eixarrancat*). *l.adv.*: a (ás) carranchapernas / ás carranchas. *Mai no munta cama ací, cama allà, sinó de costat.* Nunca

monta ás carranchapernas, senón de lado.

- **comes ajudeu-me.** *l.adv.*: batendo cos pés / cos zocos no cú / a lume de biqueira / a lume de carozo / a lume de carozo. *Quan va veure qui entrava per la porta, va guillar comes ajudeu-me.* Cando viu quen entraba pola porta, liscou batendo cos pés no cu.

### CAMADA

- **a camades.** *l.adv.*: ás alancadas. *Caminava a camades pel pati de casa.* Camiñaba ás alancadas polo patio da casa.

### CAN

- **anar-se'n** [u.p.] **a can Pistras** (*morir-se*). *l.v.*: ir [u.p.] para a cova / para a pataqueira / ir [u.p.] gardar as galiñas ao cura. *Doncs mira, me n'alegro, que se n'hagi anat a can Pistras d'una vegada, era un malparit.* Pois mira, alégrome de que lle vaia gardar as galiñas ao cura, era un malnacido.

### CANT

- **al cant del gall.** *l.adv.*: á cantada do galo / ao abrir / raiar / romper o día. *Em vaig llevar al cant del gall perquè tenia molta feina.* Levanteime á cantada do galo porque tiña moito que facer.

### CANTAR

- **cantar** [u.p.] **les quaranta** a algú. *l.v.*: cantar / acusar [u.p.] as corenta a alguén. *Quan el vegi li cantaré les quaranta.* Cando o vexa heille acusar as corenta.

### CANYA

- **no deixar** [u.p.] **canya dreita.** *l.v.*: non deixar [u.p.] torre en pé / torre ergueita. *La seva manera de venjar-se va ser no deixar canya dreita per on*

*passava.* A súa maneira de vingarse foi non deixar torre ergueita por onde pasaba.

## CANYET

- **anar** (o **anar-se'n**) [u.p.] **al canyet** 1 (*morir-se*). *l.v.*: ir [u.p.] para a cova / para a pataqueira / ir [u.p.] gardar as galiñas ao cura. *Veient com conduia, no em sorprèn gens que se n'hagi anat al canyet d'un accident.* Vendo como conducía, non che me sorprende nada que fose para a pataqueira dun accidente. | 2 **anar** (o **anar-se'n**) [u.c.] **al canyet** (*fig.*): irse [u.c.] ao carallo. *El negoci familiar se n'ha anat al canyet en dos mesos.* O negocio familiar foise ao carallo en dous meses.
- **engegar** [u.p.] **al canyet** a algú. *l.v.*: mandar [u.p.] á boria / a buscar herba para a bicicleta / aos biosbardos a alguén. *Vam intentar estar-nos-en, però el vam acabar engegant a fer punyetes.* Tentamos evitalo, pero acabamos mandándoo aos biosbardos.

## CAP

- **de cap.** *l.adv.*: de cabeza. *S'hi va ficar de cap.* Meteuse de cabeza.
- **de cap a peus.** *l.adv.*: da cabeza aos pés. *Va arribar a casa empastifat de cap a peus.* Chegou á casa enzoufado da cabeza aos pés.
- **aixecar** / **alçar** [u.p.] **el cap** (*en una situació difícil*). *l.v.*: levantar / erguer [u.p.] (a) cabeza. *Li ha costat dos anys aixecar el cap, però al final se n'ha sortit.* Levoulle dous anos erguer cabeza, pero ao final conseguíuno.
- **assentar-se-li el cap** a algú. *l.v.*: apousentar / asentar a cabeza a alguén. *Després*

*de molts anys de fer el tabalot, sembla que finalment se li ha assentat el cap.* Despois de moitos anos de facer o parvallán, parece que finalmente asentou a cabeza.

- **escalfar-se** [u.p.] **el cap** (*barrinant*). *l.v.*: romper [u.p.] a cabeza / quentar a cabeza / debullar a cabeza. *No t'hi escalfis el cap, que no val la pena: el millor que pots fer és passar pàgina.* Non quentes a cabeza, que non che vale a pena: o mellor que podes facer é pasar páxina.
- **ésser** (o **ser**) [u.p.] **un cap boig** / **un cap calent** / **un cap d'estornell** / **un cap de pardals** / **un cap desgavellat** / **un cap fluix** / **un cap lleuger** / **un cap de trons** / **un cap verd.** *l.v.*: ser [u.p.] unha (ou un) cabeza de bubela / unha cabeza choca / unha cabeza de palla / unha cabeza de vento / unha cabeza sen miolos. *Mira que arribes a ser cap boig, anant a cent vuitanta per aquella carretera!* Mira que chegas a ser cabeza de bubela, indo a cento oitena por aquela estradaña adiante!
- **estar** [u.p.] **malament del cap.** *l.v.*: andar / estar [u.p.] mal da cabeza / do tellado / estar [u.p.] levada da cabeza / non andar [u.p.] ben da cabeza / do tellado. *La gent que el coneix diu que no se li ha de fer cas, que està malament del cap.* A xente que o coñece di que non se lle ten que facer caso, que anda mal da cabeza.
- **fer** [u.p.] **un cop de cap.** *l.v.*: botarse [u.p.] ao mar. *Va fer un cop de cap i se'n va anar a viure al camp, lluny de la ciutat que l'asfixiava.* Botouse ao mar e foi vivir ao rural, lonxe da cidade que o abafaba.
- **inflar** [u.p.] **el cap** a algú. *l.v.*: encher [u.p.] a cabeza a alguén. *No miris*

*els telenotícies d'aquell canal que t'inflaran el cap de mentides.* Non vexas os telexornais desa canle que che van encher a cabeza de mentiras.

- **no tenir** [u.c.] **(ni) cap ni peus / (ni) cap ni centener.** *l.v.:* non levar / non ter [u.c.] xeito (ningún) / non ter [u.c.] (nin) pés nin cabeza. *L'argument d'aquella pel·lícula no té ni cap ni peus, no entenc per què em vas dir que hi anés.* O argumento daquela película non ten pés nin cabeza, non entendo por que me dixeches que fose.
- **tenir** [u.p.] **el cap com un bombo / com un timbal.** *l.v.:* sentir [u.p.] a cabeza boiada. *Amb tant de soroll, tinc el cap com un timbal.* Con tanto ruído, sinto a cabeza boiada.
- **tenir** [u.p.] **el cap ple de fum / de grills / de pardals / de vent.** *l.v.:* ter [u.p.] a cabeza chea de fume / de garabullos. *Té el cap ple de pardals, encara no sap què vol, a la vida.* Ten a cabeza chea de garabullos, aínda non che sabe o que quere na vida.
- **Qui no té cap ha de tenir cames / necessita braços.** *prov.:* O que non ten acordo / O que non ten cabeza ten que ter pés.

#### CAPELLA

- **estar** [u.p.] **en capella** (*neguitosa i expectant*). *l.v.:* estar [u.p.] en albas / en brasas / en chapuzos. *Està en capella esperant el resultat de les notes de la selectivitat.* Está en brasas esperando o resultado das notas da selectividade.

#### CARA

- **tenir** [u.c.] **cara i ulls.** *l.v.:* ter / levar [u.c.] xeito. *Després de moltes hores de treballar-hi, el projecte ja comença*

*a tenir cara i ulls.* Despois de moitas horas a traballar nel, o proxecto xa empeza a ter xeito.

- **tenir** [u.p.] **la cara gruixuda.** *l.v.:* ter [u.p.] unha cara como (*ou coma*) un zapato / a cara máis dura que a sola dun zapato. *Tant li fot el que li diguis, que té la cara molt gruixuda.* Non lle importa o que lle digas, que ten unha cara coma un zapato.

#### CARN

- **ésser** (*o ser*) [d.p.] **carn i unгла.** *l.v.:* ser [d.p.] uña e carne / carne e uña / carne e sangue. *Eren carn i unгла, però ara no es parlen.* Eran uña e carne, pero agora non se falan.
- **posar** [u.p.] **tota la carn a la graella.** *l.v.:* pôr (*ou poñer*) [u.p.] toda a carne no espeto. *Fins que no els va semblar que ja no hi havia volta de full, no van posar tota la carn a la graella.* Ata que non lles pareceu que xa non había volta atrás, non puxeron toda a carne no espeto.
- **Quan la carn ha d'ésser del llop, ella mateixa s'hi porta.** *prov.:* O porco que é para o lobo, non hai santo Antón que o garde.

#### CARREGAR

- **carregar** [u.p.] **el mort / els neulers / les cabres / les culpes** a algu. *l.v.:* cargar [u.p.] o morto / as mantas a alguén. *No sé com m'ho faig, però sempre que hi ha algun problema em carreguen el mort a mi.* Non sei como fago, pero sempre que hai algún problema cárganme a min o morto.

#### CARREGAT, -ADA

- **anar** [u.p.] **carregada com un ase.** *l.v.:* andar / ir [u.p.] cargada como (*ou*

coma) un burro / un macho / o ourizo / un gaitero. *És normal que tingui mal d'esquena: sempre va a l'escola carregat com un ase.* É normal que lle doan as costas: vai sempre para a escola cargado coma un burro.

#### CARRETADA

- **a carretades.** *l.adv.:* a (ás) carradas. *Hi ha préssecs a carretades: en pots agafar tants com vulguis.* Hai pexegos ás carradas: podes levar todos os que queiras.

#### CAS

- **venir** [u.c.] **al cas.** *l.v.:* vir [u.c.] ao caso. *T'ho explicio després, que ara no ve al cas.* Cóntocho despois, que agora non vén ao caso.

#### CASA

- **Cadascú a casa seva i Déu a la de tots.** *prov.:* Cada galo ao seu galiñeiro / Cada galo ao seu galiñeiro e cada pola ao seu poleiro / Cada moucho no seu souto / Cada rato ao seu burato.

#### CAURE

- **caure** [u.c.] **a terra.** *l.v.:* vir [u.c.] abaixo. *Amb el terratrémol, la casa va caure a terra.* Co terremoto, veu a casa abaixo.
- **caure** [u.p.] **bé** a algú (*agradar*). *l.v.:* caer [u.p.] ben a alguén. *La teva amiga em cau molt bé.* A túa amiga cáecheme moi ben.
- **caure** [u.p.] **malament** a algú (*desagradar*). *l.v.:* caer [u.p.] mal a alguén. *Em cau molt malament: és un prepotent.* Cáecheme moi mal: é un prepotente.
- **fer caure** [u.p.] alguna cosa. *l.v.:* botar / deitar [u.p.] algo abaixo. *Després*

*d'haver lluitat molt, van aconseguir fer caure el règim.* Despois de moito loitaren, conseguiron botar abaixo o réxime.

#### CAVALL

- **anar** [u.p.] **en el cavall de sant Francesc** (*anar a peu*). *l.v.:* ir [u.p.] no cabalo de san Francisco / no cabalo dos frades. *No res, noi, si no ve el tren haurem d'anar en el cavall de sant Francesc.* Nada, meu, se non vén o tren imos ter que ir no cabalo de san Francisco.
- **A cavall donat, no li miris el dentat.** *prov.:* Ao cabalo dado, non se lle mira o dente / Ao cabalo dado, non se lle mira o rabo / O cabalo regalado cólleo cos ollos pechados.
- **Tot bon cavall ensopega.** *prov.:* O mellor cabalo dá un tropezoón.

#### CEGO, -A

- **a cegues.** *l.adv.:* ás cegas. *Com que no hi havia llum, em vaig haver d'atansar a la porta a cegues.* Como non había luz, tiven que me achegar á porta ás cegas.

#### CÈNTIM

- **fer-ne** [u.p.] **cinc cèntims** (d'alguna cosa) (*explicar-la breument*). *l.v.:* contar [u.p.] un pouco de algo. *Com que no teniem gaire temps només me'n va poder fer cinc cèntims, de la reunió.* Como non tiñamos moito tempo, só me puido contar un pouco da reunión.
- **no donar** [u.p.] **cinc cèntims** (per alguna cosa). *l.v.:* non dar [u.p.] un carallo (por algo) / unha cadela / unha landra / unha mincha / un pataco. *Per aquest cotxe no en donaria ni cinc cèntims, que no veus que és més vell que l'anar a peu?* Por este coche eu non



daba unha cadela: non ves que é máis vello que andar a pé?

- **no valer** [u.c.] **ni cinc cèntims**. *l.v.*: non valer [u.c.] un carallo / unha cadela / unha landra / unha mincha / un pataco. *Aquest cotxe no val ni cinc cèntims*. Este coche non vale un carallo.

#### CLAU

- **fotre** [d.p.] **un clau** (*fer el coit*) (*vulg.*). *l.v.*: botar [d.p.] un canivete / un ferrete / un foguete. *Et juro que aquesta nit no me n'aniré a dormir sense haver fotut un clau*. Xúroche que esta noite non me hei de ir deitar sen botar un foguete.
- **no valer** [u.c.] **un clau**. *l.v.*: non valer [u.c.] un carallo / unha cadela / unha landra / unha mincha / un pataco. *Aquest menú no val un clau, a casa hauré de tornar a dinar*. Este menú non vale un carallo, na casa vou ter que volver xantar.

#### COLL

- **a coll**. *l.adv.*: ao ombreiro (*ou* ao ombro) / no ombreiro / nos ombreiros. *Duien el nen a coll perquè estava cansat*. Levaban o meniño nos ombros porque estaba canso.

#### COLLIBÈ

- **a collibè**. *l.adv.*: ao ombreiro [*ou* ao ombro] / no ombreiro / nos ombreiros. *Duien el nen a collibè perquè estava cansat*. Levaban o meniño aos ombreiros porque estaba canso.

#### COLLÓ

- **de collons** (*molt bo*). *l.adj.*: de carallo. *Un apartament de collons*. Un apartamento de carallo.

- **de collons** 1 (*molt bé*). *l.adv.*: de carallo. *Li ha quedat de collons*. Quedoulle de carallo. | 2 (*molt*): de carallo. *Fa un sol de collons*. Fai sol de carallo.

#### COLZE

- **aixecar** [u.p.] **el colze** (*beure alcohol*). *l.v.*: cargar [u.p.] de través / o carro / o carro para Navia. *En veure'l entrar per la porta ja m'he adonat que havia aixecat massa el colze*. Cando o vin entrar pola porta xa me dei de conta de que cargara de máis o carro.

#### CONTENT, -A

- **content com un gos amb un os / com unes pasqües / més content que un gínjol**. *l.adj.*: ledo (*ou* contento) como (*ou* coma) micho con axóuxere / como un cuco / como un rulo / como unhas pascuas (*ou* páscoas). *Quan va veure que els reis li havien dut el que havia demanat, es va posar més contenta que un gínjol*. Cando viu que os reis lle levaran o que pedira, púxose contenta como un cuco.

#### CONYA

- **de conya** (*molt bo*). *l.adj.*: de carallo. *Un sopar de conya*. Unha cea de carallo.
- **de conya** 1 (*de broma*). *l.adv.*: de carallada / de brincadeira. *Ho dius de veritat o de conya?* Estalo dicindo de veras ou de carallada? | 2 (*molt bé*): de carallo. *Balla de conya*. Baila de carallo.

#### CORCÓ

- **ésser** (*o* ser) [u.p.] **un corcó**. *l.v.*: ser [u.p.] un enfexo. *Aquest estudiant és un corcó: no es perd cap hora de visita per mirar d'escarrapar algun punt!* Este estudante é un enfexo: non hai hora de visita que non veña para tentar rabuñar algún punto!

## CORDA

- **ésser** (o ser) [d.p.] **la corda i el poal**. *l.v.*: ser [d.p.] uña e carne / carne e uña / carne e sangue. *Eren la corda i el poal, però ara no es parlen*. Eran uña e carne, pero agora non se falan.

## CORT

- **ésser** (o ser) [u.ll.] **una cort de porcs / semblar una cort de porcs**. *l.v.*: estar [u.l.] como (ou coma) o cortello dos porcos / parecer [u.l.] o cortello dos porcos. *Aviam si endreces una mica la teva habitació, que últimament sembla una cort de porcs!* A ver se arrombas un pouco o teu cuarto, que ultimamente parece o cortello dos porcos!

## COSTAR

- **costar** [u.c.] **Déu i ajuda** a algu. *l.v.*: custar [u.c.] fame, ferro e fariña / ferro e fariña / ferro e fouce a alguén. *Al final vam poder fer l'espectacle, però ens va costar Déu i ajuda convèncer els programadors que el tindriem a punt el dia de l'estrena*. Ao final puidemos facer o espectáculo, pero custounos ferro e fariña convencer os programadores que o iamos ter a punto o día da estrea.

## CUA

- **de cua d'ull**. *l.adv.*: de esguello / de enxergo / ao biés. *Em mirava de cua d'ull, pensant-se que no me n'adonava*. Miraba para min de esguello, pensando que non me daba de conta.
- **marxar** (o fugir) [u.p.] **amb la cua entre cames**. *l.v.*: fuxir (ou liscar, marchar) [u.p.] co rabo entre as pernas. *Es van ficar tant amb ells que no els va quedar cap altre remei que marxar*

*amb la cua entre cames*. Metéronse tanto con eles que non lles quedou outro remedio que fuxir co rabo entre as pernas.

## CUCA

- **Morta la cuca, mort el verí**. *prov.*: Morto o can, morta a rabia.

## CUL

- **ésser** (o ser) [d.p.] **cul i camisa / cul i merda**. *l.v.*: ser [d.p.] uña e carne / carne e uña / carne e sangue. *Eren cul i merda, però ara no es parlen*. Eran uña e carne, pero agora non se falan.

## DALT

- **de dalt a baix**. *l.adv.*: de riba abaixo. *Una mirada que li va recórrer tot el cos de dalt a baix*. Un ollar que lle percorreu o corpo todo de riba abaixo.

## DESAGRAÏT

- **De desagraïts, l'infern n'és ple**. *prov.*: Está o inferno cheo de mal agradecidos / De mal agradecidos, está o inferno cheo.

## DESCOSIT

- **parlar** [u.p.] **pels descosits**. *l.v.*: falar [u.p.] os sete falares / polas orellas / polos cóbados / darlle [u.p.] á lingua. *No se sap estar callada: parla pels descosits*. Non sabe estar calada: fala polos cóbados. *Aquell sempre xerra pels descosits!* Ese sempre lle está dando á lingua!

## DEFERRA

- **fet una deferra**. *l.adv.*: feito un cristo. *Després de l'accident, el pobre va quedar fet una deferra*. Despois do accidente, o coitado quedou feito un cristo.

## DEBALL

- **al detall** (*venda*). *l.adv.*: polo miúdo. *En aqueles magatzems també venen al detall.* Naqueles almacéns tamén venden polo miúdo.

## DÉU

- **Déu n'hi do** (*o Déu n'hi doret*) 1 (*més que suficiente*). *fórm.*: *l.v.* Chegarlle ben [u.c.] a algo ou a alguén. *–N'hi ha gaires? –Déu n'hi do, vuit banderes. –Hai moitas? –Chégalle ben, oito bandeiras. Déu n'hi do, aquest semáfor.* Chégalle ben, a este semáforo (*referíndose ao tempo que tarda en mudar da luz vermella para a verde*). | 2 (*ponderación d'algú o d'alguna cosa*): *l.v.* ser [u.c.] moito / moitiño. *Déu n'hi do, París. É moito, París. Déu n'hi do com parlava. É moito como falaba.*
- **que Déu n'hi do** (*o que Déu n'hi doret*) (*ponderación d'algú o d'alguna cosa*). *fórm.*: que mete medo / que é moito (*ou que é moitiño*). *Beu alcohol que Déu n'hi do. Bebe alcol que mete medo. Una pluja que Déu n'hi do. Unha chuvia que era moito.*

## DIR

- **Dit i fet / Tal dit, tal fet.** *fórm.*: Dito e feito / Meu dito, meu feito.
- **ara diu** [u.p.] **pa, ara diu peix.** *loc verb.*: dar [u.p.] o dito por non dito. *No te'n pots refiar: quan li convé, ara diu pa, ara diu peix.* Non te podes fiar: cando lle convén dá o dito por non dito.

## DIT

- **estar** (*o ser*) [u.c.] **per llepar-se'n els dits.** *l.v.*: estar (*ou ser*) [u.c.] de lamber os dedos / os beizos / os bicos / os fociños. *Uns rovellons a la planxa per*

*llepar-se'n els dits.* Unhas carneiras á prancha de lamber os dedos.

- **llepar-se'n** [u.p.] **els dits** (*per alguna cosa molt bona*). *l.v.*: lamber [u.p.] os dedos / os beizos / os bicos / os fociños. *Amb aquestes postres te'n lleparàs els dits.* Con esta sobremesa has lamber os dedos.

## DOGAL

- **estar** [u.p.] **amb el dogal al coll / tenir** [u.p.] **un dogal al coll.** *l.v.*: estar [u.p.] co barazo / coa auga / coa corda ao pescozo / estar [u.p.] coa auga ata (*ou até*) a boca / chegar a alguén a auga á boca. *El vam haver d'ajudar perquè estava amb el dogal al coll.* Tivemos de lle axudar porque estaba co barazo ao pescozo.

## DOJO

- **a dojo** (*en abundància*). *l.adv.*: á envorca / a embute / a esgalla / a esgallo / a varrer / a varrisco / a pote / a fartar / á fartura. *L'aigua brollava a dojo per les esclètxes de la roca.* A auga abrollaba á envorca polas gretas da rocha.

## DOLLS

- **a dolls** (*en abundància*). *l.adv.*: á envorca / a embute / a esgalla / a esgallo / a Deus dar / a Cristo dar. *Guanyen diners a dolls.* Gañan diñeiro a embute.

## DONAR

- **Tant se me'n** (*o te'n*, etc.) **dóna.** *fórm.*: Tanto me (*ou che, etc.*) ten / dá. *Tant se me'n dóna aquest día com un altre.* Tanto che me dá ese día como outro.

## DORMIR

- **dormir** [u.p.] **com el guix / com una rabassa / com un soc / com una soca / com un tronc.** *l.v.:* durmir [u.p.] como (*ou coma*) un cepo / como un lirio / como un peixe / como unha pedra. *Abans d'apagar el llum ja dorm com un soc.* Antes de apagar a luz xa dorme coma un lirio.

## DRAP

- **a tot drap.** *l.adv.:* a todo filispín / á toda / a máis non dar. *Vam haver de marxar d'aquell lloc a tot drap per no rebre.* Tivemos que marchar de aquel lugar a todo filispín para non levar.
- **deixar** [u.p.] **algú com un drap brut.** *l.v.:* pór (*ou poñer*) [u.p.] a alguén a pan pedir / a pingar. *Durant el congrés el van deixar com un drap brut, però ni tan sols es va voler defensar.* Durante o congreso puxérono a pan pedir, pero nin sequera se quixo defender.

## DRET, -A

- **no aguantar-se** [u.p.] **dreta.** *l.v.:* non se ter [u.p.] de pé. *No s'aguanta dret de mamat com va.* Non se ten en pé do bévedo que vai.

## DUR

- **ésser** (*o ser*) [u.p.] **dura de cap / de clepsa / de closca / de testa / ésser** (*o ser*) [u.p.] **un cap dur / tenir** [u.p.] **dur el cap** (*o dura la clepsa / la closca / la testa*). *l.v.:* ser [u.p.] chousa de entendemento. *L'hi hauràs de repetir vint vegades perquè és una mica dur de closca.* Vas ter que llo repetir vinte veces porque é algo chouso de entendemento.

## EIXAM

- **a eixams** (*sembrar*). *l.adv.:* ao chou. *Els espinacs se sembren a eixams i, un pic broten, cal aclarir-los.* As espinacas seméntanse ao chou e, así que brotan, hai que rarealas.

## EMPIPAR-SE

- **empipar-se** [u.p.] **com una mona.** *l.v.:* pórse (*ou poñerse*) [u.p.] como (*ou coma*) un bispo / como (*ou coma*) as brasas / feita unha fera. *Es va empipar com una mona quan li vaig dir que més aviat em feia llàstima.* Púxose feito unha fera cando lle dixen que antes ben me daba mágoa.

## ENGANXAR

- **enganxar-se** [u.p.] **com una paparra** a algu. *l.v.:* pegárselle [u.p.] como (*ou coma*) a la de gato / como un isqueiro a alguén. *Mira que li vaig dir cops que hi volia anar sol, però res, se'm va enganxar com una paparra.* Mira que lle dixen ben veces que quería ir só, pero nada, pegóuseme como un isqueiro.

## ENGINY

- **Val més enginy que força.** *prov.:* Máis vale habelencia que forza sen ciencia.

## ENGRÒS

- **a l'engròs** (*venda*). *l.adv.:* por xunto. *En aquells magatzems només venen a l'engròs.* Naqueles almacéns só venden por xunto.

## ENSOPEGAR

- **no ensopegar-ne** [u.p.] **ni una.** *l.v.:* non acertar [u.p.] unha / non facer [u.p.] cousa con cousa. *Mira que hi havia proves fàcils, i tot i així no en va*

*ensopegar ni una.* Mira que había probas fáciles, e mais non acertou unha.

#### ENSOPIR-SE

- **ensopir-se** [u.p.] **com un lluç.** *l.v.:* aburrirse [u.p.] como (*ou* coma) un can / como unha pataca. *Quan no hi ha festes m'ensopeixo com un lluç.* Cando non hai festas abúrrome como un can.

#### ENTENEDOR, -A

- **A bon entenedor, poucos paraules.** *prov.:* A bo entendedor, curto falador / A bo entendedor, pouca parola.

#### ESBIAIXADA

- **d'esbiaixada.** *l.adv.:* ao biés. *Hem de travessar el riu d'esbiaixada.* Temos que cruzar o río ao biés.

#### ESCABETXADA

- **fer** [u.p.] **una escabetxada.** *l.v.:* facer [u.p.] unha desfeita. *Com que van atacar per sorpresa, a la nit, van fer una escabetxada entre les tropes enemigues.* Ao atacaren por sorpresa, de noite, fixeron unha desfeita entre as tropas inimigas.

#### ESCREIX

- **amb escreix.** *l.adv.:* ás cheas /ben ás cheas. *Van superar amb escreix les expectatives.* Superaron ben ás cheas as expectativas.

#### ESPASA

- **entre l'espasa i la paret.** *l.adv.:* entre a bigornia e o martelo / entre o eixo (*ou* eixe) e a roda. *Les declaracions de la directora general han posat el ministre entre l'espasa i la paret.* As declaracións da directora xeral

puxeron o ministro entre a bigornia e o martelo.

#### ESPATLLA

- **arronsar-se** (*o encongir-se*) [u.p.] **d'espattes / arronsar** (*o encongir*) [u.p.] **les espattes.** *l.v.:* encoller [u.p.] os ombros. *Sense saber què dir, es va encongir d'espattes i se'n va anar.* Sen saber que dicir, encolleu os ombros e foise de alí.
- **fer espatlla** (*o espattes*) / **posar** [u.p.] **l'espatta** a algu. *l.v.:* dar [u.p.] cheda a alguén. *Sempre que m'ha calgut m'ha fet espatlla: és una bona amiga.* Sempre que o precisei deume cheda: é unha boa amiga.

#### ESQUENA

- **d'esquena.** *l.adv.:* de costas. *Té costum de dormir d'esquena.* Ten costume de durmir de costas.

#### ÉSSER (O SER)

- **no ésser-hi** [u.p.] **tota / del tot.** *l.v.:* non estar [u.p.] no seu acordo / non rexe [u.p.] ben / non ter [u.p.] os cinco sentidos ben asentados. *No hi és tot, pobrissó, per això no s'entén gran cosa del que diu.* Non rexe ben, coitadiño, por iso non se lle entende moito do que di.

#### ET

- **amb tots els (seus) ets i uts.** *l.adv.:* polo miúdo / punto por punto. *Em va explicar la situació amb tots els ets i uts i em vaig fer càrrec de les tremendes dificultats que afrontàvem.* Explicoume a situación polo miúdo e fíxenme cargo das tremendas dificultades que afrontabamos.

## FAMA

- **Agafa (o cria) fama i posa't a jeure.** *prov.:* Colle boa fama e bótate (ou déitate) a durmir.

## FEBRER

- **Aigua al febrer, civada al graner / Si plou al febrer, tot va bé.** *prov.:* Auga de febreiro fai bo palleiro / Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo celeiro.
- **Febreret curt, amb vint-i-vuit dies en surt.** *prov.:* Febreiriño curto cos seus vinte e oito, se dura máis catro non deixa can nin gato nin sapiño no burato.
- **Qui sembra al febrer, collita té.** *prov.:* Sementa avea en febreiro, se queres sacar diñeiro.

## FER

- **fer aire / vent.** *col.:* facer (ou ir) aire / vento. *No surtis, que fa molt d'aire.* Non saias, que vai moito aire.
- **fer calda / calor.** *col.:* facer (ou ir) calor. *Fa tanta calor que es podria fer un ou ferrat a terra.* Vai tanta calor que se podería facer un ovo frito no chan.
- **fer fred.** *col.:* facer (ou ir) frío. *Fa un fred que gela.* Vai un frío que leva os dentes.
- **Tant [u.p. /u.c.] me (o et, etc.) fa.** *fórm.:* Tanto [u.p. /u.c.] me (ou che, etc.) ten / dá. *A tu tant te fa una cosa com l'altra, oi?* A ti tanto che ten unha cousa como a outra, non é?
- **anar [u.p.] fent.** *l.v.:* ir [u.p.] indo. *–I la teva mare? –Doncs va fent. –E a túa mai? –Pois vai indo.*

## FERA

- **posar-se [u.p.] feta una fera.** *l.v.:* pórse (ou poñerse) [u.p.] como (ou coma) un bispo / como as brasas / feita un can da rabia / feita unha fera / fera coma un can doente. *Vaig aparcar davant d'un gual permanent i en arribar al cotxe l'amo de la casa es va posar fet una fera.* Aparquei diante dunha pasaxe permanente e cando cheguei ao coche o dono da casa púxose feito unha fera.

## FETGE

- **El que és bo per al fetge és dolent per a la melsa.** *prov.:* O que é bo para o bazo é malo para o figado.

## FIGA

- **fer figa les cames (els braços, els genolls)** a algú. *l.v.:* abalarlle / acanearlle as pernas (os brazos, os xeonllos) a alguén. *Li fan figa les cames de l'esforç.* Acanéanlle as pernas do esforzo.
- **pesar [u.p.] figues** (fer capcinades per la son). *l.v.:* pescar [u.p.] pombos. *A aquestes hores no li truquis que segur que pesa figues.* A estas horas non o chames que seguro que está a pescar pombos.
- **ésser (o ser) [u.c.] figues d'altre sostre / d'un altre paner.** *l.v.:* ser [u.c.] fariña doutra muiñada / fariña doutro fol / viño doutra cepa. *T'ho explicaria, però trobo que ara no ve a tomb: són figues d'un altre paner.* Contar contábacho, pero coído que agora non vén a rego: é fariña doutro fol.

## FIL

- **fil per randa.** *l.adv.:* polo miúdo / punto por punto. *Em va explicar la*

*situació fil per randa i em vaig fer càrrec de les tremendes dificultats que afrontàvem.* Explicoume a situación polo miúdo e fixenme cargo das tremendas dificultades que afrontabamos.

#### FILAR

- **filar** [u.p.] **prim.** *l.v.:* fiar [u.p.] fino / miúdo. *No t'acceptarà el treball si no és perfecte: és un home que fila molt prim i costa d'accontentar-lo.* Non che vai aceptar o traballo se non está perfecto: é un home que fia moi miúdo e custa contentalo.

#### FLOR

- **Una flor no fa estiu.** *prov.:* Unha andoriña soa non fai verán.

#### FOC

- **fugir** [u.p.] **del foc i caure a les brases.** *l.v.:* fuxir [u.p.] da cinza e caer nas brasas. *Va aconseguir escapar-se de la presó, però fora l'esperaven els col·legues que havia delatat: va fugir del foc i va caure a les brases.* Conseguiu escapar do cárcere, pero fóra esperábano os colegas que delatara: fuxiu da cinza e caeu nas brasas.

#### FOSC, -A

- **ésser (o ser)** [u.ll.] **com la gola del llop / fosc com una gola de llop.** *l.v.:* estar [u.l.] escuro como (ou coma) boca de lobo / como a boca dun lobo / como a boca do lobo. *Aquella cova era fosca com la gola del llop, sort que dúiem una lot.* Aquela cova estaba escura como a boca dun lobo, aínda ben que levabamos unha lanterna.

#### FOTRE

- **Tant** [u.p. /u.c.] **se me'n (o te'n, etc.) fot.** *fórm.:* Tanto [u.p. /u.c.] me (ou che, etc.) ten / dá. *Tant se me'n fot el resultat.* Tanto che me ten o resultado.
- **fer-se fotre** [u.p.]. *l.v.:* amolarse. *Doncs si no hi estàs d'acord, t'hauràs de fer fotre.* Pois se non estás de acordo, vas ter que te amolar.
- **fotre** [u.p.] alguna cosa **a mar / al rec / a la bassa / a les escombraries.** *l.v.:* tirar [u.p.] cunha cousa ao río. *Et juro que si no ho endreces t'ho fotré a mar.* Asegúroche que se non o pos no seu sitio tíroche con iso ao río.
- **fotre** [u.p.] **el camp.** *l.v.:* tomar / coller [u.p.] o andante / marchar [u.p.]. *Anem, au, que aquí no ens hi volen.* Marchamos, anda, que aquí non nos queren. *Com que no ens hi volien, vam haver de fotre el camp.* Como non nos querían alá, tivemos de coller o andante.

#### FÚRIA

- **feta** [u.p.] **una fúria.** *l.adv.:* feita [u.p.] unha furia. *Quan se'n va assabentar, es va posar fet una fúria.* Cando o soubo, púxose feito unha furia. *Era a la barra, feta una fúria perquè no sé qui li havia cantat les veritats.* Estaba na barra, feita unha furia porque non sei quen llas cascara fervendo.

#### FURT

- **a furt.** *l.adv.:* a furto / ás furtadelas. *No permetien de pescar en aquell rierol i va fer-ho a furt, esquivant la vigilància.* Non permitían pescar naquel regato e fixoo a furto, esquivando a vixilancia.

## FUGIR

- **fugir** [u.p.] **del foc i caure a les brasas.** *l.v.:* fuxir [u.p.] da cinza e caer nas brasas. *Va aconseguir escapar-se de la presó, però fora l'esperaven els col·legues que havia delatat: va fugir del foc i va caure a les brasas.* Conseguiu escapar do cárcere, pero fóra esperábano os colegas que delatara: fuxiu da cinza e caeu nas brasas.

## GALL

- **posar-se** [u.p.] **com un gall** (molt empipat). *l.v.:* pórse (ou poñerse) [u.p.] como (ou coma) as brasas / como un bispo. *Vaig aparcar davant d'un gual permanent, i en arribar al cotxe l'amo de la casa es va posar com un gall amb mi.* Aparquei diante dunha pasaxe permanente, e cando cheguei ao coche o dono da casa púxose coma un bispo comigo.
- **Cada gall canta en son galliner / Cada gall en son galliner canta molt bé.** *prov.:* Cada galo canta no seu galiñeiro / Cada galo canta no seu galiñeiro; e o que é bo, no seu e no alleo.
- **Dos galls en un galliner no canten bé** *prov.:* Dous galos nun galiñeiro non cacarexan ben.

## GAMBADA

- **a gambades.** *l.adv.:* ás alancadas. *Caminava a gambades pel pati de casa.* Camiñaba ás alancadas polo patio da casa.

## GARROFA

- **guanyar-se** [u.p.] **les garrofes.** *l.v.:* gañar [u.p.] o caldo / o pan / o pan de cada día. *Per sort, tot i la crisi,*

*em guanyo les garrofes honradament.*  
Por sorte, malia a crise, gaño o caldo honradamente.

## GAT

- **Gat escaldat, de l'aigua freda fuig.** *prov.:* Gato escaldado, da auga fría foxe.
- **Gat maulador és poc ratador / Gat maulador, mal caçador / Gat que miola no caça.** *prov.:* Gato berrador, mal murador / Gato miador (*ou* maiador) non é bo cazador / Gato que moito miaña poucos ratos caza.
- **Quan el gat no hi és, les rates ballen.** *prov.:* Na casa na que non hai gatos, campan os ratos.

## GATZONETA

- **a la gatzoneta.** *l.adv.:* a (*ou* ao, de) cachoupiño / de crequenias / en crequenias. *Vam fer aquell tros a la gatzoneta perquè no ens veiessin des del taulell.* Fomos aquel cacho de crequenias para que non nos visen desde o mostrador.

## GAVADAL

- **a gavadals** (*en abundància*). *l.adv.:* a cachón / a esgalla. *A la llengua catalana i a la llengua gallega hi ha refranys a gavadals.* Na lingua catalá e na lingua galega hai refráns a esgalla.

## GENER

- **Al gener, tanca la porta i encén el braser.** *prov.:* En xaneiro, bon braseiro.
- **De la flor de gener, ningún n'omple el graner.** *prov.:* Da flor de xaneiro ninguén enche o celeiro.



- **Pollastre de gener, cada ploma val un diner.** *prov.*: Pito de xaneiro, cada pluma un diñeiro.
- **Trons de gener, pagès, estintola el graner / Trons en giner, fica sitges al graner (val.) / Trons pel gener, desembarassa el graner.** *prov.*: Cando trona en xaneiro, millo por todo o eido.

#### GIMNÀSTICA

- **barrejar (o confundre) [u.p.] la gimnàstica amb la magnèsia.** *l.v.*: mesturar (*ou* confundir) [u.p.] allos con bugallos / allos con cascallos / sapos con bolboretas. *No li pots explicar res perquè quan ho diu a algú sempre barreja la gimnàstica amb la magnèsia.* Non lle podes contar nada porque cando llo di a alguén sempre mestura allos con bugallos.

#### GOIG

- **fer [u.c.] goig a algú (agradar).** *l.v.*: dar [u.c.] xenio a alguén. *Fa goig veure'ls.* Dá xenio velos. *Amb els nous pinzells fa més goig.* Cos novos pinceis dá máis xenio.

#### GOS

- **A gos flac, tot són puces.** *prov.*: A can fraco, todo se lle volven pulgas / A cadelo fraco, todo son pulgas.
- **Gos lladrador no és caçador / gos que lladra no mossega.** *prov.*: Can ladrador, mal cazador / Can que ladra nin morde nin caza / Can que ladra non trava.
- **Quan els gossos lladren, alguna cosa senten.** *prov.*: Cando as pitas cacarexan, algo senten / Cando o galo cacarexa algo pasa na eira.

#### GRÀCIES

- **Encara gràcies! / Doncs encara gràcies!** *fórm.*: Aínda ben! / Pois aínda ben!

#### GRAPA

- **de grapes / de quatre grapes.** *l.adv.*: a gatiñas / de gatiñas. *Tot i que encara és molt petit, ja camina de quatre grapes.* Aínda que é moi cativo, xa anda de gatiñas.
- **caure-hi [u.p.] de quatre grapes / potes.** *l.v.*: entrar [u.p.] á gaiola / na gaiola. *Mira que et vaig avisar que era una estafa, però tu hi has tornat a caure de quatre grapes.* Mira que te avisei de que era unha estafa, pero ti volviches entrar á gaiola.

#### GRAPAT

- **a grapats (en abundància).** *l.adv.*: ás mans cheas / a mancheas. *No sé com s'ho deu haver fet per haver guanyat diners a grapats l'any passat i ara haver de tancar el negoci.* Non sei como faría para o ano pasado ter gañado diñeiro ás mans cheas e agora ter que fechar o negocio.

#### GRILL

- **ésser (o ser) / semblar [u.ll.] una olla de grills.** *l.v.*: parecer / ser [u.l.] un niño de ratos / un saco de ratos. *El Parlament, d'ençà que s'han jubilat els polítics de vocació, ha esdevingut una olla de grills.* O Parlamento, desde que se xubilaron os políticos de vocación, tornouse un niño de ratos.

#### HORT

- **baixar / venir [u.p.] de l'hort.** *l.v.*: andar [u.p.] na horta / nas uvas / nas patacas. *Noi, sembla que baixis de l'hort, si n'han parlat tots els mitjans!* Rapaz,

parece que andes na horta, se todos os medios teñen falado diso!

#### JULIOL

- **Al juliol, la falç al coll / Al juliol, la forca al coll.** *prov.:* No mes de Santiago, fouciño ao agro.
- **Si vols bons naps, pel juliol sembrats.** *prov.:* Polo Santiago, seméntase o nabo.

#### JUNY

- **Al juny, la falç al puny / En juny, corbella en puny (val.).** *prov.:* Cando xuño chega, colle a fouce e limpa a eira / En san Xoán, fouce na man / En xuño, fouce no puño.
- **Al juny, la pluja està lluny, i si plou, cada gota és com el puny / Juny plujós, graner polsós.** *prov.:* Chuvias en san Xoán, quitan o viño e non dan pan.

#### LATA

- **clavar (o donar) [u.p.] la lata** a algú. *l.v.:* dar [u.p.] a lata / a leria / o lerio a alguén. *Cada cop que em troba em dóna tant la lata que acabo amb mal de cap.* Cada vez que me atopa dáme tanto a lata que acabo con dor de cabeza.

#### LLADRE

- **Pensa el lladre que tothom roba.** *prov.:* O gato lambón pensa que todos son da súa condición / Pensa o ladrón que son todos da súa condición.

#### LLANA

- **anar [u.p.] per llana i tornar tos.** *l.v.:* ir mallar e vir mallado. *Va voler desacreditar el president revelant detalls de la seva vida íntima, però*

*aquest s'hi va tornar amb dades molt més comprometedores sobre ell: el pobre va anar per llana i va tornar tos.* Quixo desacreditar o presidente revelando detalles da súa vida íntima, mais este retrucoulle con datos moito máis comprometedores sobre el: o coitado foi mallar e veu mallado.

#### LLARG

- **anar [u.c.] (per) llarg.** *l.v.:* ir [u.c.] para tempo. *La recuperació anirà per llarg, així que no et posis nerviosa.* A recuperaciún vai ir para tempo, de modo que non te poñas nerviosa.

#### LLAUNA

- **Quina llauna!** *fórm.:* Que lerio! *Renoi, quina llauna de pel·lícula!* Ai, que lerio de película!
- **clavar (o donar) [u.p.] la llauna** a algú. *l.v.:* dar [u.p.] a lata / a leria / o lerio a alguén. *Cada cop que em troba em dóna tant la llauna que acabo amb mal de cap.* Cada vez que me atopa dáme tanto o lerio que acabo con dor de cabeza.

#### LLEI

- **ésser (o ser) [u.c.] llei de vida.** *l.v.:* ser [u.c.] lei de vida. *Tothom es mor un dia o altre: és llei de vida.* Todo o mundo morre algún día: é lei de vida.

#### LLETRA

- **La lletra pel cul entra / per les anques entra.** *prov.:* Non hai razón como (ou coma) a do bastón.

#### LLEUGER, -A

- **fer [u.p.] alguna cosa a la lleugera / de lleuger.** *l.v.:* facer [u.p.] algo sen xeito nin modo. *Com que tenia pressa ho va fer a la lleugera i, és clar, ara en*

*paga les conseqüències.* Como tiña présa fíxoo sen xeito nin modo e, claro, agora paga as consecuencias.

## LLOP

- **El llop muda les dents, però no els pensamentos.** *prov.:* O lobo muda o pelo, mais non o vezo.
- **Llops amb llops no es mosseguen.** *prov.:* Nunca o lobo mata o lobo / Un corvo a outro non lle tira os ollos.
- **Qui amb llops va, s'amostra a aüllar.** *prov.:* quen con lobos anda, a ouvear aprende.
- **Quan la carn ha de ser del llop, ella mateixa s'hi porta.** *prov.:* O porco que é para o lobo, non hai santo Antón que o garde.

## LLUM

- **estar [u.p.] com un llum.** *l.v.:* estar [u.p.] como (*ou coma*) unha cachapa de grilos / como unha esporta de grilos. *Quan el vegis fent-ne de les seves t'adonaràs que està com un llum.* Cando o vexas facendo das súas decataraste de que está como unha esporta de grilos.

## MÀ

- **donar [u.p.] un cop de mà a algú.** *l.v.:* botar / dar [u.p.] unha man a alguén. *Em va demanar que li donés un cop de mà amb el trasllat i el vaig anar a ajudar amb la furgoneta.* Pedume que lle botase unha man coa mudanza e funo axudar coa furgoneta.
- **ésser (o ser) [u.p.] la mà dreita d'algú.** *l.v.:* ser [u.p.] a man dereita de alguén. *Malgrat que no és conseller, el president el considera la seva mà dreita.* Malia non ser conselleiro, o

presidente considérao a súa man dereita.

- **fer [u.p.] mans i mànigues** (*fer tot el possible*). *l.v.:* arrancar [u.p.] pedras cos dentes / botar [u.p.] toda a auga ao muíño / botar [u.p.] a aña fóra. *Vaig fer mans i mànigues per aconseguir una altra entrada, però no hi va haver manera, em sap greu.* Arranquei pedras cos dentes para conseguir outra entrada e mais non houbo maneira, dáme pesar.
- **fotre [u.p.] mà a algú.** *l.v.:* dar [u.p.] un tento a alguén. *En aquestes festes tan multitudinàries s'ha d'anar amb compte: sempre hi ha algú que aprofita per fotre mà.* Nestas festas tan multitudinarias hai que andar con coidado: sempre hai alguén que aproveita para dar un tento.
- **tenir [u.p.] la mà foradada.** *l.v.:* ser [u.p.] un acabador / gastar [u.p.] cartos como (*ou coma*) sarabia. *Té la mà foradada: cobra molt, però mai no arriba a fi de mes.* É un acabador: cobra moito e mais non dá chegado á fin do mes.

## MAIG

- **Llauri qui no llaurà, que el mes de maig entrà.** *prov.:* Cava, labor e barbeito, en maio han de estar feitos.
- **Maig humit fa el pagès ric / pluges de maig, garrofes a raig.** *prov.:* Auga de maio, pan para todo o ano.
- **Pel maig, floreix el faig i canta el gaig.** *prov.:* Touro e galo, troita e barbo, todo en maio.

## MAL

- **anar [u.p./u.c.] a mal / de mal en pitjor.** *l.v.:* ir [u.p./u.c.] de mal a peor / de

mal en peor. *El negoci va de mal en pitjor: cada dia té més pèrdues.* O negocio vai de mal en peor: cada día ten máis perdas.

- **saber** [u.p.] **de quin mal pateix** algu. *l.v.:* saber [u.p.] onde lle magoa / manca o zapato / o zoco a alguén. *Cadascú sap de quin mal pateix.* Cada un sabe onde lle manca o zoco.

### MARÇ

- **El sol de març es coneix set anys a la cara / març marcer, sol carasser.** *prov.:* Sol de marzo queima as donas no pazo.
- **Març, marçó: al matí cara de gos i al vespre galant i minyó.** *prov.:* Marzo, marzal: á mañá cara de sol e á tarde cara de can.
- **Mes de març, pigards / pel març, pigues i barbs.** *prov.:* En marzo, espigarzo.

### MARE

- **fer sortir / fer treure** [u.p./u.c.] algu **de mare.** *l.v.:* pór (*ou* poñer) [u.p./u.c.] alguén fóra dos eixes (*ou* eixos). *No el vull ni veure: és tan saberut que em fa sortir de mare.* Non o quero nin ver: é tan sabichón que me pon fóra dos eixes.

### MARXA

- **a marxes forçades.** *l.adv.:* a marchas forzadas. *Vam haver d'avançar a marxes forçades per acabar l'etapa en el termini estipulat.* Tivemos que avanzar a marchas forzadas para terminar a etapa no prazo estipulado.

### MATEIX, -A

- **per ell mateix.** *l.adv.:* de seu / por el mesmo. *Tot i que no s'hi veu gaire,*

*es val per ell mateix.* Aínda que non ve moito, válese de seu.

### MENJAR

- **menjar** [u.p.] **com un bou / com un llop / com un trabuc.** *l.v.:* comer [u.p.] como (*ou* coma) un abade / como un bazuncho / como un boi / como un burro [*ou* unha burra] / como un crego / como un frade / como un lobo / como unha vaca. *Té fama de menjar com un llop; si el convidem ens sortirà car, el sopar.* Ten fama de comer coma un crego; se o convidamos vainos saír cara a cea.
- **menjar** [u.p.] **com un ocellet / com un pardalet / com un pinsà.** *l.v.:* comer [u.p.] como (*ou* coma) un paxariño / como un pisco / como un pito. *Tota la vida ha menjat com un ocellet.* Toda a vida comeu como un paxariño.
- **menjar** [u.p.] **com un ogre.** *l.v.:* comer [u.p.] como (*ou* coma) un urco / unha urca. *Vaig adonar-me que ja estava bo quan el vaig veure menjar altre cop com un ogre.* Decateime de que xa estaba ben cando o vin comer de novo coma un urco.
- **menjar** [u.p.] **com una llima.** *l.v.:* comer [u.p.] como (*ou* coma) a pedra dun afiador / como limas xordas. *Menja com una llima: plat que li posis, plat que devora fins l'última molla.* Come como a pedra dun afiador: prato que lle poñas, prato de que devora ata a derradeira faragulla.
- **menjar** [u.p.] **més que un mal lleig.** *l.v.:* comer [u.p.] como (*ou* coma) unha frieira. *Aquest vailet és una ruína, menja més que un mal lleig!* Este rapaz é una ruína, come como unha frieira!

## MERDA

- **importar** [u.c.] **una merda** a algu. *l.v.*: importar [u.c.] un carallo a alguén / un farrapo de gaita / un fento / unha merda. *M'importa una merda que no tinguís ganas d'anar-hi: hi vas i punt.* Impórtacheme unha merda que non che apeteza ir: vas e punto.
- **a toda merda.** *l.adv.*: a todo filispín / á toda / a máis non dar. *Vam haver de marxar d'aquell lloc a toda merda per no rebre.* Tivemos que marchar de aquel lugar a todo filispín para non levar.

## MERDER

- **fer** [u.p.] **merder.** *l.v.*: meter [u.p.] balbordo. *No facis merder; que em desconcentres.* Non metas balbordo, que me desconcentras.

## MIRAR

- **mirar(-se)** [u.p.] **algu de dalt a baix.** *l.v.*: mirar / ollar [u.p.] alguén por riba do ombro / de riba abaixo. *Què et passa? Et penses que perquè tens més diners ja em pots mirar de dalt a baix o què?* Que tes? Pensas que por ter máis diñeiro xa me podes mirar por riba do ombro, ou?

## MISSA

- **No es pot ser a missa i repicant.** *prov.*: Soprar e sorber, non pode ser.

## MONA

- **empipar-se** [u.p.] **com una mona.** *l.v.*: póirse (ou poñerse) [u.p.] feita un can da rabia / fera como (ou coma) un can doente. *Quan li vaig dir el que en pensava, d'ella, es va empipar com una mona.* Cando lle dixen o

que pensaba dela púxose feita un can da rabia.

- **Encara que es vesteixi de seda, la mona mona es queda.** *prov.*: Aínda que a mona se vista ben, mona era e mona é / Aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona queda.

## MORIR

- **morir** [u.p.] **com una gossa.** *l.v.*: morrer [u.p.] como (ou coma) un can (sarnento). *Vivien i morien com gossos, aquella pobra gent.* Vivían e morrían como cans, aquela xentiña.
- **morir-se** [u.p.] **d'avorriment.** *l.v.*: morrer de aburrimiento. *Quan no hi ha festes em moro d'avorriment.* Cando non hai festas morro de aburrimiento.

## MORT

- **carregar** [u.p.] **el mort** a algu. *l.v.*: cargarlle [u.p.] o morto a alguén. *No sé com m'ho faig, però sempre que hi ha algun problema em carreguen el mort a mi.* Non sei como o fago, pero sempre que hai algún problema cárganme o morto a min.

## MOS

- **fer** [u.p.] **un mos.** *col.*: comer [u.p.] un bocado. *Vam aprofitar que hi havia cinc minuts de pausa per anar a fer un mos.* Aproveitamos que había cinco minutos de pausa para comer un bocado.

## MUNT

- **a munt** (*en abundància*). *l.adv.*: a (ás) moreas / a (aos) montóns / a cachón. *Hi havia llardons, cócs i creps a munt.* Había roxóns, biscoitos e filloas ás moreas.

## MUNTÓ

- **a muntó** (*en abundancia*). *l.adv.*: a (ás) moreas / a (aos) montóns / a cachón. *Hi havia llardons, cócs i creps a muntó.* Había roxóns, biscoitos e filloas aos montóns.

## NADAL

- **Per Nadal, cada ovella al seu corral.** *prov.*: Polo Nadal, cada ovella ao seu curral.

## NAP

- **Tant se me'n** (*o te'n*, etc.) **dóna naps com cols.** *fórm.*: Tanto me (*ou che*, etc.) ten cardos como (*ou coma*) leitarugas / xabón como fio negro. *Tria les assignatures a la babalà: que no ho veus, que la carrera no li agrada i tant se li'n dóna naps com cols?* Escolle as materias ás toas: e logo non o ves, que a carreira non lle gusta e tanto lle ten cardos como leitarugas?
- **barrejar** (*o confondre*) [u.p.] **naps amb cols.** *l.v.*: mesturar (*ou confundir*) [u.p.] allos con bugallos / allos con cascallos / sapos con bolboretas. *No li pots explicar res perquè quan ho diu a algú sempre barreja naps amb cols.* Non lle podes contar nada porque cando llo di a alguén sempre mestura allos con bugallos.

## NEDAR

- **nedar** [u.p.] **i guardar la roba** (*no arriscar-ho tot*). *l.v.*: xogar [u.p.] con pan vello. *S'ha acabat això de nedar i guardar la roba: és el moment de fer un salt decidit cap endavant.* Xa chega de tanto xogar con pan vello: é o momento de dar un salto decidido cara a diante.

## NEGRE

- **ésser** (*o ser*) [u.c./u.ll.] **fosc / negre com gola de llop.** *l.v.*: estar [u.c./u.l.] negro como (ou coma) a boca dun lobo / como a boca do lobo / como boca de lobo. *La nit era fosca com una gola de llop.* Estaba a noite negra como a boca do lobo.

## NINA DELS ULLS

- **ésser** [u.p.] **la nina** [o **la nineta**] **dels ulls** d'algú. *l.v.*: ser [u.p.] a meniña dos ollos de alguén. *La filla petita era la nina dels seus ulls.* A filla pequena era a meniña dos seus ollos.

## NOVEMBRE

- **De novembre enllà, agafa la manta i no la deixis estar.** *prov.*: Se no mes de novembro sen abrigo vas, ou moi pobre es ou moi mal estás.

## NYAP

- **feta** [u.p.] **un nyap.** *l.adv.*: feita [u.p.] un cristo. *Després de l'accident, el pobre va quedar fet un nyap.* Despois do accidente, o coitado quedou feito un cristo.

## OBRIR

- **obrir** [u.p.] **la boca.** *l.v.*: abrir [u.p.] a boca. *Només va obrir la boca per dir-los que eren unes sangoneres miserables.* Soamente abriu a boca para lles dicir que eran unhas sambesugas miserables.

## OCELL

- **Cada ocell al seu niu.** *prov.*: Cada moucho no seu souto / Cada rato ao seu burato / Cada galo ao seu galiñeiro / Cada galo ao seu galiñeiro e cada pola ao seu poleiro.

## OLI

- **ésser** (*o ser*) [u.c.] **oli en un llum**. *l.v.*: ser [u.c.] como (*ou coma*) a auga que apagou o lume / dar [u.c.] a vida a alguén / valer [u.c.] a vida a alguén. *La pomada que em vas recomanar em va anar de conya: oli en un llum!* A pomada que me recomendaches foime moi boa: valeume a vida!

## OR

- **fer-se** [u.p.] (**la barba**) **d'or**. *l.v.*: facerse [u.p.] de ouro. *Des que va idear un sistema per enganyar les màquines escurabutxaques, s'ha fet d'or.* Des que ideou un sistema para enganar as màquines comecartos, fíxose de ouro.

## ORENETA

- **Una oreneta no fa estiu**. *prov.*: Unha andoriña soa non fai verán.

## ORNI

- **fer-se** [u.p.] **l'orni**. *l.v.*: facerse / chamarse [u.p.] de Covas. *Quan li he demanat els diners que em devia, s'ha fet l'orni.* Cando lle pedín o diñeiro que me debía, fíxose de Covas.

## ORRI

- **anar-se'n** [u.c.] **en orri** (*o en orris*). *l.v.*: irse [u.c.] ao (*ou para o*) cadoiro / á (*ou para a*) cañeira / ao (*ou para o*) nabo. *Per culpa de la maleïda crisi, els plans d'expansió se n'han anat tots en orris.* Por culpa do raio da crise, os plans de expansión foron todos para o nabo.

## OU

- **confondre** (*o barrejar*) [u.p.] **els ous amb els cargols**. *l.v.*: mesturar (*ou confundir*) [u.p.] allos con bugallos

/ allos con cascallos / sapos con bolboretas. *No li pots explicar res perquè quan ho diu a algú sempre barreja els ous amb els cargols.* Non lle podes contar nada porque cando llo conta a alguén sempre mestura allos con cascallos.

## OVELLA

- **Ovella de molts, el llop se la menja**. *prov.*: Cousa de moitos, cómea o lobo / Ovella de moitos, cómea o lobo.

## PA

- **a pa i aigua**. *l.adv.*: a pan e auga. *Estic a pa i aigua perquè el metge m'ha dit que m'he d'aprimar.* Estou a pan e auga porque me dixo o doutor que teño que enmagrecer.

- **per un tros de pa** (per ben poca cosa, per un preu molt baix). *l.adv.*: por un anaco de pan. *S'han venut el país per un tros de pa: amb aquesta classe política no es pot anar endavant.* Venderon o país por un anaco de pan: con esta clase política non se pode ir para diante.

- **ésser** (*o ser*) [u.c.] **de pa sucata amb oli**. *l.v.*: ser [u.c.] de pouca sonada / de cagar entre o millo. *Unes instal·lacions i un servei de pa sucata amb oli.* Unhas instalacións e un servizo de pouca sonada.

- **ésser** (*o ser*) [u.p.] **un tros de pa**. *l.v.*: ser [u.p.] un anaco de pan. *Tens un fill que és un tros de pa.* Tes un fillo que é un anaco de pan.

- **guanyar-se** [u.p.] **el pa**. *l.v.*: gañar [u.p.] o caldo / o pan / o pan de cada día. *Per sort, tot i la crisi, em guanyo el pa honradamente.* Por sorte, con todo e a crise, gaño o pan honradamente.

- **guanyar-se** [u.p.] **el pa amb la suor del seu front.** *l.v.:* gañar [u.p.] o pan coa suor da súa testa / da súa fronte. *El meu fill, des que se'n va anar de casa, s'ha guanyat el pa amb la suor del seu front.* O meu fillo, desde que marchou da casa, gañou sempre o pan coa suor da súa testa.
- **necessitar** [u.c.] **com el pa / com el pa que es menja.** *l.v.:* ser [u.c.] como (ou coma) o pan da boca. *Necessitava la droga com el pa que es menja.* Precisaba da droga coma o pan da boca.
- **no tenir** [u.p.] **un pa a la post.** *l.v.:* faltar o pan a alguén. *No té un pa a la post, però si no ho sabessis no ho diries pas.* Fáltalle o pan, pero se non o soubeses non o dirías.
- **A falta de pa, bona és la coca.** *prov.:* A falta de pan, boa é a bola de millo / A falta de pan, cómese bica.
- **Al pa, pa, i al vi, vi.** *prov.:* Dicar (ou falar) pan por pan / Dicar (ou falar) pan por pan e viño por viño.
- **Pa blanet passa collet.** *prov.:* Pan mole de seu se engole.
- **Poc pa i mal cuit / poc pa i florit, i rosegat de rata.** *prov.:* Pouca la e polas silveiras.

#### PALADA

- **a palades.** *l.adv.:* a pote / a (ás) carradas / a fartar / á fartura / a varrer / a varrisco. *Hi ha préssecs a palades: en pots agafar tants com vulguis.* Hai pexegos a varrer: podes levar todos os que queiras.

#### PALPENTES

- **a les palpentes.** *l.adv.:* ás apalpadas / ás apalpadelas / ás atoutiñadas / ás

atoutiñas. *Com que l'habitació era a les fosques hi van haver d'entrar a les palpentes.* Como o cuarto estaba ás escuras tiveron que entrar ás apalpadelas.

#### PALPES

- **a palpes.** *l.adv.:* ás apalpadas / ás apalpadelas / ás atoutiñadas / ás atoutiñas. *Com que l'habitació era a les fosques hi van haver d'entrar a palpes.* Como o cuarto estaba ás escuras tiveron que entrar ás apalpadas.

#### PALPONS

- **a palpons.** *l.adv.:* ás apalpadas / ás apalpadelas / ás atoutiñadas / ás atoutiñas. *Se'n va anar la llum i van anar a buscar les llanternes a palpons.* Marchou a luz e foron buscar os focos ás atoutiñas.

#### PAPARRA

- **ésser** (o ser) [u.p.] **una paparra.** *l.v.:* ser [u.p.] unha lendia. *El seu cosí, quina paparra: no te'l pots treure de sobre.* O seu curmán, que lendia: non o podes tirar de enriba.

#### PARAULA

- **deixar** [u.p.] **algú amb la paraula a la boca / amb mitja paraula a la boca.** *l.v.:* deixar u.p. alguén coa palabra na boca. *No em vol escoltar: sempre que li intento donar un consell se'n va i em deixa amb la paraula a la boca.* Non me quere escoitar: sempre que lle tento dar un consello marcha e déixame coa palabra na boca.
- **A paraules folles, orelles sordes.** *prov.:* A palabras tolas, orellas xordas.



## PARE

- **De tal pare, tal fill.** *prov.:* De tal pano, tal saia / de tal pau, tal racha.

## PARLAR

- **parlar** [u.p.] **clar / clar i català / clar i net.** *l.v.:* falar [u.p.] sen papas na boca. *No sol obrir gaire la boca, però quan ho fa, a fe de Déu que parla clar / clar i català / clar i net.* Non acostuma abrir moito a boca, però cando o fai, abofé que fala sen papas na boca.
- **parlar** [u.p.] **pels descosits.** *l.v.:* falar [u.p.] polas orellas / polos cóbados / polos cotobelos. *No se sap estar callada: parla pels descosits.* Non sabe estar calada: fala polos cóbados. *Aquell sempre xerra pels descosits!* Ese sempre fala polas orellas!

## PASSAT, -ADA

- **anar** [u.p.] **passada (de voltos)** (*per l'acohol o per altres drogues*). *l.v.:* ir [ou andar, vir] [u.p.] mazada. *Aquella nit anaven molt passats.* Aquela noite ían moi mazados.

## PASTAR

- **engegar** [u.p.] **algú a pastar (fang).** *l.v.:* mandar [u.p.] a alguén á boria / a buscar herba para a bicicleta / aos biosbardos. *Vam intentar estar-nos-en, però el vam acabar engegant a pastar fang.* Tentamos evitalo, pero acabamos mandándoo a buscar herba para a bicicleta.

## PELL

- **deixar-hi** [u.p.] **la pell 1 (morir-hi).** *l.v.:* dar [u.p.] os fíos á tea / a alma. *Durant la guerra molts soldats hi van deixar la pell.* Durante a guerra

moitos soldados deron a alma. | 2 *fig (esforçar-s'hi al màxim):* deixar [u.p.] o coiro / a pel / a alma. *Si cal, hi deixarem la pell, per guanyar el campionat.* Se é preciso, habemos deixar a alma para gañarmos o campionato.

## PENCAIRE

- **ésser** (o ser) / **estar feta** [u.p.] **una pencaire.** *l.v.:* andar / estar [u.p.] feita unha azacana / ser [u.p.] unha azacana. *Tots li deien que era una pencaire, i era veritat.* Dicíanlle todos que era unha azacana, e era verdade.

## PENJAMENT

- **dir** [u.p.] **penjaments** d'algú. *l.v.:* botar / dicir [u.p.] cobras e lagartos / sapos e lagartos de alguén. *És una mala persona: tothom en diu penjaments.* É unha má persoa: todo o mundo di cobras e lagartos del.

## PENQUES

- **ésser** (o ser) [u.p.] **una penques.** *l.v.:* ser [u.p.] unha cara lavada / unha escachada. *El seu germà sempre ha estat un penques, no l'he vist treballar ni un sol dia.* Seu irmán foi sempre un cara lavada, non o teño visto traballar un só día.
- **tenir** [u.p.] **penques.** *l.v.:* ter [u.p.] pancada. *Mira que arribes a tenir penques: després de tot el que m'has fet i encara t'atreveixes a demanar-me diners?* Mira que chegas a ter pancada: despois do que me fixeches e aínda es quen de me pedires diñeiro?

## PENSAMENT

- **fer** [u.p.] **un pensament** (*aixecar-se i marxar d'un lloc*). *l.v.:* ir [u.p.]

indo. *Fem un pensament? Imos indo? Hauriem de fer un pensament.*  
Haberá que ir indo.

## PES

- **treure** [u.p./u.c.] **un pes de sobre** a algú. *l.v. fig.:* sacar / tirar [u.p./u.c.] un peso de encima / de enriba a alguén / tirar / botar [u.p./u.c.] unha ansia a un lado / fóra / á parte a alguén. *Si els ho dius, els trauràs un pes de sobre.* Se llelo dis, haslles sacar un peso de encima.
- **fer** [u.c./u.p.] **el pes** a algú (convèncer, satisfacer, agradar, inspirar confianza). *l.v.:* dar [u.c./u.p.] xeito a alguén. *És un actor que no m'acaba de fer el pes.* Éche un actor que non me acaba de dar xeito. *Haver de fer-ho així no em fa gens el pes.* Ter que facelo así non che me dá xeito ningún.

## PET

- **anar** [u.p.] **pet.** *l.v.:* ir / andar [u.p.] peneque / afumada / chumada / chuzas / chea / cargada / calcada / areada. *Amb dues birres ja va pet.* Con dúas birras xa vai cheo.
- **fer** [u.p./u.c.] **un pet com una gla.** *l.v.:* estoupar [u.p./u.c.] como (*ou coma*) un sapo. *Si no fas una mica de règim, acabaràs fent un pet com una gla.* Se non fas un pouco de réxime, vas estoupar como un sapo.
- **no aguantar-se** [u.p.] **els pets** (*ser molt vell, repapiejar*). *l.v.:* non poder [u.p.] coas zocas / cos pés. *Ja fa anys que aquell homenet no s'aguanta els pets.* Xa hai anos que ese homiño non pode coas zocas.
- **no saber aguantar-se** [u.p.] **un pet** (*ser un bocamoll*). *l.v.:* ser [u.p.] un cu aberto / unha agra aberta. *Cullera,*

*és que no et saps aguantar un pet!*  
Carballo, é que es un cu aberto!

- **no valer** [u.c.] **un pet de conill.** *l.v.:* non valer [u.c.] un rabo de can. *Aquella pel·lícula no valia un pet de conill.* Aquela película non valía un rabo de can.

## PEU

- **a peu.** *l.adv.:* a pé. *Els uns hi han anat a peu i els altres amb autobús.* Uns foron a pé e os outros no autobús.
- **a peu coix.** *l.adv.:* á perna manquiña. *Es van passar l'hora del pati fent curses a peu coix.* Pasaron o recreo botando carreiras á perna manquiña.
- **a peu dret** (dempeus). *l.adv.:* de pé. *Com que ja no hi havia cadeires lliures, vam haver de veure el concert a peu dret.* Como xa non había cadeiras libres, tivemos que ver o concerto de pé.
- **de cap a peus.** *l.adv.:* dos pés á cabeza / da cabeza aos pés. *Va arribar a casa xop de cap a peus.* Chegou á casa pingando dos pés á cabeza.
- **anar** [u.p.] **amb peus de plom.** *l.v.:* andar (*ou ir*) [u.p.] con pés de la / con pés de manteiga. *Per entrar-hi sense que ens vegin haurem d'anar amb peus de plom, que hi ha molta vigilància.* Para entrar sen que nos vexan teremos que ir cos pés de la, que hai moita vixilancia.
- **conèixer / saber** [u.p.] **de quin peu es dol** algú. *l.v.:* saber [u.p.] de que pé coxea / onde lle magoa / onde lle manca o zapato / o zoco a alguén. *No et preocupis que no ens la fotrà: sé molt bé de quin peu es dol.* Non teñas medo que non nola vai meter: ben sei onde lle manca o zoco.

- **ficar-se** [u.p.] **de peus a la galleda.** *l.v.:* meter [u.p.] o pé na argola / a zoca (até [ou ata] o pescozo). *Ja m'he tornat a ficar de peus a la galleda: no m'he recordat que la festa era sorpresa i l'hi he explicat.* Xa volví meter o pé na argola: non me lembrei de que a festa era sorpresa e díxenllo.
- **llevar-se** [u.p.] **amb el peu esquerre.** *l.v.:* erguerse / levantarse [u.p.] co pé esquerdo. *Aquest matí m'he llevat amb el peu esquerre.* Esta mañá erguinme co pé esquerdo.
- **no tenir** [u.c.] **ni cap ni peus.** *l.v.:* non ter [u.c.] pés nin cabeza. *L'argument d'aquella pel·lícula no té ni cap ni peus, no entenc per què em vas dir que hi anés.* O argumento daquela película non ten pés nin cabeza, non entendo por que me dixeches que fose.
- **parar** [u.p.] **els peus** a algú. *l.v.:* pórllle (*ou* poñerlle) [u.p.] couto / freo a alguén. *Si no li pares els peus, encara será pitjor.* Se non lle pos couto, aínda ha ser peor.
- **tenir** [u.p.] **un peu a la fossa / a la tomba.** *l.v.:* estar [u.p.] cos pés na cova / cun pé na cova. *No m'estranya que s'hagi mort: ja feia temps que tenia un peu a la fossa.* Non me estraña que morrese: xa había tempo que estaba cos pés na cova.

#### PILA

- **a piles.** *l.adv.:* a pote / a (ás) carradas / a fartar / á fartura / a varrer / a varrisco. *Hi ha préssecs a piles: en pots agafar tants com vulguis.* Hai pexegos a pote: podes levar todos os que queiras.

#### PINETELL

- **Pinetells i rovellons s'amaguen pels racons.** *prov.:* Sombra de lateiro, fungo da muña no abeiro.

#### PIU

- **no dir** [u.p.] **ni piu.** *l.v.:* non dar [u.p.] (un) chío / (un) pío. *És ben estrany, el teu amic: en tota l'estona no va dir ni piu.* É ben raro, o teu amigo: en todo o tempo non deu un chío.

#### PLAT

- **per un plat de lleties** (per ben poca cosa, per un preu molt baix). *l.adv.:* por un anaco de pan. *S'han venut el país per un tros de pa: amb aquesta classe política no es pot anar endavant.* Venderon o país por un anaco de pan: con esta clase política non se pode ir para diante.

#### PLEPA

- **ésser** (*o* ser) [u.p.] **una plepa.** *l.v.:* ser [u.p.] unha lendia. *El seu cosí, quin plepa: no te'l pots treure de sobre.* O seu curmán, que lendia: non o podes tirar de enriba.

#### PLOURE

- **fer** [u.p.] **com qui sent ploure.** *l.v.:* facer como (*ou* coma) quen oe chover. *No crec que faci el que li has demanat: sempre fa com qui sent ploure.* Non creo que faga o que lle pediches: sempre fai como quen oe chover.
- **Mai no plou a gust de tothom.** *prov.:* Nunca chove ao gusto de todos.
- **Plou i fa sol, les bruixes es pentinen.** *prov.:* Chove e vai sol, estanse a peitear as bruxas / Chove e vai sol, están as bruxas a peitearse.

## POC

- **Entre poc i massa.** fórm.: Nin tanto alá nin tanto acá. *Entre poc i massa! Li vam demanar que assumís les reivindicacions del poble, no que se n'apropiés i les exhibís com un mèrit personal!* Nin tanto alá nin tanto acá! Pedímoslle que asumise as reivindicacións do pobo, non que se apropiase delas e as exhibise como un mérito persoal!

## POLLEGUERA

- **fer sortir / treure** [u.c./u.p.] algú **de polleguera.** *l.v.:* pór (*ou* poñer) [u.c./u.p.] alguén fóra dos eixes (*ou* eixos). *No el vull ni veure: és tan saberut que em treu de polleguera.* Non o quero nin ver: é tan sabichón que me pon fóra dos eixos.

## POR

- **fer** [u.c./u.p.] **por** a algú. *col.:* dar / meter / pór (*ou* poñer) [u.c./u.p.] medo a alguén. *A la nit, qualsevol sorollet em fa por.* Pola noite, calquera ruidiño me mete medo.
- **ésser** (*o* ser) [u.p.] **de por.** *l.v.:* ser [u.p.] o demo. *Aquest nen és de por; no para de fer dolenteries.* Este neno é o demo: non para de facer trasnadas.

## PORC

- **A cada porc li arriba / li ve el seu sant Martí.** *prov.:* A cada porco chégalle o seu san Martiño / Cada porco ten o seu san Martiño.
- **Per sant Tomàs, agafa el porc pel nas.** *prov.:* Día de san Tomé, ao porco polo pé / Polo san Tomé, colle o porco polo pé.

- **Quan la carn ha de ser del llop, ella mateixa s'hi porta.** *prov.:* O porco que é para o lobo, non hai santo Antón que o garde.

## PORTAR

- **portar-se** [d.p.] **bé** (*entendre's*). *l.v.:* levarse [d.p.] ben / levarse como (*ou* coma) o pan e o leite. *Es porten la mar de bé, el teu pare i la meva mare, no trobes? Lévanse coma o pan e o leite, teu pai e miña nai, non che parece?*

## POTA

- **caure-hi** [u.p.] **de quatre potes.** *l.v.:* entrar [u.p.] á gaiola / na gaiola. *Mira que et vaig avisar que era una estafa, però tu hi has tornat a caure de quatre potes.* Mira que te avisei de que era unha estafa, pero ti volviches entrar á gaiola.
- **ficar** [u.p.] **la pota.** *l.v.:* meter [u.p.] a pata / o pé na argola / a zoca / a zoca até (*ou* ata) o pescozo. *No n'hi haves d'haver dit res: has ficat la pota.* Non lle tiñas que ter dito nada: metiches a pata.

## PRIMAVERA

- **tenir** [u.p.] **primaveres** (*anys*). *col.:* ter [u.p.] primaveras. *Té dinou primaveres.* Ten dezanove primaveras.

## PREGUNTA

- **a l'última pregunta** (*arruinat*). *l.adv.:* a pan pedir. *Li han robat tot el que tenia, l'han deixat a l'última pregunta.* Roubáronlle canto tiña, deixárono a pan pedir.

## PRÉSSEC

- **fer** [u.p.] **el préssec** (*fer el ridícul*). *l.v.*: pintar / facer [u.p.] o parvo / o pampo / o pimpín. *La intenció era bona, però em fa l'efecte que hem fet el préssec.* A intención era boa, pero dáme a impresión de que pintamos o parvo.

## PROFIT

- **Bon profit et faci!** *fórm.*: Que che preste!

## PROMETRE

- **prometre** [u.p.] **el món i la bolla / la Bíblia (en vers) / la lluna en un cove** a algú. *l.v.*: prometer [u.p.] montes e moreas a alguén / mundos e fundos / mundos e parafundos. *Li va prometre el món i la bolla, si es casava amb ell.* Prometeulle montes e moreas se casava con el.

## PUNTA

- **a punta de día.** *l.adv.*: á cantada do galo / ao abrir / rañar / romper o día. *Em vaig llevar a punta de dia perquè tenia molta feina.* Levanteime á cantada do galo porque tiña moito que facer.

## PUNYETA

- **Vés / vés-te'n a fer punyetes!** *fórm.*: Vaina rañar! / Vai rañala (por aí)! *Un altre cop amb la mateixa cançoneta? Vés-te'n a fer punyetes!* Outra vez co mesmo conto? Vai rañala por aí!
- **enviar** (o **engegar**) [u.p.] **algú a fer punyetes.** *l.v.*: mandar [u.p.] a alguén á boria / a buscar herba para a bicicleta / aos biosbardos. *Vam intentar estar-nos-en, però el vam acabar engegant a fer punyetes.* Tentamos evitalo, pero acabamos mandándoo aos biosbardos.

## QUART

- **no tocar** [u.p.] **(ni) quarts ni hores.** *l.v.*: non estar [u.p.] no seu acordo / non rexe [u.p.] ben / non ter [u.p.] os cinco sentidos ben asentados. *D'ençà de l'accident que em fa l'efecte que no toca pas ni quarts ni hores.* Despois do accidente, dáme a impresión de que non rexe ben.

## RAIG

- **a raig / a raig fet.** *l.adv.*: ás cuncas / a Deus dar / a Cristo dar. *Tota la tarda que va caure aigua a raig.* Durante toda a tarde caeu auga a Cristo dar.

## RÀPID, -A

- **ràpid com un llamp.** *l.adj.*: rápido / breve / veloz como (*ou coma*) centellas / como un corisco / como unha centella. *Aquest gos és ràpid com un llamp, sempre guanya totes les curses.* Este can é rápido coma unha centella, gaña sempre todas as carreiras.

## RAS

- **clar i ras / ras i curt / tot ras.** *l.adv.*: ás claras. *T'ho diré ras i curt: no em caus gens bé i no vull saber res de tu.* Voucho dicir ás claras: non me caes nada ben e non quero saber nada de ti.

## RAVE

- **importar** [u.c.] **un rave** a algú. *l.v.*: importar [u.c.] un carallo / un farrapo de gaita / un fento / unha landra / unha mincha / un pataco / un rabo de can a alguén. *M'importa un rave, que em trobis a faltar: haver-t'ho rumiat abans.* Impórtame unha landra, que me botes de menos: pensáralo antes.

- **no valer** [u.c.] **un rave**. *l.v.*: non valer [u.c.] un carallo / unha cadela / unha landra / unha mincha / un pataco. *Aquest menú no val un rave, a casa hauré de tornar a dinar.* Este menú non vale un carallo, na casa vou ter que volver xantar.

#### REBECA

- **fer** [u.p.] **una rebeca**. *l.v.*: botar [u.p.] unha sonada / unha soneca. *Com que se'm tancaven els ulls, vaig fer una rebeca.* Como se me pechaban os ollos, botei unha soneca.

#### REM

- **ficar** [u.p.] **el rem**. *l.v.*: meter [u.p.] a pata / a zoca (até (*ou* ata) o pescozo) / o pé na argola. *No n'hi havies d'haver dit res: has ficat el rem.* Non lle tiñas que ter dito nada: metiches a pata.

#### RENOU

- **fer** [u.p./u.c.] **renou**. *l.v.*: meter [u.p./u.c.] balbordo. *No facis renou, que em distreus.* Non metas balbordo, que me distraes.

#### RES

- **no fer** [u.p.] **res de bo** (*no prosperar; no sortir-se'n en una situació difícil*). *l.v.*: non saír [u.p.] do día en que naceu. *D'ençà que es va divorciar que no ha fet res de bo.* Desde que se divorciou non saíu do día en que naceu.

#### REÜLL

- **de reüll**. *l.adv.*: de esguello / de enxergo / ao biés. *Em mirava de reüll, pensant-se que no me n'adonava.* Miraba para min de esguello, pensando que non me decatava.

#### RIURE

- **caragolar-se / desfer-se / desllorigar-se / partir-se / petar-se / pixar-se** [u.p.] **de riure**. *l.v.*: escarallarse / esmendrellarse / mexarse [u.p.] coa risa / da risa. *Cada cop que obre la boca, la resta de comensals es deslloriguen de riure.* Cada vez que abre a boca, o resto de comensais escarállanse coa risa.

- **fer-se** [u.p.] **un tip de riure**. *l.v.*: rir [u.p.] ás cachas / ás cachizas / ás gargalladas. *La veritat és que mirant aquesta sèrie et fas un tip de riure.* A verdade é que vendo esta serie ris ás cachizas.

- **riure** [u.p.] **pels colzes / per les butxaques**. *l.v.*: rir [u.p.] ás cachas / ás cachizas / ás gargalladas. *Encara ric pels colzes, recordant la nit que vas caure al riu.* Aínda río ás gargalladas lembrando a noite que caíches ao río.

#### ROBA

- **haver-hi roba estesa**. *l.v.*: haber zocas debaixo da cama / roupa ao sol / roupa estendida. *Ara no t'ho puc dir que hi ha roba estesa.* Agora non cho podo dicir que hai zocas debaixo da cama.

#### RONYÓ

- **costar** (o **valer**) [u.c.] **un ronyó**. *l.v.*: custar [u.c.] os ollos da cara / os dentes da boca / sete mundos. *Però com t'ho has fet per comprar-te aquesta bossa? Si val un ronyó!* E logo como fixeches para mercar este bolso? Sei que custa os ollos da cara!

## RUC, -A

- **ésser (o ser) [u.p.] más ruca que feta d'encàrrec / que un sabatot.** *l.v.:* ser [u.p.] máis parva ca pouco / que os pelos do cu. *Aquest gat és més ruc que fet d'encàrrec: ja l'han atropellat tres cops, però ell continua travessant la carretera pel revolt.* Este gato é máis parvo que os pelos do cu: xa o atropelaron tres veces, pero el segue a cruzar a estrada pola curva. *No en farem res, d'aquest vailet: és més ruc que un sabatot.* Non hai nada que facer con este raparigo: é máis parvo ca pouco.

## RUIX

- **a ruix.** *l.adv.:* ao chou. *Els espinacs se sembren a ruix i, un pic broten, cal aclarir-los.* As espinacas seméntanse ao chou e, así que brotan, hai que rarealas.

## SABATA

- **amb una sabata i una espardenya.** *l.adv.:* cunha man diante e outra atrás. *Vam emigrar amb una sabata i una espardenya, però ens en vam sortir.* Emigramos cunha man diante e outra atrás, pero fomos para diante.
- **pixar-se [u.p.] a la sabata.** *l.v.:* non poder [u.p.] coas zocas / cos pés. *Ja fa temps que el professor, fa uns anys tan brillant, es pixa a la sabata: són coses de l'edat.* Xa hai tempo que o profesor, tan brillante uns anos aí atrás, non pode coas zocas: sonche cousas da idade.

## SALAT

- **fer [u.p.] salat (fer tard).** *l.v.:* non dar [u.p.] chegado a algures. *Val més que ens*

*afanyem, o farem salat.* Máis vale que apuremos, ou non damos chegado.

## SÀTRAPA

- **viure [u.p.] com un sàtrapa.** *l.v.:* vivir [u.p.] como (*ou coma*) un maraxá. *Des que va traspasar el negoci i es va jubilar que viu com un sàtrapa.* Desde que traspasou o negocio e se xubilou vive coma un maraxá.

## SEMALADA

- **a semalades (ploure).** *l.v.:* a cachón / a caldeiros / a canados / a regos / ás caldeiradas / ás cuncas / coma quen envorca. *Al cap de cinc minuts de sortir ha començat a ploure a semalades i he hagut de tornar a agafar el paraigua.* Aos cinco minutos de saír comezou a chover a cachón e tiven que dar volta para vir coller o paraugas.

## SENTIT

- **costar [o valer] [u.c.] un sentit.** *l.v.:* custar [u.c.] os ollos da cara / os dentes da boca / sete mundos. *Però com t'ho has fet per comprar-te aquesta bossa? Si costa un sentit! E logo como fixeches para mercar este bolso? Sei que custa os ollos da cara!*

## SENY

- **perdre [u.p.] el seny.** *l.v.:* perder [u.p.] o siso. *De vegades, quan hom està enamorat, perd el seny i fa coses que no hauria de fer.* Ás veces, cando un está namorado, perde o siso e fai cousas que non debería facer.
- **posar [u.p.] seny.** *l.v.:* apousentar / asentar [u.p.] a cabeza. *Després de molts anys fent animalades, sembla que ha posat seny.* Despois de moitos

anos facendo animaladas, parece que asentou a cabeza.

#### SEU, SEVA

- **anar** [u.p.] **a la seva**. *l.v.*: andar [u.p.] ao seu. *Va a la seva, la resta no li importa*. Anda ao seu, o resto non lle importa.

#### SI

- **per si mateix**. *l.adv.*: de seu / por el mesmo. *Tot i que no s'hi veu gaire, es val per si mateix*. Aínda que non ve moito, válese de seu.

#### SOBEC

- **fer** [u.p.] **un sobec**. *l.v.*: botar [u.p.] unha sonada / unha soneca. *Estic cansat: me'n vaig a fer un sobec*. Estou canso: vou botar unha soneca / unha sonada.

#### SOGA

- **veure's** [u.p.] **amb la sogal coll**. *l.v.*: estar [u.p.] co barazo / coa auga / coa corda ao pescozo. *El vam haver d'ajudar perquè ja es veia amb la sogal coll*. Tivemos que lle axudar porque estaba co barazo ao pescozo.

#### SON

- **tenir** [u.p.] **son**. *col.*: ter [u.p.] sono. *Tinc molta son, així que me'n vaig a jeure*. Teño moito sono, así que voume deitar.
- **agafar** [u.p.] **el son**. *l.v.*: prender [u.p.] no sono. *Després de donar moltes voltes, finalment, va agafar el son*. Despois de dar moitas voltas, por fin prendeu no sono.
- **agafar son** a algú. *l.v.*: dar / pegar o sono [a alguén]. *Va parar perquè li agafava son*. Parou porque lle pegaba o sono.

- **caure** [u.p.] **de son**. *l.v.*: caer [u.p.] co sono / de sono. *És millor que la posem al bressol, que cau de son*. É mellor que a poñamos no berce, está caendo de sono.

#### SOPA

- **com una sopa / feta una sopa**. *l.adv.*: como (ou coma) o viño / un can / un pelello / unha prea. *Sempre que s'ajunta amb els antics companys de l'institut acaba la nit borratxo com una sopa*. Sempre que se xunta cos antigos compañeiros do instituto acaba a noite borracho coma un pelello.

#### SOU

- **Per quins cinc sous / set sous.... fórm.**: Por que carga de auga... / por que carga de allos... / a que ton... / a que son... *I per quins set sous se suposa que t'ho hauria de dir, això, a tu?* E por que carga de auga se supón que cho tería de dicir, iso, a ti?

#### SORTIR

- **sortir-se'n** [u.p.] 1 (*d'una situació difícil*). *l.v.*: saír [u.p.] adiante. *Tot i que semblava impossible, al final se'n va sortir i va poder tornar a fer vida normal*. Aínda que parecía imposible, ao final saíu adiante e puido volver levar unha vida normal. | 2 (*enfer una petita feina*): darlle [u.p.] un xeito a algo. *No sap planxar gaire, però encara se'n surt*. Pasar o ferro moito non sabe, pero aínda lle dá un xeito.

#### SURO

- **ésser (o ser)** [u.p.] **un suro**. *l.v.*: ser [u.p.] unha torda (ou un torda). *És un suro, no s'adona que només el volen fer enrabiar*. É un torda, non se decata de que só o queren facer rabiar.



## TALL

- **venir** [u.c.] **a tall**. *l.v.*: vir [u.c.] ao caso / a rego / a tergo / a xeito / ao xeito. *T'ho expliclo després, que ara no ve a tall*. Cóntocho despois, que agora non vén ao caso.

## TAP

- **ésser** (*o ser*) [d.p.] **tap i carbassa**. *l.v.*: ser [d.p.] uña e carne / carne e uña / carne e sangue. *Eren tap i carbassa, però ara no es parlen*. Eran uña e carne, pero agora non se falan.

## TAULA

- **asseure's / posar-se** [u.p.] **a taula**. *l.v.*: sentarse [u.p.] á mesa. *Quan els pares van haver arribat de treballar, es van asseure tots a taula*. Cando os pais chegaron de traballar, sentáronse todos á mesa.

## TELA

- **haver-hi tela per tallar / tenir** [u.p.] **tela per a estona** (per acabar alguna cosa, perquè canviï una situación). *l.v. imp.*: haber carabela. *Van començar les obres fa cinc anys i encara tenen tela per a estona*. Comezaron as obras hai cinco anos e aínda che hai carabela.

## TEMPS

- **haver-n'hi per temps**. *l.v. imp.*: ir [u.c.] para tempo. *Ens en sortirem aviat o n'hi haurà per temps? És que no crec que pugui seguir gaire més així*. Imos saír desta axiña ou vai para tempo? É que non creo que poida continuar moito máis así.

## TENTINES

- **fer** [u.p.] **tentines**. *l.v.*: facer [u.p.] cambelas. *Com que havia begut*

*massa, se'n va anar cap a casa fent tentines*. Como bebera de máis, marchou para a casa facendo cambelas.

## TERCERA

- **La tercera és la bona**. *prov.*: Ás tres, hai vez.

## TOCAR

- **no tocar** [u.p.] **pilota**. *l.v.*: non acertar [u.p.] unha / non facer [u.p.] cousa con cousa. *Mira que hi havia proves fàcils, però no va tocar pilota: al final va quedar l'última*. Mira que había probas doadas, pero non acertou unha: ao final quedou a última.
- **tocar** [u.p.] **el botet / el crostó / el que no sona / el voraviu** a algú. *l.v.*: tocar [u.p.] o nabizo / a zanfona / o corno a alguén. *Deixa'l estar: que no veus que només ho fa per tocar el botet?* Déixao: e logo non o ves, que o fai só por tocar o nabizo?
- **tocar** [u.p.] **el dos**. *l.v.*: levantar [u.p.] os tarecos / levantar (o) campamento. *A les dues en punt toquen el dos: no els hi trobaràs mai cinc minuts més tard*. Ás dúas en punto levantan os tarecos: de alí a cinco minutos xa non os vas encontrar nunca.
- **tocar** [u.p.] **el pirandó**. *l.v.*: tocar [u.p.] a catcha / sacar [u.p.] o formigo dos pés / chamar [u.p.] aos pés compañeiros. *Quan va entrar al bar i els va veure lligant a la barra, va decidir que era millor tocar el pirandó*. Cando entrou no bar e viunos alí na barra a mocear, decidíu que mellor lle era sacar o formigo dos pés.

## TOIX, -A

- **ésser** (*o ser*) [u.p.] **toixa**. *l.v.*: ser [u.p.] unha torda (*ou un torda*). *Mira que és toixa, li has de repetir les coses cinquanta vegades*. Mira que é torda, tes que lle repetir as cousas cincuenta veces.

## TOMB

- **venir** [u.c.] **a tomb**. *l.v.*: vir [u.c.] ao caso / a rego / a tergo / a xeito / ao xeito. *T'ho explico després, que ara no ve a tomb*. Cóntocho despois, que agora non vén ao caso.

## TORTUGA

- **a pas de tortuga**. *l.adv.*: a paso de boi. *Va recórrer tot el camí a pas de tortuga*. Percorreu todo o camiño a paso de boi.

## TOTXO, -A

- **ésser** (*o ser*) [u.p.] **una totxa** (*o un totxo*). *l.v.*: ser [u.p.] unha torda (*ou un torda*). *És un totxo, no hi ha manera que s'apregui la lliçó*. É un torda, non hai maneira de que aprenda a lección.

## TRAÇA

- **tenir** [u.p.] **traça** (*fent alguna cosa, emprant una eina*). *col.*: dar [u.p.] xeito a algo / ter [u.p.] xeito. *Té molta traça a fer vestits, és un gran sastre*. Ten moito xeito facendo traxes, é un gran xastre.
- **fer** [u.p.] alguna cosa **amb traça**. *l.v.*: dar [u.p.] xeito a algo. *Mena la màquina ella sola i ho fa amb molta traça*. Leva a máquina ela soa e dálle moito xeito.
- **Més val traça que força**. *prov.*: Máis vale habelencia que forza sen ciencia.

## TRACTAR

- **tractar** [u.p.] **algú com un gos**. *l.v.*: tratar [u.p.] alguén como (*ou coma*) un can. *Em tracta com un gos, sempre a crits i empentes*. Trátame coma un can, sempre aos berros e aos empurróns.

## TRENC

- **a trenc d'alba**. *l.adv.*: á cantada do galo / ao abrir / raiar / romper o día. *Em vaig llevar a trenc d'alba perquè tenia molta feina*. Levanteime á cantada do galo porque tiña moito que facer.

## TRES

- **Tres són curtes i quatre són llargues**. *prov.*: Nin tanto “arre” que fuxa nin tanto “xo” que pare.

## TRET

- **sortir el tret per la culata** a algu. *l.v.*: saír a conta furada / as contas furadas a alguén. *Jo no m'hi arriscaria, no fos cas que et sortís el tret per la culata*. Eu non me arriscaría, non sexa que che saian as contas furadas.

## TRIGAR

- **trigar** [u.p./u.c.] **anys i panys** (*molt de temps*). *l.v.*: tardar [u.p./u.c.] os inquirios. *Van trigar anys i panys a declarar la zona parc natural, però al final ho van fer*. Tardaron os inquirios en declarar a zona parque natural, mais ao final fixérono.

## ULLADA

- **donar** [u.p.] **una ullada** a alguna cosa. *l.v.*: dar / botar [u.p.] unha ollada / unha olladela a algo. *Deixa'm l'article damunt la taula que més tard vull donar-hi una ullada*. Déixame o

artigo enriba da mesa que máis tarde hei de lle botar unha ollada.

## ULL

- **a ull / a bell ull.** *l.adv.:* a ollo. *Així, a ull, diría que hi deu haver unes mil persones.* Así, a ollo, diría que debe haber unhas mil persoas.
- **a ulls clucs.** *l.adv.:* a pechaollos / a fechaollos. *Faría el que em demanés a ulls clucs.* Faría o que me pedise a fechaollos.
- **en un batre d'ulls / en un girar d'ulls / en un tancar (i obrir) d'ulls.** *l.adv.:* nun chiscar de ollos / nun virar de ollos / nun volver de ollos. *Fa tot el que li demano en un tancar i obrir d'ulls.* Fai todo o que lle pido nun chiscar de ollos.
- **clavar / posar [u.p.] els ulls en algú / en / damunt alguna cosa.** *l.v.:* botar [u.p.] o ollo a alguén / a algo. *Des que va posar els ulls en aquella noia que no pensa en res més.* Des que lle botou o ollo a aquela rapaza non pensa en máis nada.
- **costar [u.c.] un ull (de la cara).** *l.v.:* custar [u.c.] os ollos da cara / os dentes da boca / sete mundos. *Però com t'ho has fet per comprar-te aquesta bossa? Si costa un ull de la cara!* E logo como fixeches para mercar este bolso? Sei que custa os dentes da boca!
- **donar / fer [u.p.] un cop d'ull** a alguna cosa. *l.v.:* dar / botar [u.p.] unha ollada / unha olladela a algo. *Deixa'm l'article damunt la taula que més tard hi faré un cop d'ull.* Déixame o artigo enriba da mesa que máis tarde lle hei botar unha ollada.
- **menjar-se [u.p.] algú / alguna cosa amb els ulls.** *l.v.:* comer [u.p.] alguén / algo cos ollos. *Per més que ho intentava no es podia estar de mirar-se'l: se'l menjava amb els ulls, quan el tenia a la vora.* Por máis que o intentaba non podía deixar de miralo: comíao cos ollos cando o tiña á beira.
- **no poder [u.p.] aclucar l'ull / els ulls.** *l.v.:* non pechar / fechar [u.p.] ollo. *No vaig poder aclucar l'ull en tota la nit.* Non puiden fechar ollo en toda a noite.
- **no perdre [u.p.] d'ull** algú. *l.v.:* non sacarlle / tirarlle [u.p.] o ollo a algo / a alguén. *M'han contractat perquè no el perdi d'ull i és el que penso fer.* Contratáronme para que non lle tirase o ollo e é o que penso facer.
- **no treure [u.p.] els ulls de sobre** a algú / a alguna cosa. *l.v.:* non sacarlle / tirarlle [u.p.] o ollo a algo / a alguén. *M'han contractat perquè no li tregui els ulls de sobre i és el que penso fer.* Contratáronme para que non lle tirase o ollo e é o que penso facer.
- **obrir [u.p.] els ulls.** *l.v.:* abrir [u.p.] os ollos. *Sembla que després de molt de temps negant-se a acceptar la realitat, ha obert els ulls i s'ha adonat que l'enganyaven.* Parece que despois de moito tempo negándose a aceptar a realidade, abriu os ollos e decatouse de que o enganaban.
- **obrir [u.c./u.p.] els ulls** a algú. *l.v.:* abrírlle [u.c./u.p.] os ollos a alguén. *A la fi vam aconseguir obrir-li els ulls i que s'adonés que vivia enganyat.* Por fin conseguimos abrírlle os ollos e que se decatase de que vivía enganado.
- **tenir [u.p.] ull.** *l.v.:* ter [u.p.] ollo. *Té molt ull, per aquestes coses: al cap d'un*

*moment de conèixer algú ja sap si se'n pot refiar o no. Ten moito ollo para estas cousas: ao momento de coñecer alguén xa sabe se se pode fiar del ou non.*

#### ULLET

- **fer / picar** [u.p.] **l'ullet** a algú. *l.v.*: chiscarlle [u.p.] o ollo a alguén. *Sempre que passo per davant seu em pica l'ullet: i si li agrado? Sempre que paso por diante dela me chisca o ollo: e se lle gusto?*

#### VELL, -A

- **ésser (o ser)** [u.p.] **més vella que Adam / que Matusalem / ser** [u.c.] **més vella que cagar ajupit / que el mal pa /**

**que el pixar a terra / que l'escopir a terra / que l'anar a peu / que l'arna / que la picor.** *l.v.*: ser [u.p.] máis vella que (*ou ca*) Adán / que Matusalén / ser [u.c.] máis vella que a sarna / que a catedral de Compostela / que a torre de Hércules / que andar a pé / que o aceite con vinagre / que o aceite nas tendas / que o meu chapeu / que os camiños / que un carballo vello. *El truc que ens ha ensenyat és més vell que l'anar a peu, però continua sent impressionant, oi? O truco que nos ensinou é máis vello que andar a pé, pero continúa sendo impresionante, non si?*

## 5. Conclusións

O establecemento das equivalencias fraseolóxicas entre unha lingua e outra non é unha tarefa doada ou, cando menos, non o foi entre a lingua galega e a catalá ao longo da elaboración deste artigo. É necesario ter o máximo coñecemento da fraseoloxía das dúas linguas, para o que foi preciso consultar moitas fontes bibliográficas, algunhas delas novas para os autores e outras xa coñecidas mais que cumpría revisar. O achado de novas UUFF que non se tiveran previamente en consideración fixo que constantemente houbera unha relectura e unha reformulación das novas opcións posibles con significado semellante e unha análise dos contextos, para escoller aquelas que se correspondesen coa máxima equivalencia formal e semántica e na maior variedade de contextos de uso. A procura dese coñecemento exhaustivo, a análise da nova información e a revisión do xa establecido até o momento fixeron que o proceso para atinxir a correspondencia adecuada entre as UUFF das dúas linguas non fose branco e migado.

A arbitrariedade das linguas engade tamén certa dificultade á tarefa de establecer esas equivalencias, no sentido de que ás veces non é doado atopar unha correspondencia única. Unha UF pode ter matices diversos nunha lingua que impliquen o uso de diferentes UUFF na outra lingua. No que respecta a este artigo, isto comportou maior traballo de análise e reflexión para poder achegar varias solucións satisfactorias para os diferentes matices e contextos de uso (lémbrese o caso, por exemplo, das correspondencias galegas para a fórmula catalá *Déu n'hi do* ou *Déu n'hi doret*).

Por outro lado, do punto de vista lexicográfico, pensádomos nun proxecto de dicionario xeral bilingüe (non só fraseolóxico) e pensádomos tamén nunha persoa usuaria cun nivel medio de coñecementos sobre a lingua, a elaboración deste artigo levounos a concluír que sería aceptable non presentar algunhas UUFF baixo unha única entrada, senón presentalas en varias entradas. Coidamos que do punto de vista práctico sería mesmo aconsellable. Esta idea xurdiu ao debatermos se sería máis idóneo incluírmos *comer como unha frieira* na entrada “comer” (é unha locución verbal e equivale a “comer dunha maneira determinada”) ou na entrada “frieira” (para os usuarios pode ser tanto ou máis útil atopala nestoutra entrada, ben por lembraren só este substantivo da UF, ben porque desexasen coñecer información semántica ou expresiva que estea referida ou que inclúa “frieira”). O mesmo poderíamos pensar con outros exemplos, como por exemplo *quen moito enfeixa pouco ata* (na entrada “enfeixar” ou na entrada “atar”) ou *ésser negre com gola de llop* (na entrada “negre”, na entrada “llop” ou na entrada “gola”).

Por último, tamén a modo de conclusión, queremos salientar que este traballo nos levou a unha redescuberta da riqueza expresiva das nosas linguas e a sermos máis conscientes da necesidade de termos medios que poñan este tesouro ao dispor da sociedade usuaria de maneira clara (no que atinxe ao seu uso) e doada (no que atinxe ao modo de achar estes recursos).

## 6. Referencias bibliográficas

- ABRIL, Joan (1996): *Diccionari de Frases Fetes Català-Castellà, Castellà-Català*. Barcelona: Edicions 62.
- ALCOVER, Antoni María e MOLL, Francesc de Borja (1926-1962): *Diccionari català-valencià-balear*, I-X. Editorial Moll, Palma.
- BALBASTRE, Josep (1977): *Nou recull de modismes i frases fetes català-castellà / castellà-català*. Barcelona: Ed. Pòrtic.
- COLECTIVO MANUEL LEIRAS PULPEIRO (2000): *Diccionario fraseolóxico galego*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- CONCA, Maria (1998): “Os estudos de fraseoloxía catalana: realidades e proxectos” en FERRO, Xesús (ed.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Xunta de Galicia; 139-167.
- CONDE, Germán (2001): *Diccionario de refráns*. Vigo: Editorial Galaxia.
- CORPAS, Gloria e MORVAY, Károly (2002): “Los estudos de fraseología y fraseografía en la Península Ibérica (Breve presentación y orientación bibliográfica)” en *Annales Universitatis Scientiarum Budapestinensis de Rolando Eötvös Nominatae*, Sectio Linguistica XXV; 165-184.
- Diccionari Anglès-Català*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1983.
- Diccionari Castellà-Català*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1985.
- Diccionari Català-Anglès*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1986.
- Diccionari Català-Castellà*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1987.
- Diccionari Català-Hongarès*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1990.
- Diccionari Català-Portuguès*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1989.
- Diccionari de la Llengua Catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1982.
- Diccionari Hongarès-Català*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1996.
- Diccionari Portuguès-Català*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1985.
- Diccionari de frases fetes, refranys i locucions, amb l'equivalència en castellà*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 2000.
- ESPINAL, María Teresa (2004): *Diccionari de sinònims de frases fetes*. Barcelona / València: Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona / Publicacions de la Universitat de València / Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- FABRA, Pompeu (1932): *Diccionari General de la Llengua Catalana*. Barcelona: EDHASA, 1977<sup>16</sup>.
- Gran diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1998.
- FERRO, Xesús (2006): “Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 8, 2006; 179-264.
- (2007): “Cando chove e dá o sol... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 9, 2007; 67-94.
- GROBA, Fernando (2010): “A caballo regalado non se lle mira o dente. Compilación da fraseoloxía equina galega actual” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 12, 2010; 317-372.

- HAENSCH, Gunther (1997): *Los diccionarios del español en el umbral del siglo XXI*. Salamanca: Ediciones de la Universidad de Salamanca.
- INSTITUT D'ESTUDIS CATALANS (1995): *Diccionari de la Llengua Catalana*. Barcelona / Palma / València: Edicions 62 / Moll / Edicions 3 i 4.
- INSTITUT D'ESTUDIS CATALANS (2009<sup>2</sup>): *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Edicions 62.
- LÓPEZ, Carme e SOTO, María Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. A Coruña: Galinova.
- (2008): *Diccionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Edicións Xerais.
- MORVAY, Károly (1995): “Problemes de fraseoloxía i fraseografía catalanes” en *Caplletra* 18, 1995; 211-220.
- (2004a) “Notas sobre fraseoloxía comparada” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 6, 2004; 159-168.
- (2004b): “Por unha metafraseografía peninsular” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 6, 2004; 169-189.
- OTERO, Aníbal (1977): “Vocabulario de San Jorge de Piquín” en *Verba* (anexo 7).
- PENA, Xosé Antonio (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*. Vigo: Edicións do Cumio.
- (2011): *Diccionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego*. Santiago de Compostela: Meubook.
- PENÍN, Dorinda (2008): “Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 10, 2008; 255-264.
- PERRAMON, Sever (1979): *Proverbis, dites i frases fetes de la llengua catalana*. Barcelona; Editorial Millà. Col·lecció «Llengua viva», núm. 2.
- PLA, Josep (1966): *El quadern gris. Un dietari*. Barcelona: Destino.
- RASPALL, Joana; MARTÍ, Joan (1984): *Diccionari de Locucions i de Frases Fetes*. Barcelona: Edicions 62.
- RIVAS, Francisco (2005): *Diccionario fraseolóxico do mar*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- RODRÍGUEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Editorial Galaxia.
- RODRÍGUEZ-VIDA, Susana (1997): *Diccionari Temàtic de Modismes*. Barcelona: Edicions 62.
- RUIZ, Leonor (1997): “Aspectos de fraseología teórica española” en *Cuadernos de Filología*. Anejo 24, 1997. Valencia: Universitat de València.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón L. (coord.) (2006-2012): *Diccionario de diccionarios* [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>].
- SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia e RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar.
- SOTO, María Rosario (2003): “Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán castelán-galego” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 3, 2003. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 347 páxs.

- TORRAS, Josep *et al.* (1998): *Gran diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana.
- TORRENT-LENZEN, Aina (2007): “El *Diccionario español-alemán de fraseologismos idiomáticos* de Colonia: un proyecto en curso” en *Estudis Romànics XXIX*; 279-289.
- (2008c): “El proyecto *Diccionario de locuciones español-alemán* de Colonia: una presentación” en *Actas del II Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica*. Alacant: Universitat d’Alacant, CD-ROM.
- (2009): “Lema, categoría e “definiens” na fraseografía monolingüe do español e bilingüe español-alemán” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 11, 2009; 229-256.
- (2010): “La exemplificación fraseográfica en el proyecto *Diccionario español-alemán de fraseologismos idiomáticos* de Colonia/Hamburgo” en AYALA, Marta C. e MEDINA GUERRA, Antonia M. (eds.): *Diversidad lingüística i diccionario*. Málaga: Universidad de Málaga; 373-395.
- VARELA, Fernando e KUBARTH, Hugo (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos.
- VÁZQUEZ, Francisco (2003): “Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 5, 2003. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 1067 páxs.
- WOTJAK, Gerd (1998): “Cómo tratar las unidades fraseológicas (UF) en el diccionario” en WOTJAK, Gerd (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Frankfurt am Main / Madrid: Vervuert / Iberoamericana; 307-321.